

A INVESTIGACIÓN NO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA NO SÉCULO XX

PEDRO LÓPEZ GÓMEZ



XUNTA DE GALICIA

**A INVESTIGACIÓN NO ARQUIVO
DO REINO DE GALICIA NO SÉCULO XX**

Pedro López Gómez

XUNTA DE GALICIA

2018

Edita: Xunta de Galicia

Consellería de Cultura e Turismo

Conselleiro: Román Rodríguez González

Director xeral de Políticas Culturais: Anxo M. Lorenzo Suárez

Autor: Pedro López Gómez. Ex-director do Arquivo do Reino de Galicia.

Catedrático en Biblioteconomía e Documentación.

Profesor honorario da UDC.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2018

Xestión Editorial: Eseuno Solución, S.L.

Deseño e Maquetación: Estudio Heminio Martínez

Tradución ao galego: Rosa Vaamonde Fandiño

Fotografías da capa: © Herminio Martínez [2018]

D.L. C1905-2018

DEDICATORIA

Á miña muller, Amalia, a quen roubei moitas horas para lles dedicar ao ARG

AGRADECIMENTOS

Agradezo a Gabriel Quiroga a lectura deste traballo e as súas acertadas indicacións, especialmente en cuestións lexislativas. Así mesmo, agradezo a súa atención ao persoal do Arquivo do Reino de Galicia, da Biblioteca de Estudos Locais da Coruña e da Biblioteca do Patín, da Universidade da Coruña, na utilización de documentos arquivísticos e bibliográficos en papel, electrónicos e en microfilme, imprescindibles para esta obra. E tamén aos diversos investigadores que me achegaron datos sobre os seus traballos en relación co ARG.

INTRODUCCIÓN	7
NOTA ACLARATORIA.....	9
1. AS FONTES E O SEU ACCESO	13
1.1. O ARG E A EVOLUCIÓN CUANTITATIVA DOS SEUS FONDOS E COLECCIÓN.....	14
1.1.1. Orixe e crecemento. Recollida de documentos	14
1.1.2. Expurgacións e outras destrucións de documentos	16
1.1.3. Cuantificación dos fondos e coleccións	18
1.2. O ACCESO LEGAL ÁS FONTES	21
1.2.1. Réxime e foro privativo do ARG	22
1.2.2. Carácter do ARG: xeral e provincial, xudicial, administrativo e histórico	22
1.2.3. O acceso aos documentos. Identificación e acreditación. Tarxetas de investigador e pases temporais.....	24
1.3. O ACCESO INTELECTUAL ÁS FONTES.....	26
1.3.1. A organización e os cadros de clasificación	26
1.3.2. Os instrumentos de descripción. A súa edición e informatización	28
1.3.3. A Escola Taller de Arquivos do ARG	34
1.4. O ACCESO MATERIAL ÁS FONTES	35
1.4.1 Os locais e salas de consulta.....	35
1.4.2. Os horarios. O persoal	35
1.4.3. O servizo de copias e reproducións.....	36
2. AS FONTES E A SÚA EXPLOTACIÓN	37
2.1. OS INVESTIGADORES E OUTROS USUARIOS	38
2.1.1. A evolución do número de usuarios	38
2.1.2. Tipos de usuarios	40
2.2. TEMAS INVESTIGADOS E FONTES UTILIZADAS.....	41
2.2.1. Interese dos documentos da Real Audiencia para a investigación.....	42
2.2.2. O interese do conxunto de fondos e coleccións do ARG para a investigación	45
= Cultura	46
= Historia do derecho e das institucións	47
= Economía e sociedade	50
= Política, guerra e administración	52
= Ciencia e técnica.	54
= Belas artes	55
= Biografías	57
= Xeografía. Cartografía	58
= América	61
2.2.3. O control dos temas investigados	61
2.3. A UTILIZACIÓN DOS DOCUMENTOS: A CONSULTA.....	62

3. O RESULTADO DA EXPLOTACIÓN DAS FONTES. A SÚA VALORACIÓN	65
3.1. A PUBLICACIÓN DAS INVESTIGACIÓNS	65
3.2. A LOCALIZACIÓN E REFERENCIA DAS PUBLICACIÓNS	66
3.3. A INVESTIGACIÓN NO ARG NO CONTEXTO DA HISTORIOGRAFÍA GALEGA DO S. XX .	67
3.3.1. A historiografía ata a Guerra Civil	67
3.3.2. A historiografía galega desde 1936	68
= Os sesenta	68
= Os setenta	69
= Os oitenta-noventa	70
3.4. AS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN MÁIS SIGNIFICATIVAS NO ARG	74
3.4.1. A historia e as ciencias auxiliares más tradicionais. A arquivística renovada.....	74
1º. Diplomática e arquivística. Estudo e edición de fontes documentais.	74
2º. Outras ciencias auxiliares.....	85
3.4.3. A historia moderna	93
1º. O arranque. Os xeneralistas da historia.....	93
2º. A historia rural, historia agraria, historia económica e social	97
3º. A historia económica.....	107
4º. Historia das institucións, historia política	110
5º. A historia militar	119
3.4.4. A historia contemporánea.....	121
3.4.5. Outras liñas de investigación.....	127
1º. Os historiadores da cultura, a arte e o pensamento.....	127
2º. Os historiadores da ciencia e da tecnoloxía	137
3º. Os historiadores do dereito e da Administración	139
CONCLUSIÓN.....	142
ANEXO Nº 1 CADRO DE EVOLUCIÓN DOS FONDOS E COLECCIÓN DOCUMENTAIS	145
ANEXO Nº 2 CADRO DE EVOLUCIÓN DA INVESTIGACIÓN E O SERVIZO AO PÚBLICO	151
ANEXO Nº 3: MATERIAS CONSULTADAS ENTRE 1974 E 1977	159
ANEXO Nº 4: ABREVIACIÓN UTILIZADAS	170
ÍNDICE ONOMÁSTICO.....	171
ÍNDICE DE ILUSTRACIÓN.....	189

A INVESTIGACIÓN NO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA NO SÉCULO XX



omprácheme presentar esta publicación que analiza a investigación realizada no Arquivo do Reino de Galicia ao longo do século XX, a partir dos resultados más visibles en que se manifesta que son as publicacións impresas en forma de libro, capítulo de libro ou achega a reunión científica, ou artigo de revista. A bibliografía permítenos coñecer o nome dos investigadores, a súa adscrición a unha tipoloxía determinada e os temas de interese. Evidentemente, non toda a investigación remata nun traballo susceptible de ser descrito nun asento bibliográfico, pero son as informacións as que nos permiten realizar un estudo tanto cualitativo coma cuantitativo.

Cualitativamente, podemos ter indicios do número de investigadores e a súa evolución no tempo a partir do reconto das consultas, presenciais en sala ou non, os préstamos, as copias e reproducións, certificadas ou non. Pero hai que subliñar que a presenza dos investigadores no Arquivo do Reino de Galicia, debido á accidentada historia das súas sedes, non adquire consistencia ata a súa instalación na chamada, por entón, Casa da Cultura, en 1955, e dende aquela dispoñendo das instalacións axeitadas, os fondos e os investigadores non deixaron de incrementarse.

O autor deste traballo, Pedro López Gómez, que foi director do Arquivo do Reino de Galicia dende 1986 ata 1995, analiza tamén as condicións que propiciaron a investigación neste arquivo, como a existencia de ricas fontes documentais, os procesos de incorporación –e destrución– de documentos, e do interese das súas informacións para os distintos tipos de usuarios. Tamén as facilidades que estes atoparon para o manexo dos documentos, pola existencia de numerosos instrumentos descriptivos, dende os afamados “libros índices” ata as bases de datos informatizadas actuais, instrumentos que recibiron un impulso significativo ao longo da súa dirección, comprobable revisando anos e autorías. Naturalmente, as facilidades que os investigadores atoparon e atopan nos seus labores no Arquivo do Reino de Galicia dependeron tamén da comodidade das instalacións e os equipamentos tecnolóxicos, dos horarios e das dotacións do persoal, que transformaron este centro nun dos referentes non só de Galicia, senón de toda España. E non nos esquezamos de que, en última instancia, a súa relevancia no eido da investigación consolidouse tamén pola importancia que ten a cultura nun estado democrático. Congratúlanos poder presentar este estudio sobre un dos aspectos fundamentais do Arquivo do Reino de Galicia.



Gallaecia Regnum [Material cartográfico] / descripta a F. Fer. Ojea... et postmodum multis in locis emendata et aucta.- Escala [ca. 1: 816. 000] Miliaria Hispanica Communia [= 7 cm].- Amstelaedmi: Gerardum Valk et Petrum Schenk, [1683-1726]

1 mapa : grab. en cobre coloreado a mano ; 37 x 46 cm.

ARG. Colección cartográfica e iconográfica. Sig. CC.MB 37

NOTA ACLARATORIA

Un estudo, xerme do actual traballo, titulado “La investigación en el Archivo del Reino de Galicia (1900-1996)”, presentouse como relatorio co título “El Archivo del Reino de Galicia. Valoración del estudio de las fuentes consultadas a lo largo del siglo XX” na Reunión Científica Internacional “Valoración del Estudio de las fuentes históricas, jurídicas y literarias hispanas ante el siglo XXI” organizada pola Universidade de Barcelona (Barcelona, 12-15 xuño 1996), cuxas actas non chegaron a publicarse. O autor, que subscribe o presente traballo, era daquela ex-director do ARG (1986-1995) e director do Arquivo da Coroa de Aragón (1995-1997), o que explica a elección do tema.

O texto, áínda que ampliado, mantívose no substancial: mais para mellor comprender o discurso, foi dotado de notas aclaratorias e de actualizacións bibliográficas, lexislativas e estatísticas. Con todo, debido á diferente responsabilidade administrativa, o autor non contou coa posibilidade dun control tan rigoroso sobre os datos dos últimos catro anos do século pasado como sobre todos os anteriores. Por tanto, débese entender no seu contexto temporal de elaboración inicial, en 1996.

INTRODUCIÓN

Cómpre sinalar que ao valorar as fontes existentes no ARG e a súa consulta ao longo de praticamente un século, estamos a enlazar cuestións distintas: 1) **as fontes**, é dicir, o conxunto de fondos e coleccións documentais e bibliográficas que se custodian ou se custodiaron no ARG neste período; 2) **a súa explotación** con fins de investigación histórica, nun sentido amplo: é dicir, o estudo do pasado en todos os seus aspectos culturais, científico-técnicos, históricos, literarios, económicos, etc.; e 3) **a valoración** desta explotación, que só podemos realizar a través dos seus resultados: ou sexa, dos estudos que chegaron a nós en forma de teses, relatorios, comunicacións, monografías, capítulos de libros, artigos de publicacións periódicas ou achegas de distinto signo, que poden estar ou non editados. Obviamente, o seu control absoluto é moi difícil, especialmente o daqueles estudos que non adoptan a forma de monografía ou parte compoñente impresa, que é a realidade máis visible. Esta afirmación, feita no seu día, non se podería sostener categoricamente na actualidade, grazas ás múltiples informacións bibliográficas, desde o Google académico ata as numerosas bases de datos que serven de apoio para a investigación.

Cada unha das cuestións sinaladas enfróntanos con problemas distintos, que tentaremos analizar.

106 (5)

D^r Joaquín Castro y Arias. Año de 1862.

Entrega que hizo en el Archivo general
el Secretario de Cámara Lic. D^r Joaquín
Castro y Arias, de 36 mazos de Causas
Criminales en Julio de 1862.

<u>Ólidos</u>	<u>Folios</u>	<u>Mazos</u>
<u>Punto Ólidos.</u>	<u>1º</u>	<u>18</u>
<u>Rebos.</u>	<u>56</u>	<u>6</u>
<u>Llaves.</u>	<u>75</u>	<u>8</u>
<u>Clausas.</u>	<u>100</u>	<u>4</u>

Lic. D^r Joaquín Castro y Arias

Entrega que hizo en el Archivo general el escrivano de
Cámara Lic. D. Joaquín Castro y Arias, de 36 mazos de
Causas criminales en julio de 1862.

ARG. HA. Sig. 48238/5 (sig. antigua 106/5)

1

AS FONTES E O SEU ACCESO

Facemos coincidir a noción de **fontes** coa de fondos e coleccións documentais, entendendo por fondo toda a documentación producida e recibida por unha institución ou persoa física ou xurídica: é dicir, documentos de calquera data, acumulados automática e organicamente por unha persoa pública ou privada nun proceso natural, en razón das súas funcións e actividades, e que se conservan con fins de referencia, para seren utilizados como testemuño e información. Identificamos fondo con arquivo.

O concepto de **fondo documental** está unido ao principio de procedencia e ten a súa razón de ser na necesidade de manter diferenciados e nunca mesturados os arquivos emanados de distintas administracións, o que condiciona o tratamiento documental: é dicir, a organización e descripción dos seus documentos integrantes. O concepto de colección remítenos a unha acumulación arbitraria de documentos que responde a un interese subxectivo do creador e a unha organización documental artificial. É por tanto un ente contraposto, distinto e diferente do fondo documental¹.

Recentemente, a CNEDA, no glosario que acompaña o seu modelo conceptual de descripción arquivística, ofrece estas dúas definicións: fondo é o conxunto de documentos producidos por un axente no ejercicio das súas funcións (produtor de fondo). Constitúe un subtipo do tipo de entidade documentos de arquivo, mentres que a colección é o conxunto de documentos ou de compoñentes documentais, de igual ou distinta procedencia, reunidos por motivos de conservación polo seu especial interese ou por calquera outro criterio subxectivo.

Neste modelo, a colección constitúe un subtipo do tipo de entidade documentos de arquivo².

O concepto de **archivo como institución** está unido ao de servizo. Non hai arquivo sen prestacións, o que esixe a organización e descripción documental como paso previo á súa utilización. Deste xeito, o acceso vén facilitado tanto pola lexislación que o faculta como polo tratamento dos documentos mais os recursos e as condicións materiais do arquivo.

1 DUCHEIN, Michel. / "Le respect des fonds en Archivistique. Principes théoriques et problèmes pratiques". *La Gazette des Archives*, 96-99 (1977) 71-95. E tamén GALLEGU DOMÍNGUEZ, Olga. Artxibistikan Sarrera = Introducción a la Archivística / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez (1ª ed. gallega, 1985). Tradución ao éuscaro, Lankor. Vitoria = Gasteiz: Euskotzaurlarieta = Goberno Vasco, 1989, p. 22.

2 <<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/cneda/documentacion/terminologia.html>> [Consulta 11/9/2016].

1.1. O ARG E A EVOLUCIÓN CUANTITATIVA DOS SEUS FONDOS E COLECCIÓN

1.1.1. Orixe e crecemento. Recollida de documentos

O Arquivo do Reino de Galicia³ foi **creado** na Coruña, por R.C. do 22 de outubro de 1775, no reinado de Carlos III ; áinda que, como di Murguía, mediante a dita real cédula o arquivo só recibiu nova forma, local axeitado, dotación de arqueiros e empregados e a forma de organización que pareceu más conveniente para conservar e facilitar a localización dos documentos. Instalaríase no pazo da Audiencia ata 1936, ano en que pasaría ao pazo de Xustiza, sempre en condicións pouco axeitadas. Deixamos historiadas as súas peripecias ao longo do tempo polas diversas sedes, incluíndo as propostas alternativas⁴.

As súas **orixes**, en realidade, remóntanse a un tempo anterior e confúndense coas do Arquivo da Real Audiencia de Galicia, creada a finais do s. XV. Salvando disposicións anteriores de carácter xeral dos Reis Católicos relativas aos documentos das audiencias, o Arquivo da Real Audiencia de Galicia foi creado por R.C. de Carlos I, datada en Toledo o 3 de febreiro de 1529⁵, que di, entre outros extremos:

...y porque no hay Archivo en la dicha Audiencia [de Galicia] mandamos al Gobernador y Alcaldes mayores provean donde los procesos esten a buen recaudo y en lugar do no reciban daño.

Por tanto, ao comezar o século XX tiña máis de catro séculos de existencia e aos seus documentos primixenos, que eran os xudiciais da Real Audiencia, engadira moitos outros, nun longo proceso de acumulación: as remesas das secretarías e escribanías ou ofícios de asento correspondentes ás distintas unidades orgánicas da Audiencia Real (Rexencia, salas, xulgados de provincia e *Protectoría* do Voto do Apóstolo Santiago) e as da súa sucesora funcional no tempo, a Audiencia Territorial da Coruña⁶, xuntáranse con outros documentos recollidos en función das competencias que lle foran atribuídas en determinados momentos. Así ocorreu cos protocolos de escribáns e notarios que se recollerón por falecemento dos titulares ou por acharse abandonados ou ser entregados por particulares, ata que para estes documentos da fe pública se determinou un destino distinto mediante a Lei orgánica do notariado do 21 de febreiro de 1862, seguida dunha serie de disposicións posteriores que habían culminar nos decretos do 12 novembro de 1931 (*Gaceta de Madrid*, 14 de novembro de 1931) e do 2 de marzo de 1945 (BOE, 19 de marzo de 1945), de creación dos arquivos históricos provinciais e de reorganización da sección histórica nos arquivos de protocolos.

Entre os fondos que se engadirón, indiquemos os procedentes dos antigos conventos e mosteiros da provincia da Coruña, recollidos na Administración de Propiedades e incorporados en 1887 (o resto fora para o Arquivo Histórico Nacional). A eles xuntáronse as primeiras doazóns: a dos "papeis" do

3 Estudamos a relación do arquivo co seu órgano produtor, a Real Audiencia, na nosa tese doutoral: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino. [Santiago]: Xunta de Galicia, 1996, 2 v.

4 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Palacios para un Archivo Real: Los hospedajes del Archivo del Reino de Galicia", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. Palacios para un Archivo Real. A Coruña: Xunta de Galicia, D.L. 1995, pp. 9-33.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "El Archivo del Reino de Galicia en los calabozos (1936-1955)", en JORNADAS DE CASTILLA-LA MANCHA SOBRE INVESTIGACIÓN EN ARCHIVOS (4º. 2000. Guadalajara). El Franquismo: el Régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en Archivos: Guadalajara, 9-12 de noviembre de 1999 / Archivo Histórico Provincial de Guadalajara. [Toledo]: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha; Guadalajara: Anabad Castilla-La Mancha, 2000, pp. 549-567.

5 Novísima Recopilación, Libro V, Título II, Lei XXI.

6 Entregas de preitos civís do s. XIX (...1836-1843...), ordenados por partidos xudiciais. Allariz-Viveiro e Forzas Eclesiásticas. Sig. ARG-H^a Arquivo. Ca 115(6)

insigne polígrafo Cornide, en 1895; da Xunta Superior de Armamento e Defensa do Reino de Galicia, en 1897; de distintos diplomas en pergamiño en número de 400⁷, mais os libros e documentos intervidos e incautados a D. Santiago Casares Quiroga, en 1940⁸.

O caso é que a partir do D. do 24 de xullo de 1947 (BOE 17-8-47), que ordena os arquivos e bibliotecas e o tesouro histórico documental, establecese o **carácter histórico do Arquivo** e regularízase a **entrada de fondos públicos** de distinta procedencia. A disposición más importante ao respecto é o D. 914/1969, do 8 de maio (BOE, 26 maio 1969), que regula as transferencias de fondos da Administración pública, central e institucional que carezan de vixencia administrativa, con más de quince anos; e o D. 307/1989, do 23 de novembro, os dos servizos territoriais das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda que é o Convenio do 14 de decembro de 1989 entre o Ministerio de Cultura e a Xunta o que habilita a esta para depositar fondos de titularidade autonómica nos arquivos xestionados. As transferencias aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia regularanse pola O. do 30 de agosto de 2010⁹, aínda que esta regulación é tal unicamente en canto ao procedemento. De feito, ao longo de toda a década anterior e nos últimos anos da de 1990 producíronse numerosas transferencias, especialmente no ARG e no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, de acordo co dito convenio. Entre elas, da Audiencia Territorial, logo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; das maxistraturas de traballo, Goberno Civil, delegacións provinciais e da administración franquista desaparecida (Organización Sindical, Sección Feminina, etc.)¹⁰

Para a **adquisición de fondos privados** identificamos tres períodos cronológicos: 1º (1974-1986) en que ingresaron pequenos fondos, con motivo do bicentenario da creación do ARG: García Bravo, conde de San Juan e Sarmiento Valladares; 2º (1986-1989), en que se iniciou unha activa política de compras e doazóns a través do Ministerio de Cultura: Vilas Durán, Monteagudo, Aperribay Pita da Veiga, Pardo Andrade; e por intercambio, Iglesias Brage; 3º (1990-...), e xa dependendo da Xunta de Galicia, continuouse a política anterior e ingresaron os fondos de Torre Xunqueiras, marqués de San Martiño de Ombreiro e pazo de Brandeso, entre outros de interese¹¹


7 Expediente instruído con motivo da orde de entrega de documentos históricos e libros existentes no Arquivo de Propiedades desta provincia. 1887. Arquivo Municipal da Coruña. Fomento. s. XIX. Sen signatura. E memorias de 1895, 1897, e 1901. ARG, H^a Arquivo, Ca 63 (1).

8 Sig. ARG. H^a Arquivo. Ca 84 (8). Véxase LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Casares y el Archivo del Reino de Galicia" / Pedro L. Gómez. La Voz de Galicia, CXIII, nº 36.843. Especial [Casares Quiroga] (venres, 30 xuño 1995) 7, texto extractado; texto íntegro en LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Casares Quiroga y el Archivo del Reino de Galicia". Bol. Anabad, Madrid, XLV, 4 (outubro-decembro 1995) 51-56; ii.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "La memoria documental de Casares Quiroga", en GRANDÍO SEOANE, Emilio ; ODERO, Joaquín (eds.). Santiago Casares Quiroga. La forja de un líder. Madrid: Editorial Eneida, 2011, pp. 247-270.

9 O. do 30 de agosto pola que se establecen as normas para a realización de transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG, n. 174, 9 setembro 2010)

10 GALLEGOS DOMÍNGUEZ, Olga. Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas. Subdirección General de Archivos, 1980; e tamén LÓPEZ GÓMEZ, Pedro (coord.). Organización de Fondos de los Archivos Históricos Provinciales / Comisión Técnica de Archivos Históricos de Anabad. Pedro López Gómez, coordinador. Madrid: Anabad, D.L 1994.

11 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "As familias e os seus fondos documentais no Arquivo do Reino de Galicia", en Conserva-la Memoria. Novas adquisicións da Consellería de Cultura e Xuventude para o Arquivo do Reino de Galicia. S.I.: Arquivo do Reino de Galicia. Xunta de Galicia, D.L. 1993, pp. 25-34.



Plano da Sala Terceira da Real Audiencia destinada para arquivo de papeis deste Reino de Galicia / Antonio Cándido García [Quiñones].- Escala [ca. 1:110] 10 varas [= 7,6 cm].- [A Coruña: s.n., 1777]. 1 plano: ms., col.; B ; 27 x 22 cm ARG. Colección cartográfica e iconográfica. CC. HA. 14/1 En: Expediente de contratación para a execución das obras de habilitación das sete pezas baixas e a Sala das Discordias do pazo da Real Audiencia de Galicia, na Coruña, co fin de establecer nelas o Arquivo público e xeral do Reino de Galicia. 1777-1784. HA. 46 (16).

1.1.2. Expurgacións e outras destrucións de documentos

Esta referencia aos ingresos producidos no ARG estaría incompleta sen unha mención das expurgacións e destrucións de documentos por circunstancias moi variadas, ben por motivos utilitarios, ben debido ás pésimas condicións dos locais en que se custodiaron os documentos.

Respecto aos **locais**, ao longo do s. XIX o ARG ocupou diversas salas do pazo da Capitanía (a Sala das Discordias, tres apousentos na planta baixa e unha coxía de 40 x 6 m. dividida en sete departamentos), ademais dalgunhas casas alugadas en diversos lugares, entre outros na rúa da Sinagoga. Os locais no pazo da Capitanía eran especialmente húmidos e insalubres; as madeiras das fiestras, portas e estrados estiveron podres durante moito tempo, e os papeis inzados de couza, polo que sufrieron numerosas perdas, especialmente os más antigos. A principios de 1901 dicíase que, soamente do s. XVI, había uns 600 atados en moi mal estado e máis de 200 inutilizados pola humidade e a couza¹². O rápido ateigamento dos locais e as inadecuadas condicións de conservación orixinaron numerosas peticións de traslado a outros edificios (como o pazo da Intendencia, a casa do

12 Memoria 1900. ARG, H^a Arquivo, Ca 48.195 (1).

Consulado ou o convento de Santo Domingo) ou proxectos de nova construcción, mesmo de traslado a Santiago de Compostela¹³. A partir de 1937 ocupou diversos sotos do pazo de Xustiza antes de se trasladar á súa sede actual, na daquela chamada Casa da Cultura da Coruña.

No pazo da Capitanía, os andeis, de ata catro metros de altura, dispúñan de enormes ocos, chamados caixóns, para albergar os atados de máis dun metro, de 40 a 50 kg cada un, que contiñan ata 200 expedientes, anoados con cordeis e situados en catro, cinco e seis ringleiras sobrepostas, mesmo algúns en dobre fila. Como consecuencia, eran difíciles de manexar, o que se facía con paus provistos de gancho, ás veces con dano para os documentos e risco para os subalternos que os manipulaban.

O traslado dos fondos desde o pazo da Capitanía ao de Xustiza, en 1936, sempre de sotos a sotos, realizado de maneira abrupta e con pouca consideración para os documentos, ía significar a longo prazo unha mellora das condicións ambientais en que se custodiaban¹⁴. Ao parecer, o traslado para liberar os sotos do pazo da Capitanía era intención das autoridades militares que se barruntaba desde o 34¹⁵.

Con máis pausa e mellores medios, malia a présa pola inauguración do centro, no ano 1955 trasladouse á Casa da Cultura, edificio construído expresamente para arquivo e biblioteca e con instalacións más adecuadas. Con todo, a falta dun mantemento axeitado das madeiras e as pragas de insectos constituíron sempre un problema ambiental, resolto a partir de 1986 mediante as fumigacións periódicas e a substitución da carpintaría de madeira por outra metálica.

En canto ás **expurgacións**, no s. XIX foron principalmente por **motivos** políticos e para fabricación de cartuchos destinados á continua actividade bélica das guerras carlistas. A praxe había conducir á creación e sistematización de **normas** para a eliminación de documentos e a salvagarda dos de maior interese, fixando principios xerais, regras específicas e períodos cronolóxicos en que habían de efectuarse, así como formas de destrucción e aplicación de ingresos a partir dos subprodutos resultantes¹⁶. No s. XX, co franquismo, as expurgacións, realizadas para fabricación de papel moeda debido á escaseza de pasta de papel, hanse efectuar fundamentalmente sobre causas penais: abandónase así a metodoxía sistemática da época anterior en prol de actuacións casuísticas con intereses puntuais. D. Antonio Gil Merino, ao cubrir o cuestionario para o Anuario Internacional de Archivos, publicado no vol. XXI de *Archivum*, e respondendo á pregunta 4b) "Destruccións", escribía: "El archivo sufrió indudablemente consecuencias de las vicisitudes políticas a lo largo de su historia, sin que las destrucciones, que desde luego padeció, fueran de consecuencias graves"¹⁷. Expresión

13 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. [Santiago]: Xunta de Galicia, 1996, epígrafe dedicada ao edificios e instalacións, t. II, pp. 820-838.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Palacios para un Archivo Real: Los hospedajes del Archivo del Reino de Galicia", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Palacios para un Archivo Real*. A Coruña: Xunta de Galicia, D.L. 1995, pp. 9-33.

14 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "El Archivo del Reino de Galicia en los calabozos (1936-1955)", en JORNADAS de Castilla-La Mancha sobre investigación en archivos (4º. 2000. Guadalajara). *El Franquismo: el Régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en Archivos: Guadalajara, 9-12 de noviembre de 1999 / Archivo Histórico Provincial de Guadalajara*. [Toledo]: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha; Guadalajara: Anabad Castilla-La Mancha, 2000, pp.549-567.

15 Oficio do xefe do Arquivo, Sr. Nieto, do 25 de outubro de 1934, ao director xeral de Belas Artes, para comunicar as novas oficiosas segundo as cales o xeneral de división militar tiña o propósito de trasladar os fondos do Arquivo co fin de que quedasen desaloxados os sotos en que se encontraban, o que sería unha catástrofe para a súa organización, sen o tempo nin a orde precisos. ARG. Hº do Arquivo, Minutas de saída. 1934. Ca 48.204, ant. 72.

16 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Eliminaciones de documentos de la Real Audiencia de Galicia". *Archivum. International Review on Archives = Revue Internationale des Archives*, París: International Council on Archives = Conseil International des Archives, vol. XLII (1996) 157-172.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. [Santiago]: Xunta de Galicia, 1996, epígrafe dedicada ás expurgacións e outras eliminacións de documentos, t. II, pp. 909-921.

17 ARG. Historia do Arquivo. Ca 48.224 (2), ant. 92 (2).

politicamente correcta coa que non concordamos moito. Abónenos lembrar que non existe nin rastro do arquivo do Real Acordo, que ofrecería información importantísima e clarificadora para a historia e o funcionamento da Real Audiencia de Galicia.

As expurgacións suxeitaranse posteriormente á Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, art. 58, e a normativas posteriores: o Real decreto 1164/2002, do 8 de novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal¹⁸; o Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso (BOE 25 novembro 2011); e no caso galego, a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (DOG n. 191, 7 de outubro de 2014) e o D. 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos (DOG, n. 34, 19 febreiro 2016).

1.1.3. Cuantificación dos fondos e coleccións

Como resultado dos ingresos e saídas, **a cuantificación de documentos** (confróntese este apartado co cadro de evolución dos fondos e coleccións documentais, en anexos) foi mudando ao longo do tempo, áinda que carecemos dun cadro evolutivo continuo e fiable, o que responde non soamente á dificultade de efectuar recontos, debida á complexa instalación nos antigos andeis de madeira do pazo da Capitanía e ao tamaño dos atados que dificultaban o seu manexo, senón tamén á inexistencia de cadros ou formularios estatísticos que esixisen o reconto. Nas memorias tradicionais do s. XIX e da primeira metade do s. XX, rara vez se ofrecen datos cuantitativos dos fondos. En 1860, a *Relación demostrativa del número de legajos existentes en el Archivo Público y General de Galicia con designación de los Siglos a que pertecen...*, dá a cifra de 6.425 atados, maiormente de vara e media de alto e polo menos dunha “vara esforzada”¹⁹. Noutra *Relación demostrativa del número de legajos existentes en el Archivo general de Galicia...*, asinada o 6 de febreiro de 1868, elévase a cifra a 6.709, dun metro de altura²⁰. Na memoria de 1882 fálase de dous millóns de pezas²¹; na de 1888, de 1 millón de expedientes; e na de 1892 cuantifícanse 5.554 atados dun metro de altura, cada un cuns 200 expedientes²². Estas cifras, que indican unha diminución dos atados nunhas mil unidades entre 1860 e 1892, dan unha idea do carácter devastador das expurgacións do s. XIX.

Podería pensarse que habíamos contar con más datos a partir da introdución da estatística nos arquivos estatais españoles, como consecuencia da aplicación do parágrafo 51 do artigo 21 do Regulamento orgánico de 1901 e doutras disposicións. Na *Gaceta de Madrid* nº 329, do 25 de novembro de 1901, inclúise unha orde que dispuña que, antes do 31 de decembro dese ano, final do curso 1900-1901, os xefes dos establecementos servidos polo corpo facultativo de arqueiros, bibliotecarios e arqueólogos, entre outros, debían remitir á Subsecretaría do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes os datos que se sinalaban, que deberían figurar tamén nas memorias anuais,


18 https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2002-22192

19 ARG. H^a Arquivo. Ca 102 (2). Conf..- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. [Santiago]: Xunta de Galicia, 1996, epígrafe dedicada ás expurgacións e outras eliminacións de documentos, t. II, p. 886 e nota 43 na p. 924.

20 ARG. H^a Arquivo. Ca 48.186 (6), ant. 54 (6).

21 M. 1882. RAG. H^a Arquivo. Memorias. Ca 48.195 (1)

22 M. 1882, 1888, 1892. ARG. H^a Arquivo. Memorias. Ca 48.195 (1)



Plano transversal do ARG. Reforma de 2003 / Ministerio de Educación e Cultura. Madrid, 2003. En: Expediente de reforma do edificio do ARG. Arquivo de xestión do ARG [Sen signatura: no despacho de dirección].

se non o facían xa, en cumprimento do R.D. do 3 de maio, e da R.O. do 9 de agosto. Para os arquivos, tratábase de: 1º persoal adscrito; 2º buscas; 3º certificacións expedidas; 4º atados existentes; 5º traballos de catalogación e inventario; 6º salas e andeis ou caixóns e vitrinas existentes; 7º encadernacións feitas; 8º produtos obtidos de certificacións, taxas, etc. E así, na memoria de 1900-1901 declararanse, para outubro de 1900, 5.625 atados e 436 pergamiños²³. Con todo, as memorias de anos posteriores seguen sen ofrecer datos totais de fondos, e só dan cifras de desdobramento dos atados ou mazos en unidades de menor tamaño e igual denominación de atados. Non haberá datos totais ata o traslado dos fondos ao pazo de Xustiza, na memoria de 1937, e posteriormente na de 1945.

Ás veces, noutros documentos estatísticos distintos ás memorias, atopamos cuantificacións dos fondos: en 1910 fálasenos de 5.554 enormes atados que componen as diversas seccións, dos que 4.947 están catalogados; de que cada un deles ten un tamaño medio dun metro e contén tamén como media uns 75 expedientes; e fálase de novos ingresos²⁴. No *Inventario de fondos del Archivo Regional de Galicia*, datado en marzo de 1911, e remitido ao Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes o 11 de marzo, totalízanse os fondos en 6.735 atados, que conteñen 738.446 expedientes e documentos, que especifican corresponder á Audiencia e aos ingresados recentemente: da Xunta de Armamento e Defensa do Reino de Galicia, doados por D. Andrés Martínez Salazar, e o donativo

23 M. 1900-1901. ARG. H^a Arquivo. Memorias. Ca 48.195 (1).

24 Nota do xefe do Arquivo. A Coruña, 12 de maio de 1910. ARG. H^a Arquivo. Ca 48.186 (8), ant. 54 (8).

de D. Ángel Hermosilla, que sabemos que eran os “papeis” de Cornide²⁵.

En 1936, con motivo do traslado do Arquivo *manu militari* ao pazo de Xustiza desde a súa sede histórica no pazo da Capitanía, contabilizábanse 9.578 atados. Hai que agardar ata a memoria de 1945 para saber que hai uns 6.000 atados revisados, os únicos que poden servirse, áinda que hai máis; e cítase por primeira vez a existencia de 650 pergamiños. A partir de 1949, polo xeral as memorias incorporan datos cuantitativos e en aumento continuo, agás excepcións. Os aumentos debéronse ás transferencias constantes de documentos, tanto dos procedentes da Audiencia, denominada de maneira diferente ao longo do tempo (Audiencia de Galicia, Audiencia Territorial da Coruña, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia), como dos recibidos das institucións provinciais, ou en forma de doazóns, depósitos ou compras de documentos de procedencia particular.

Hai que engadir as variacións producidas pola mellora na instalación dos documentos, como consecuencia do continuo desdobramento dos enormes mazos do século XIX en atados más manexables, como xa se apuntou; e, xa a mediados do século XX, mediante a instalación en caixas de cartón neutro en varios tamaños normalizados, tanto dos documentos antigos, en atados, como dos de novo ingreso, en formatos variados. A existencia de unidades de instalación tan heteroxéneas nas transferencias documentais como libros, atados, mazos, cartafoles, arquivadores, caixas ou ficheiros orixina unha certa indefinición no cómputo total, que pode diminuír dun ano para outro, ao se normalizar a súa instalación.

De calquera xeito, o incremento de fondos, polo xeral, experimenta unha progresión: en 1949 eran más de 10.690 atados e 646 pergamiños os existentes; en 1960, 26.949 atados; en 1974, 35.881 atados e 7.900 libros; en 1980, 54.770 atados e 9.137 libros; en 1990, 71.430 atados e 9.589 libros; en 1997, 71.659 atados e 10.100 libros; e no 2000, 77.154 atados e 10.104 libros. Hai unha discordancia duns 2.000 atados entre as cifras das memorias anuais, os partes trimestrais e os resumos de actividade para o INE, non sempre sinxelos de explicar.

Esporadicamente en 1957, secuencialmente desde 1964 ata 1995, a forma de contabilizar o número de unidades de instalación compleméntase coa expresión da súa extensión en metros lineais, en andel tradicional ou en andel compacto. Isto esixirase nos novos formularios da estatística internacional de arquivos e do censo guía de arquivos a partir de 1982: más de 1.940 m.l. en 1957; 6.410 m.l. en 1964; 5.040 en 1965; 8.727 m.l. en 1990 e 9.467,7 m.l. en 1994. As alteracións a menos explícanse polo cambio indicado nos colectores das unidades de instalación, ao eliminar cartafoles e arquivadores, pola diverxencia entre formularios diferentes e probablemente por algúns esquecemento e erro.

Os documentos especiais, pola súa banda, tamén foron crecendo. Debido á complexidade dos seus formatos e das súas diversas instalacións, expresáronse sempre en unidades documentais, estivesen en planeiros horizontais ou verticais, en rollos, caixas ou caixiñas que contiñan os pergamiños iniciais. A eles fóreronse sumando mapas, planos, debuxos, fotografías, audiovisuais, selos e mesmo obxectos varios como bandeiras, plumas de escribir, etc. Ás veces ingresaron de maneira individual ou en colección, por compra fundamentalmente, ou foron extraídos das unidades de instalación dos distintos fondos documentais para mellorar a súa conservación. Dos 436 pergamiños sinalados en 1900, pasouse aos 36.838 documentos en 1997, sumando documentos textuais, figurativos, audiovisuais e obxectos, para alcanzar os 38.281 no ano 2000. Son de especial riqueza as coleccións cartográficas e fotográficas.


Ademais hai que ter presentes os documentos da súa rica biblioteca auxiliar especializada, que pasou de 557 libros en 1900 aos 776 en 1950; e aos 14.940 libros, 1.651 revistas e 920 folletos en

25 Inventario de fondos... 1911. ARG. H^a Arquivo. Ca 48.186 (8), ant. 54 (8).

1992. En 1957 mencionábase, incluído nesta biblioteca, un fondo de libro antigo de 1.225 volumes, procedente do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, que nalgún momento estivo incorporado aos fondos documentais, o que orixinou alguma confusión nas estatísticas. En 1997 a biblioteca auxiliar constaba de 16.636 “documentos bibliográficos” (supoñemos que títulos de libros), 926 folletos e 1.766 títulos de publicacións periódicas.

1.2. O ACCESO LEGAL ÁS FONTES

O acceso legal está relacionado coas peculiaridades da institución, coa evolución temporal do seu carácter e, por suposto, coa normativa xeral vixente. O Arquivo tiña **régime propio, foro privativo** que soubo defender contra as intencións intromisorias da Real Audiencia e dos seus rexentes. Ao longo da súa evolución observamos unha marcada intención de transformar o establecemento, arquivo xeral, en arquivo histórico xeral, onde o histórico apunta como fundamental, cunha arela de independencia ben evidente en relación coa súa matriz, a Audiencia. Pero a lexislación máis recente reforza o seu carácter administrativo e, obviamente, as condicións de acceso aos seus documentos.



Reglamento para el régimen y gobierno del Archivo General de Galicia. 1853.
En: Regulamento para o réxime interior do Arquivo e comunicacións que a el se refiren. 1853. Publicado: *Reglamento para el régimen y gobierno del Archivo General de Galicia I* [redactado por Juan Crisóstomo Esquivel]. A Coruña: Imprenta a cargo de Manuel Portela, 1853, 13 p.; 21 cm. ARG. HA. Sig. 48178 (sig. antiga 46(9) nº 2).

1.2.1. Réxime e foro privativo do ARG

Aparentemente, o Arquivo habería de ser unha dependencia da Audiencia; pero aos poucos foise separando dela ata adquirir vida propia e independente. Dicía Murguía, avalando a nosa afirmación:

Ignoro por qué especie de instinto, digámoslo así, supo esta oficina mantenerse separada del Tribunal, viviendo una vida bien ajena a la de los demás archivos judiciales... y creo que para hacerlo así se tuvo siempre presente lo especial de su fundación, puesto que del nombre que llevó y lleva todavía, y de los intentos que se abrigaban al crearse se desprende que nunca se le miró como depósito de papeles puramente judiciales...²⁶.

1.2.2. Carácter do ARG: xeral e provincial, xudicial, administrativo e histórico

A inclusión dos seus empregados na escala do **corpo facultativo de arquiveiros**, mais a dependencia xerárquica do Ministerio de Fomento, consolidarán a independencia sinalada e o seu novo carácter de institución científica. A R.O. do 30 de abril de 1861 dispuxa que conservase o carácter de arquivo xeral que lle estaba asignado; e consonte o R.D. do 17 de xullo de 1858, vai continuar baixo a dependencia inmediata da Dirección de Archivos e Bibliotecas. O R.D. do 5 de xullo de 1871, o mesmo que o de 1867, o Regulamento de 1885 e o de 1887, clasificárono como “xeral de segunda clase”, entre os servidos polo corpo. Con todo, cómpre insistir en que durante todo o século XVIII o Arquivo Xeral e Público de Galicia é, estritamente falando, un **archivo administrativo**, e como tal ha seguir durante unha boa parte do s. XIX. Así se explican as lamentacións de Murguía, na súa célebre Memoria:

El [Archivo] que lleva el nombre de “General de Galicia”, no ha servido nunca, bajo este punto de vista [refírese á investigación histórica], para nadie ni para nada, a pesar de que entre sus papeles puede asegurarse que guarda este antiguo Reino, las mayores sinó las únicas fuentes históricas que todavía le restan²⁷.

Citemos unha situación que non por pintoresca deixou de resultar perigosa para a propia existencia do Arquivo: o proxecto de trasladar os seus fondos ao Arquivo Histórico Nacional de Madrid, manifestado a través das ordes do 21 de outubro de 1922 (G. do 28) e do 7 de febreiro de 1924 (G. do 14), que, como era lóxico, quedou en fume. A Lei do 25 de agosto de 1939 crearía a Dirección Xeral de Archivos e Bibliotecas, no Ministerio de Educación Nacional, da que dependerán todos os arquivos do Estado (BOE 245, 2 setembro 1939, p. 4875). O labor da Inspección Xeral de Archivos será decisivo para a creación e o fomento dos arquivos provinciais, tanto respecto á protección dos fondos documentais en risco de destrucción como ao aumento do prestixio da función confiada ao corpo. O 7 de maio de 1946, o Inspector D. Miguel Bordonau escribía ao director do “Arquivo Regional”:

Encarezco por consiguiente a V.S. que tome con singular empeño la creación en esa provincia del Archivo Histórico, solicitando el concurso de las Autoridades y tenga la seguridad de que no le ha de faltar la colaboración de esta Inspección tan amplia como sea posible²⁸.

26 Citado por GIL MERINO, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976, p. 33.

27 MURGUÍA, Manuel. *Memoria relativa al Archivo General de Galicia*. A Coruña, 1871, 59 p., conf. p. 8. Citado en LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Martínez de Murguía, Archivero”, en *HOMENAXE a Darío Vilariño* / Biblioteca Universitaria. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993, pp. 443-478, conf. p. 34. Un borrador da memoria sobre o Arquivo de M. Murguía, que comeza “El trabajo que tengo el honor de presentar...”, encóntrase no ARG. H^a Arquivo. Ca 56 (1), ant. leg. I, carpeta A, nº 79 bis.

28 Correspondencia. 1946. ARG. H^a. 89 (47).

Co transcurso do tempo, independencia e función consolidáronse. As apreciacións de Murguía constitúen unha curiosidade e os continuos incrementos de documentos cada vez más recentes ampliaron a súa cronoloxía ata a actualidade. Isto débese, fundamentalmente, á nova función, o seu carácter engadido de Arquivo Histórico Provincial da Coruña, que se veu perfilando a través de sucesivas disposicións legais. O D. 24 xullo 1947 (BOE 17-8-47), sobre ordenación de arquivos e bibliotecas e do tesouro histórico documental, establece a creación dun arquivo histórico provincial onde non exista un xeral, rexional ou de chancelería, onde se depositarán: a) os protocolos notariais de máis de cen anos de antigüidade; b) a documentación histórica das audiencias e xulgados; c) a das delegacións de Facenda e doutras dependencias oficiais da provincia; e d) a de entidades, organismos e particulares que o soliciten. Do seu texto despréndese que os arquivos denominados rexionais exercerán como provinciais na provincia da súa sede.

Como consecuencia do dito decreto do 24 de xullo de 1947 e doutras disposicións subsidiarias,²⁹ ingresaron no Arquivo outros fondos e documentos distintos dos xudiciais, que se uniron a algúns recibidos con anterioridade, pero sempre de pequeno volume, como os “papeis de Cornide”, doados en 1895 por D. Ángel Hermosilla, auditor xeral da Armada³⁰; os papeis da Xunta de Armamento e Defensa do Reino de Galicia durante a Guerra da Independencia, doados por D. Andrés Martínez Salazar, xunto coa colección de 343 documentos medievais en pergamiño³¹ e documentos de mosteiros, conventos e igrexas desamortizados durante o século pasado. Os novos ingresos aos que nos referimos son os libros do Catastro do marqués de la Ensenada, correspondentes á provincia da Coruña; o arquivo da casa comercial “García Bravo”, de Vilagarcía de Arousa, doados polos seus descendentes; os libros das antigas contadorías de hipotecas da provincia, etc.³²

Finalmente, como resultado lóxico de todo este proceso evolutivo, abordouse o tema dos documentos provinciais con carácter xeral no D. 914/1969, do 8 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia, de creación do Arquivo Xeral da Administración civil (BOE 26 maio 1969), que establece as transferencias a este centro dos fondos da Administración pública, central e institucional que carezan de vixencia administrativa e contén con máis de 15 anos. Nas provincias dispón a repetición do proceso a este nivel nos denominados arquivos provinciais, cuxa función, no caso da Coruña, exerce o Arquivo do Reino, convertido consecuentemente en arquivo xeral da Administración provincial.

Ao abeiro desta lexislación, voluminosos fondos da administración provincial transferíronse aos seus depósitos: Goberno Civil, delegacións de Facenda, Información e Turismo, Cultura, Estatística, Organización Sindical, Colexios de Arquitectos da Coruña e Vigo, Sanatorio Marítimo de Oza, etc., etc.; a máis diso, numerosos fondos de orixe privada, especialmente familiares, cuxas datas extremas van do s. XIV ao XX. Outros ingresos, tanto públicos como privados, realizáronse fóra do marco temporal que nos ocupa.

Xa que logo, hoxe, ao contrario que no século XVIII e con outra perspectiva, cómpre demandar para o Arquivo do Reino o **carácter mixto, administrativo e histórico**, xa que os seus papeis continúan servindo para a xestión pública e seguen a constituír soporte de testemuños e informacóns de dereitos e deberes dos administrados. Por importante que chegase a ser a súa condición de Arquivo

29 O. do Ministerio de Xustiza do 14 de decembro (BOE 322, 26 decembro) pola que se concede autorización aos rexistradores da Propiedade para a entrega dos libros de contadorías de hipotecas aos arquivos históricos provinciais; e O. circular da Subsecretaría do Ministerio de Facenda do 12 xaneiro de 1962, que ordena o traslado dos fondos de Facenda de máis de 25 anos de antigüidade aos arquivos históricos provinciais.

30 Memorias. 1895. ARG. H^a. 63 (1).

31 Memorias. 1901. ARG. H^a. 63 (2).

32 GIL MERINO, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976, pp. 35-36.

Histórico de Galicia, este carácter sempre vixente de arquivo da Administración tórnao en **Arquivo Xeral**, a secas, de Galicia³³.

En 1975 conmemorouse o **bicentenario** da fundación do Arquivo con diversos actos e exposicións. O Decreto 498/1975, do 8 de febreiro³⁴, polo que se creaba un Padroado Nacional con esta finalidade, indicaba que “conviene recordar el hecho como muestra de la importancia de las actas públicas y su valor para el pasado, presente y futuro de la nación”. Non podemos deixar de citar algunas das disposicións lexislativas que enmarcaron a actividade dos centros de patrimonio na **España democrática**, como foron a Lei 16/1985, do 25 de xuño (Ministerio de Cultura), do patrimonio histórico español, desenvolvida parcialmente polo R.D. 111/1986, do 10 de xaneiro (Ministerio de Cultura); tamén as disposicións que regularon todo o proceso de transferencias á Comunidade Autónoma de Galicia, entre elas a Resolución do 14 de decembro de 1989 (Ministerio de Cultura); as que regularon o novo sistema de arquivos e de patrimonio documental de Galicia: o D. 307/1989, do 23 de novembro, que establece unha nova e distinta dependencia orgánica; a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que deu un soporte superior ao decreto anterior; e finalmente, a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (Presidencia da Xunta de Galicia)³⁵.

1.2.3. O acceso aos documentos. Identificación e acreditación. Tarxetas de investigador e pases temporais.

En canto ao **acceso**³⁶ da **ciudadanía** á documentación pública, queda garantida no art. 105 da Constitución española de 1978 e confirmada no art. 57 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español (BOE 155, 29 de xuño).

Esta normativa sobre o acceso foi desenvolvida polo R.D. 111/1986, do 10 xaneiro, e polo art. 80 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, salvando as posibles limitacións existentes para certos documentos, ao poderen afectar a seguridade e defensa do Estado, por estaren clasificados de acordo coa Lei de segredos oficiais (art. 57-a da Lei 16/1985) ou por conteren datos de carácter persoal, suxeitos aos prazos establecidos no art. 57-b da devandita lei. Así ocorre, por exemplo, co fondo do Parque e Talleres de Artillería³⁷, ou coa documentación do Laboratorio de Xenética procedente do antes chamado Hospital Juan Canalejo, hoxe Hospital Universitario de Galicia.

Os investigadores sufrían as restricións impostas polas normas do Regulamento de 1901, que condicionaban a expedición de tarxetas de investigación á presentación por un catedrático, académico ou cónsul. Esta situación foi alterada polas innovacións constitucionais, especialmente polo libre acceso disposto na Lei do patrimonio histórico español de 1985, que permitía a expedición

33 Demandabamos este carácter antes da creación do Arquivo de Galicia, en Santiago de Compostela: Decreto 207/2010, do 10 de decembro, polo que se crea o Arquivo de Galicia (DOG 24 decembro 2010).

34 BOE, núm. 69 (21 marzo 1975) 5828.

35 DOG núm. 191, do 7 de outubro de 2014; e BOE núm. 258, do 24 de outubro de 2014. Vixencia desde o 27 de outubro de 2014. <http://archivosdegalicia.xunta.gal/portal/archivos-de-galicia/index.html> [Consulta o 7/7/2016]

36 Referiamonos ás condicións de acceso no anexo de redacción do documento. Posteriormente contribuímos con diversas achaegas ao tema: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “El acceso y sus límites, con especial referencia a los archivos españoles”. *Páginas a&b. Archivos & Bibliotecas*. Lisboa, nº 5 (2000) 7-55. - LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “El acceso a los archivos y la desclasificación de los documentos”. *Boletín Anabán. Federación Española de Asociaciones de Archiveros, Bibliotecarios, Arqueólogos, Museólogos y Documentalistas*. LXIV, 3 (2014) 19-36. CD. Sumario en papel.

37 “Parque y Maestranza de Artillería de La Coruña: ensayo de descripción normalizada de un fondo: Archivo del Reino de Galicia” / Carmen González Alonso, Marta Monterroso, Gabriel Quiroga Barro, Mercedes Pato Calleja. *Fuentes para la historia militar en los archivos españoles: actas VI Jornadas Nacionales de Historia Militar, Sevilla, 6-10 de mayo de 1996*. Madrid: Deimos, 2000, pp. 173-186.

de pases temporais a calquera cidadán interesado, aínda que a expedición de tarxetas seguía suxeita á normativa anterior.

As condicións de **acceso dos investigadores** suxeitábase ao seguinte procedemento:

- 1º Identificación. Presentación do DNI ou doutra documentación substitutiva, como podía ser a tarxeta nacional de investigador, pasaporte, carné de conducir, etc.
- 2º Unha vez identificado, o investigador manifestaba a súa intención de utilizar os fondos documentais e/ou bibliográficos do Arquivo e acreditaba posuír os documentos que lle facilitaban o seu uso: a) autorización temporal; b) tarxeta nacional de investigador (art. 62, Lei do patrimonio histórico español, 16/85, do 25 de xuño).

En caso negativo, o Arquivo procedía a expedirlle un ou outro documento, en función dos requisitos que se precisaren.

- a) A autorización temporal expedíase sen máis condición que ser cidadán español e maior de idade, mediante unha petición escrita nos formularios existentes para ese efecto, con compromiso de cumplir as disposicións vixentes sobre a consulta de documentación en sala (v. o extracto do Regulamento de 1901, que quedou parcialmente obsoleto³⁸). Tiña un prazo máximo de validez de 7 días e podía ser prorrogada por causa razonada. Soamente podía ser utilizada para o obxecto de investigación solicitado polo usuario (art. 5 da O. do 4/3/195939).
- b) Tarxeta nacional de investigador: expedíase no mesmo centro, ou en calquera outro arquivo dependente do Ministerio de Cultura (O. 4 marzo 1959, art. 2), por pedimento dos interesados, en caso de académicos e catedráticos que acreditaren a súa condición; nos demais casos, tras exhibición de carta de presentación, que se unía ao expediente correspondente e que había de vir subscrita por académicos, profesores, institucións docentes e científicas ou, no caso de estranxeiros, consulares. Esixíanse dúas fotografías tamaño carné. Eran anuais.
- c) Expediente de investigador. A cada investigador abríaselle un expediente que incluía os documentos apuntados, así como copias das súas papeletas de pedido e a correspondencia xerada no centro. Hoxe esas condicións están modificadas polo vixente R.D. 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso, que suprimiu as tarxetas de investigador.

³⁸ Decreto do 22 de novembro de 1901, polo que se aproba o Regulamento dos arquivos do Estado (*Gaceta* do 26 de novembro de 1901).

³⁹ O. do 4 de marzo de 1959, pola que se ditan normas para a obtención de copias e fotografías (BOE. nº 72, do 25 de marzo de 1959).

ARCHIVO REGIONAL DE GALICIA

Año de 1930

Estado comprensivo de los trabajos realizados en este Archivo durante los cuatro trimestres del año actual.

PERSONAL FACULTATIVO QUE HA EJECUTADO LOS TRABAJOS	TIEMPO RECLAMADO	TIEMPO PRACTI- CADO	TIEMPO RESER- VADO	TIEMPO LIBRE	TIEMPO DE TRABAJO	ORGANIZACIÓN Y CLASIFICACIÓN DE LOS DOCUMENTOS	CATÁLOGACIÓN		TIEMPO EXPOSICIÓN	OBSERVACIONES
							TIEMPO ESTIMADO	TIEMPO REALIZADO		
							Lunes	Martes		
							Lunes	Martes	Viernes	Sábado
Angel Nieto Gutiérrez Salvador Parga Paredes	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	p 14 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	Se han llevado a la correspondencia de los Registros de la Oficina de Archivos y Biblioteca y se han hecho las correspondientes modificaciones.
Angel Nieto Gutiérrez Salvador Parga Paredes	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	Se ha visto en la oficina de Archivos y Biblioteca el trabajo de los trabajos
Angel Nieto Gutiérrez Salvador Parga Paredes	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	Se ha visto en la oficina de Archivos y Biblioteca el trabajo de los trabajos
Angel Nieto Gutiérrez Salvador Parga Paredes	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	Se ha visto en la oficina de Archivos y Biblioteca el trabajo de los trabajos
Angel Nieto Gutiérrez Salvador Parga Paredes	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	v 11 8 8 8 10 10 10 10 10 10 4	Se ha visto en la oficina de Archivos y Biblioteca el trabajo de los trabajos
Total	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	Todos los trabajos llevados a cabo durante este trimestre de trabajo se han llevado a la correspondencia de los Registros de la Oficina de Archivos y Biblioteca.
Igual a los totales	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	11 11 11 11 11 11 11 11 11 11 4	Igual a los totales

La Coruña, 31 de diciembre de 1936

El Jefe del Establecimiento

Estado comprensivo de los trabajos realizados en este Archivo durante los cuatro trimestres del año actual. Año de 1836. En: Registro de trabajos realizados, por trimestres, 1927-1960. ARG. HA. Sig. 48275-(sig. antigua: 144)

1.3. O ACCESO INTELECTUAL ÁS FONTES

Nun arquivo non abonda con recoller fondos e coleccións para considerármolo como tal; de feito, o tratamento documental —é dicir, a organización e descripción dos documentos— impone como proceso necesario para facilitar o acceso á documentación e o seu uso, ben con fins de investigación histórica, ben para utilización administrativa. É evidente que os recursos, especialmente os de persoal cualificado, son condición indispensable para levar a cabo estas tarefas.

1.3.1. A organización e os cadros de clasificación

A organización implica, como se sinalou reiteradamente, dúas operacións relacionadas: a identificación dos fondos e coleccións a través do seu seu órgano produtor e dependencias e a xerarquización de todos segundo criterios lóxicos que destaqueñ a relación entre eles. O resultado hase reflectir nun **cadro de clasificación** ou en varios, de acordo co criterio utilizado, que caracterice o conxunto documental, como mínimo, polas súas datas e número de unidades de instalación. En caso de arquivos do mesmo tipo, o cadro pode ser consensual para así facilitar tanto o tratamento

como o intercambio de información entre todos eles⁴⁰.

No ARG, a organización dos documentos **no século XIX** non era moi do agrado de Murguía na súa época de director, quen pensaba na súa explotación con fins históricos. Así, nunha das súas memorias di:

Si, mi país ignora y desconoce su historia; y esto precisamente porque carece de un depósito de papeles como el que se trata de organizar. El que lleva el nombre de General de Galicia, no ha servido nunca, bajo este punto de vista, para nadie ni para nada, a pesar de que entre sus papeles puede asegurarse que guarda este antiguo Reino, las mayores sinó las únicas fuentes históricas que todavía le restan. Esto es lamentable y yo no cumpliría con mi deber como funcionario público, ni con mi conciencia como gallego, si no lo hiciese así presente a V.E. y no tratase hasta donde mis fuerzas alcancen, de ver si es posible organizar y hacer que sirva para algo, este rico depósito confiado a mi guarda y dirección. Tiempo es ya de intentarlo. Si mis esfuerzos son inútiles, me quedará al menos el consuelo de haber querido hacer a mi país, el más grande de los servicios que me es dado prestarle⁴¹

Con todo, o Arquivo estaba ben organizado para a súa función administrativa. Os documentos dividíanse en catro grandes seccións (Fariña, Figueroa, Gómez e Pillado, correspondentes ás catro escribanías de asento da Real Audiencia das que procedían) e ordenábanse por séculos e por “series” que se identificaban pola categoría dos demandantes. Estaba razoablemente disposto para a súa finalidade principal no momento, que era o servizo administrativo á Real Audiencia. Outra cuestión é a da súa instalación, que era moi deficiente.

Esta clasificación foi perfeccionada por Martínez Salazar⁴², incluíndo xa outros fondos alleos á Real Audiencia; e continuada en 1976, con algunas reformas e novas incorporacións, por Antonio Gil Merino, quen a divulgou nas súas guías⁴³. As virtudes e defectos desta clasificación eran comuns ás do resto dos arquivos xerais e rexionais do país: aplicación parcial do principio de procedencia, con fragmentación e falta de xerarquización dos fondos, que se repartían entre as distintas seccións do arquivo.

Foi substituída pola **clasificación actual**, que permite a inclusión de calquera nova incorporación e que se utiliza como instrumento de descripción, acompañando a todos os demás instrumentos. A súa base é a separación entre fondos públicos e privados e a división funcional e xerarquización por competencias administrativas e territoriais daqueles. A base teórica procede dos estudos sobre

40 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Normalización de los cuadros de clasificación de archivos”, no curso *Archivos y Documentos. De la tradición a las nuevas tecnologías*. Universidad de Alcalá de Henares, IX Curso de Verano (Alcalá-Sigüenza, xullo 1992). Unha proposta de clasificación funcional en: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olímpia ; PEREIRA OLIVEIRA, Mª Dolores. “Los cuadros de clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales. Una nueva propuesta”. *20 años del Capítulo Español de ISKO / 20 Years of the Isko Spanish Chapter. Actas del X Congreso de Isko-España. Ferrol, 30 de junio - 1 julio 2011 / ed. Mª Carmen Pérez País, María G. Bonome. A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións, 2012.* (Cursos, Congresos, Simposios, n. 132). 32 p. ISBN 978-84-9749-535-6 dp. C 1798-2012. Acompañía CD: Actas... Publicado tamén no RUC. 3. Congresos e cursos UDC. Congreso ISKO España. Congreso Isko España (10º, 2011, Ferrol): <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/11643>

41 MURGUÍA, Manuel. *Memoria relativa al Archivo General de Galicia*. A Coruña, 1871, 59 p., conf. p. 8. Citado en LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Martínez de Murguía , Archivero ”, en *HOMENAXE a Daria Vilariño / Biblioteca Universitaria*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993, pp. 443-478, conf. p. 34.

42 Cadro de clasificación remitido ao subsecretario de Instrucción Pública, 12 maio 1810, para os traballos que o ramo de arquivos, bibliotecas e museos tiña que presentar no Congreso de Ciencias Administrativas de Bruxelas. ARG. Hª 54(8).

43 GIL MERINO, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del Investigador* / Antonio Gil Merino, en colaboración con Elvira Dugnol Villasonte. [Madrid], Dirección General de Archivos y Bibliotecas, 1968. E GIL MERINO, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del Investigador* / por Antonio Gil Merino, prólogo de la Ilma Sra. Dña. Vicenta Cortés Alonso. Edición conmemorativa del II Centenario de la creación del Archivo. Madrid, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Comisaría Nacional de Archivos. D. L. 1976.

clasificación de arquivos históricos provinciais, pois o ARG exerce tamén como provincial⁴⁴. Hoxe en día, a súa edición en pdf na web e a incorporación ao portal *Galiciano. Arquivo Dixital de Galicia*, permite a súa actualización periódica⁴⁵.

1.3.2. Os instrumentos de descripción. A súa edición e informatización

O ARG sempre contou con numerosos instrumentos de descripción, desde os primitivos *becerros* ata os soportes informáticos, que constitúen unha familia de abundantes e variados instrumentos moi superior aos existentes en institucións de carácter similar, o que nos obrigou no seu día á elaboración dun catálogo (1ª ed., 1988) para os poder controlar. Unha febril actividade que, fomentada pola existencia dunha escola taller e abundante persoal técnico, orixinou a multiplicación destes instrumentos e a necesidade dunha reedición do catálogo (2ª ed., 1993), cuxa utilidade se comprobou e divulgou⁴⁶ e cuxa necesidade de actualización se volve sentir. Pasouse de 179 a 248 instrumentos descriptivos, que comprenden guías e descripcións xerais, inventarios, catálogos, índices e rexistros en relacións mecanografiadas ou en fichas, estudos de fondos ou series, catálogos de exposicións e bases de datos. Con posterioridade a esa data, aos anteriores uniuse outra boa cantidade, entre guías, catálogos e inventarios, todos en soporte informático. O proceso de informatización e as súas dificultades en orixe foron glosados por Quiroga, Durán e García Miraz⁴⁷.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *Archivo del Reino de Galicia. Catálogo de instrumentos de descripción documental* / Pedro López Gómez, coa colaboración de María de la O Suárez Rodríguez. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1988.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *Archivo del Reino de Galicia. Catálogo de instrumentos de descripción documental y bibliográfica* / Pedro López, coa colaboración de Beatriz Díaz Vázquez. S.I.: Consellería de Cultura e Xuventude, 1993.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Una llave maestra para el acceso a los archivos: el catálogo de instrumentos de descripción documental”, en: *CONGRESO NACIONAL de la Asociación Española de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas. 5º. 25-28 septiembre 1991*. Zaragoza. Actas. S.I.: Zaragoza: Anabad, 1991, pp. 544-551. E tamén no: *Bol. de Anabad*, XLI, 3-4 (xullo-decembro 1991) 149-155.- Actualizacións posteriores: ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Catálogo de instrumentos de descripción documental e bibliográfica* / Dirección: Pedro López Gómez, Gabriel Quiroga Barro. Realización: Beatriz Díaz Vázquez, Mª del Mar García Miraz, Rosa Mouriz Pantín. S.I. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, 50 pp. (335 asentos). <http://archivosdegalicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-do-reino-de-galicia/resources/downloads/19_73_2_catalogo.pdf> [Consulta 22 xaneiro 2016].

As **guías e descripcións xerais** son aquelas que se refiren ao Arquivo nas súas distintas acepcións

44 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro (coord.). *Organización de Fondos de los Archivos Históricos Provinciales* / Comisión Técnica de Archivos Históricos de Anabad. Pedro López Gómez, coordinador. Madrid: Anabad, D.L 1994.

45 ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Cadro de organización de fondos: actualización de 2018*: http://archivosdegalicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-do-reino-de-galicia/resources/downloads/cadro_clas_2018edit.pdf [Consulta 15/2/2018].

46 Un catálogo de instrumentos similar incluíuse na descripción do Arquivo Xeral de Centro América, cuxos fondos gardan unha fascinante similitude cos do Arquivo do Reino de Galicia en canto á súa composición: Real Audiencia, Real Intendencia, Capitanía Xeral, Federación de Centro América (Galicia provincia única), República de Guatemala (provincia da Coruña), ademais de fondos locais e privados: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *El Archivo General de Centro América (Ciudad de Guatemala): Informe, Prólogo de Vicente Cortés Alonso*. Madrid: Anabad, 1991, 224 p. Resumo: <http://www.anabad.org/publicaciones/> (04/11/2010).

47 QUIROGA BARRO, Gabriel ; LORENZO DURÁN, Rafael ; GARCÍA MIRAZ, Mª del Mar. “A informatización do Arquivo do Reino de Galicia, entre o voluntarismo e o apoio institucional”, en *Actas das III Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia, Ferrol, 23-25 setembro 1999. As Novas Tecnoloxías ó Servicio do Usuario en Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999. p. 87-95.



Organización de Fondos de los Archivos Históricos Provinciales /
Comisión Técnica de Archivos Históricos de Anabad. Pedro López
Gómez, coordinador. Madrid: Anabad, D.L 1994, 111 pp; il.

de institución, edificio e conxunto de fondos documentais, pois as que versan sobre un fondo determinado inclúense entre os seus instrumentos; o seu número aumentou a 60⁴⁸.

Ás guías impresas más relevantes realizadas por Gil Merino, xa mencionadas, de quen temos tamén guías temáticas referidas a agricultura, economía e Iberoamérica, hai que lles engadir outras varias, ademais de descripcións xerais de arqueiros e historiadores interesados polos fondos documentais: algunas dunha grande envergadura, como a de fontes para a historia de América (da que se imprimiron as partes documental textual e cartográfica e queda pendente a bibliográfica), unha achega do centro ao V centenario do descubrimento deste continente; ou as realizadas sobre o Arquivo e movementos culturais como a Ilustración; sobre a función do Arquivo na formación de arqueiros; sobre as fontes da economía e a sociedade no s. XVIII; da banca; da arte nos mosteiros cistercienses; da cinematografía; da lingua galega e da historia rexional e local; sobre períodos cronolóxicos distintos:

48 De divulgación xeral son: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "El Archivo del Reino de Galicia". *Hidalguía. La Revista de Genealogía, Nobleza y Armas*. Ano XXXIX, n. 226-227 (Madrid, maio-setembro 1991) 429-449. Número extraordinario dedicado ao corpo de arqueiros, bibliotecarios e arqueólogos. Hai tirada á parte; "Tres aspectos del Archivo del Reino de Galicia". *La Coruña. Paraíso del Turismo*. Coruña, 1986, 3f.- Xunta de Galicia. BREVE guía: fondos documentais. Exposición arquivo: renovado. *Arquivo do Reino de Galicia*. [Santiago]: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003.



Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *Catálogo de instrumentos de descripción documental y bibliográfica* / Pedro López, coa colaboración de Beatriz Díaz Vázquez. S.l.: Consellería de Cultura e Xuventude, 1993, 95 pp., 2 f., il.

os documentos da época medieval, do século XVIII, da Guerra Civil; do bicentenario do Arquivo e do seu presente; sobre distintas clases de documentos, como os fotográficos e os cartográficos; sobre as novas adquisicións de documentos; sobre a súa conservación e o seu tratamento mecanizado, ademais doutras varias de carácter xeral⁴⁹. Na colección “Archivos de Galicia” publicáronse en 1994-95 seis delas (América, familias, ordes militares, institucións eclesiásticas, documentos cartográficos e documentos fotográficos). Das más relevantes darase referencia concreta ao longo deste traballo. Algunhas delas están incluídas en descripcións de carácter máis amplio, relativas a arquivos galegos ou españois.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de Fuentes para la Historia de América en el Archivo del Reino de Galicia. I. Fuentes Documentales. II. Documentos Cartográficos. III. Catálogo Bibliográfico* / Dirección Pedro López Gómez. T. I. I. *Fuentes Documentales* / Beatriz Díaz Vázquez. Pedro López Gómez. II. *Documentos Cartográficos*. Olimpia López Rodríguez. Santiago: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Cultural, 1994. “Archivo del Reino de Galicia”, en *Guía de los Archivos Estatales Españoles. Guía del Investigador* / Inspección Técnica de Archivos. 2ª ed. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. Subdirección General de Archivos, 1984. -

49 ARCHIVO DEL REINO DE GALICIA. *Catálogo de instrumentos de descripción documental* / Pedro López Gómez coa colaboración de María de la O Suárez Rodríguez. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1988, pp. 19-22.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *Los Archivos de Galicia: Estado de la Cuestión* / É tirada á parte da comunicación encargada para o CONGRESO DE ESTUDIOS VASCOS. 10º. Iruña. 1987. *Archivos, Bibliotecas y Museos. Artxiboak, Liburutegiak, Museoak*. San Sebastián: Eusko Ikaskuntza-Sociedad de Estudios Vascos, 1988, pp. 223-236. Autorizada a súa reimpresión por Anabad Galicia e o Arquivo do Reino de Galicia para ser ofrecida aos participantes ás "I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia" (A Coruña, 16-18 outubro 1988), patrocinadas polo Banco de Bilbao da Coruña. A Coruña: s.l.: s.n.[s.i.], s.a.: 1988; "Las fuentes documentales de los archivos regionales y provinciales". *Studia Historica. Historia Contemporánea*. Vols. VI-VII (Salamanca, 1990) 225-248. Hai tirada á parte.- QUIROGA BARRO, Gabriel. *Arquivo do Reino de Galicia*. 2001, na World Wide Web: <<http://www.Xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivo%20reino/index.htm>> (ligazón non operativa nesta data, 2018).

Dos **inventarios, catálogos e estudos de fondos e coleccións documentais**, organizados seguindo o cadre de clasificación do centro, cabe dicir que o seu número pasou dos 138 que citabamos na primeira edición do catálogo de instrumentos (1988) aos 195 na segunda (1993), ata superar na actualidade os 200.

Calculabamos en 500.000 as fichas dos instrumentos redactados en cédulas soltas en 1988, relativas a todo o conxunto de fondos e coleccións, cunha cantidade inxente de información, cuxo tratamento informático era imprescindible para acceder aos diversos elementos informativos que conteñen os asentos, xa que polo xeral os inventarios e catálogos dispoñibles carecían de índices de asuntos ou materias e de aí que a súa utilización resultase tarefa ardua e fatigosa. A descripción de fondos en cédulas soltas foi substituída pola utilización de aplicacións informáticas específicas.

A inmensa maioría dos instrumentos segue a corresponder ao núcleo máis importante, constituído pola **Real Audiencia/Audiencia Territorial**, que pasou de 62 a 73 instrumentos entre 1988 e 1993; e se os máis deles seguen en cédulas soltas (53, antes 47), a novidade principal son os estudos de series, especialmente as bases de datos catalográficas⁵⁰ e os catálogos resultantes en papel, que esperamos muden o panorama descriptivo do Arquivo no curto prazo mediante os seus índices mecanizados. Insistimos na extraordinaria importancia da base de datos referente aos procesos da Real Audiencia, que na actualidade é utilizable polos usuarios, como xa anunciabamos en 1996, e que se encontra dispoñible no portal *Galicianana. Arquivo Dixital de Galicia*.⁵¹ Algúns catálogos foron editados en papel. Citamos os seguintes:

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. Coordinación e textos: Gabriel Quiroga Barro ; artigos: Eva García Amador, Pedro López Gómez, Fernando Pérez Rodríguez, Gabriel Quiroga Barro ; revisión catalográfica e índice: María del Mar García Miraz. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Real Audiencia de Galicia: Catálogo de expedientes de apeo* / Dirección: Pedro López Gómez ; proxecto informático: Antonio Martínez Cortizas, Pedro López Gómez, Rafael Lorenzo Durán ; realización: Gregorio Casado González, Mª del Carmen Cierto Castaño, Mª del Mar García Miraz, Juan Lorenzo García Sánchez, Mª del Carmen Prieto Ramos ; edición e introdución: Gabriel Quiroga Barro.

50 LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Mecanización de los catálogos del fondo de la Real Audiencia en el Archivo del Reino de Galicia"= "Auzitegi errealeko gordailuaren katalogoen mekanizazioa Galizia Erreinuko Artxiboa" / Pedro López Gómez e Antonio Martínez Cortizas. *Irargi. Revista de Archivística=Artxbistikako Aldizkaria*. Vitoria-Gasteiz. Ano III, N° III (1990) 11-54. Comunicación encargada para as Xornadas de Arquivística de Euskadi. 1º, 1990, Bilbao.

51 Galicianana. Arquivo Dixital de Galicia: <http://archivo.galicianana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/gl/consulta/registro.do?id=2253>

Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999, 110 pp.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Real Audiencia de Galicia. Catálogo de Expedientes de Veciños* / Dirección: Gabriel Quiroga Barro ; proxecto informático: Antonio Martínez Cortizas, Pedro López Gómez, Rafael Lorenzo Durán, coa colaboración de Luis Suárez Tajes ; realización: Cristina Bañobre Fraga, Gregorio Casado González, M^a del Mar García Miraz, Ana Rosa González Díez, M^a del Pilar Méndez López, M^a Josefa Piñón López, M^a Teresa Piris Peña, Susana Quiroga Barro.- [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002, 2 v.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Real Audiencia de Galicia. Juzgado de la Protectoría del Voto del Apóstol Santiago. Catálogo Documental* / Dirección: Pedro López Gómez ; proxecto informático: Antonio Martínez Cortizas, Pedro López Gómez, Rafael Lorenzo Durán ; realización: M^a del Mar García Miraz, Ángel González Lara ; coa colaboración de Dionisio Piñuela García, Dulce M^a Villares Cuba ; tesouro: M^a del Mar García Miraz, Rafael Lorenzo Durán, Gabriel Quiroga Barro. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, 536 p.- MARTINEZ GARCIA, Luis. "Catálogo de Viñas del Archivo del Reino de Galicia", en *Actas de las XI Jornadas de Viticultura y Enología de Tierra de Barros. Almendralejo, 8-12 de Mayo de 1989*. Almendralejo: Escuelas Universitarias de Formación del Profesorado de E.G.B. e Ingeniería Técnica Agrícola Santa Ana, D.L. 1989. Separata. pp. 349-351.

Para o **resto dos fondos** hai inventarios en cédulas soltas e outros novos, con tratamiento de textos en computador, elaboración de bases de datos e creación de índices mecanizados. Ademais, procurouse a edición impresa non só de estudos de series e fondos, senón tamén dos instrumentos propiamente ditos, como unha mellor forma de garantir a súa difusión. Estes que indicamos son as novedades sobre o catálogo de 1988. Queremos sinalar como os máis importantes os diversos instrumentos do Goberno Civil, do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza, do Parque e Mestranza de Artillería, das coleccións iconográficas, cartográficas e fotográficas e da biblioteca auxiliar, cuxos catálogos tamén estaban en proceso de mecanización. No 2016 todo está vertido na base de datos accesible na rede, incluída a biblioteca de Santa Catalina de Montefaro. Non o están as publicacións periódicas, aínda que contan cunha base de datos para o seu control. Citamos algúns dos editados:

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. BIBLIOTECA. *Catálogo de impresos del fondo José Cornide en el Archivo do Reino de Galicia*. Dirección Pedro López Gómez ; realización Mercedes Cerdeiras Uría. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección cartográfica do Archivo do Reino de Galicia*. Artigos: Pedro López Gómez, Luis Martínez García ; fotografías: Luis Carré ; documentalistas: Beatriz Díaz Vázquez, Olimpia López Rodríguez, Gonzalo Méndez Martínez, María del Carmen Prieto Ramos ; restauración: Eva García Amador ; coordinación da edición: Gabinete Patrimonio S.L. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L. 1994. Acompaña carpeta con reproducións fotográficas.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección de postais A Coruña. 1900-1940*. Coordinadores: Olimpia López Rodriguez e Luis Martínez García ; fichas de catálogo: Olimpia López Rodríguez e Beatriz Díaz Vázquez ; deseño: Adela Morán ; fotografía: Rosa Domínguez Barral e Emilia Priegue Iglesias. [s.l.]: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude, 1992.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Galicia a principios do século XX: Colección de postais*. Coordinadores da edición: Gabinete de Patrimonio; artigo: Pedro López Gómez ; catalogación e selección das postais: Alicia Lago González e Cristina Sánchez Quinteiro ; deseño e maquetación: Gabinete de Patrimonio; fotografía: Rosa Domínguez Barral e Emilia Priegue Iglesias. [s.l.]: Xunta de Galicia, 1993.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Sanatorio Marítimo de Oza: Instrumentos descriptivos*. Dirección: Luis Martínez García, Pedro López

Gómez. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1996.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *A Saudade do Progreso. A Coruña 1890-1936.* Coordinación e textos: Gabriel Quiroga Barro ; artigos: Xosé Ramón Barreiro Fernández, Gabriel Quiroga Barro ; catálogo documental e índices: Pilar Méndez López, Gregorio Casado González. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, D.L. 1997.- BERNAL DÍAZ, Violeta, CIBEIRA BADÍA, M^a Amelia, MÉNDEZ FERNÁNDEZ, José Luis. "Juntas, Comisiones, Jefaturas... Provinciales: su relación con Gobierno Civil", en *Actas de las I Jornadas sobre metodología para la identificación y valoración de fondos documentales para las Administraciones Públicas, Madrid, 20 - 22 marzo 1991.* Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992. pp. 299-344.- CAÍNZOS CORBEIRA, Alejandro. "Organización y descripción de un fondo del Archivo del Reino de Galicia: Libros de las Contadurías de Hipotecas de la provincia de La Coruña", en *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas, Coimbra, 1987.* Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 275-284.- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz, MARTÍNEZ GARCÍA, Luis, SÁNCHEZ QUINTEIRO, Cristina. "La Delegación Provincial de Cultura de A Coruña", en *Actas de las I Jornadas sobre metodología para la identificación y valoración de fondos documentales para las Administraciones Públicas. Madrid, 20 - 22 marzo 1991.* Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992, pp. 361-369.- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz ; MARTINEZ GARCIA, Luis, SÁNCHEZ QUINTEIRO, Cristina. "El Sanatorio Marítimo Nacional de Oza. Un estudio de siete fondos documentales". *Boletín Anabad*, xaneiro-marzo, 1991, vol. XLI, nº 1, pp.7-19.- GARCÍA MIRAZ, María del Mar, QUIROGA BARRO, Gabriel. "A descripción normalizada, unha premisa para a cooperación: O Arquivo de María Barbeito ", en *II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia: Cooperación: Realidade e futuro: A Coruña, 24-26 de abril de 1997.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, pp. 433-457.- LOPEZ GOMEZ, Pedro. "As familias e os seus fondos documentais no Arquivo do Reino de Galicia", en *Conserva-la memoria. Novas adquisicións da Consellería de Cultura e Xuventude para o Arquivo do Reino de Galicia. [S.I.]*: Xunta de Galicia, D.L. 1993. pp. 25-34.- MARTINEZ FERNANDEZ, Herminio. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del Archivo del Reino de Galicia: El Archivo de la Familia Monteagudo ", en *Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas. Coimbra, 1987. A Integração Europeia: um desafio à informação.* Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 285-29.- MARTUL ALVAREZ DE NEYRA, Jaime. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del ARG: Las Magistraturas Provinciales de Trabajo de La Coruña", en *Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecario s, Arquivistas e Documentalistas, Coimbra, 1987. A Integração Europeia: um desafio à informação.* Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 245-308.- "Parque y maestranza de Artillería de La Coruña: Ensayo de descripción normalizada de un fondo. Archivo del Reino de Galicia". Carmen González Alonso, Marta Monterroso López, Gabriel Quiroga Barro, Mercedes Pato Calleja, en *Fuentes para la historia militar en los archivos españoles: Actas de las VI Jornadas Nacionales de Historia Militar, Sevilla, 610 de mayo de 1996.* Sevilla: Deimos, D.L. 2000, pp. 173-186.- QUIROGA BARRO, Gabriel. "El fondo del Tribunal Provincial de lo Contencioso Administrativo de La Coruña en el Archivo del Reino de Galicia", en *La Administración de Justicia en la Historia de España. Actas de las III Jornadas de Castilla- La Mancha sobre investigación en archivos.* Guadalajara: Junta de Comunidades Castilla-La Mancha; Anabad Castilla-La Mancha, 1999, pp. 1039-1059.- QUIROGA BARRO, Gabriel. "Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia. Aproximación ao seu estudio arquivístico", en *FERNÁNDEZ*

CORTIZO, Camilo ; GONZÁLEZ LOPO, Domingo L.; MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique (ed.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade. Facultade de Xeografía e Historia, 2002. pp. 439-462.- SUAREZ RODRIGUEZ, María de la O. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del Archivo del Reino de Galicia: La parte histórica de su archivo de gestión", en *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas, 1987*, Coimbra. Livraria Minerva, 1987, pp. 309-318.- "Una aportación al estudio tipológico de la documentación judicial del Antiguo Régimen: los Pedimentos". María del Mar García Miraz, Pedro López Gómez, Blanca Picabea Eléxpu, María Consuelo Tacón Sanjuán, en *Actas de las I Jornadas sobre Metodología para la Identificación y Valoración de Fondos Documentales para las Administraciones Públicas*, Madrid, 20-22 marzo 1991. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992. p. 141-149.

En resumo, salvo raras excepcions correspondentes a ingresos moi recentes, dicíamnos en 1996 que non existía un fondo documental que non contase con algún tipo de instrumento descriptivo. Isto xa non era exacto en 2016, debido ás numerosas incorporacions de fondos das delegacions da Xunta, moi voluminosos, que só estaban descritos parcialmente, ou que non contaban máis que con relacions de entrega ou coa base de datos de rexistro topográfico.

En relación á elaboración de instrumentos descriptivos, dicíamnos en 1988 que a nosa intención era sometelos a unha **planificación** segundo a cal cada fondo contase cun inventario (que permitise a identificación e localización dos documentos) e cun rexistro topográfico (que facilitase a súa localización e control), de xeito que non se realizasen índices nin catálogos en fondos que non fosen previamente inventariados, que é o nivel mínimo descriptivo que aceptamos. Os índices enténdense como un complemento necesario dos inventarios e os catálogos; estes últimos elaboraranse só en casos xustificados pola antigüidade, rareza ou soporte especial dos documentos (coleccions documentais en papel ou pergamiño, mapas, planos, debuxos, fotografías, etc.). Procuramos, segundo os medios dispoñibles, cumplir o noso propio método de traballo e aspiramos a que todos os instrumentos que se elaboren no futuro teñan a súa matriz en soporte informático, aínda que ao investigador se lle sirva unha copia en papel.

Seguimos pensando no valor das **publicacións impresas** dos instrumentos descriptivos para a súa difusión, seguindo un criterio xerárquico. Non importa a forma en que se faga: o importante é que circulen, comezando polos máis xerais. Ademais, aproveitamos as exposicións montadas polo Arquivo para editar, incluídos nos catálogos respectivos, estudos de fondos ou series, ou catálogos de series ou coleccions enteiras que poidan resultar de interese máis xeral que o únicamente exposto. Pero impuxéronse, pola súa accesibilidade universal, as publicacións dixitais, fáciles de distribuir, que permiten ademais unha edición rápida e económica.

1.3.3. A Escola Taller de Arquivos do ARG

Entre 1988 e 1990 (outubro 1988 - outubro 1990) funcionou no ARG unha "Escola Taller de Arquivos do Arquivo do Reino de Galicia" da que egresaron boa parte dos arquiveiros galegos en exercicio. A súa integración nas tarefas do centro supuxo un avance nos procesos orgánico-descriptivos e unha difusión cara ao exterior que aínda se deixá sentir.

Referencia documental: *Escuela Taller del Archivo del Reino de Galicia. 1ª Fase: octubre 1988-abril 1989. Informe / Pedro López*. A Coruña, 11 outubro 1988.- Idem. *2ª Fase: mayo-octubre 1989. Informe / Pedro López*. A Coruña, 15 febreiro 1990, 2 vol.- *Ministerio de Cultura. Informe de la 3ª fase de la Escuela-Taller del Archivo del Reino de Galicia: noviembre*

1989-abril 1990 / Pedro López. A Coruña, 15 agosto 1990, 2 vol.- *Ministerio de Cultura. Informe de la 4ª fase de la Escuela-Taller del Archivo del Reino de Galicia: mayo-octubre 1990* / Pedro López. A Coruña, 31 outubro 1990.

Referencia bibliográfica: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Una nueva experiencia en formación de Archiveros : Las Escuelas Taller”, comunicación presentada no Seminario “Os arquivos en tempo de mudanza” (Porto, 4 novembro 1988), organizado polo Departamento de Ciencias Históricas da Universidade Portucalense e a Bad (Associação Portuguesa de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas).

1.4. O ACCESO MATERIAL ÁS FONTES

Non podemos deixar de mencionar como outro factor condicionante da investigación as situacións que limitan o acceso ás fontes, como poden ser os horarios, a existencia e condicións das salas de consulta e as facilidades para reproducir documentos.

1.4.1 Os locais e salas de consulta

O Arquivo do Reino estivo instalado no pazo Real, hoxe da Capitanía, desde a súa creación, en 1775, ata 1936, cando foi desaloxado e trasladado ao pazo de Xustiza, onde permaneceu ata 1955, ano en que se inaugurou a daquela chamada Casa da Cultura, hoxe destinada en exclusiva para edificio do Arquivo. Aínda que a concentración da documentación no pazo Real impidiu destrucións e desaparicións, no entanto, a falta de mantemento e as péssimas condicións ambientais (o mesmo que ocorría, aínda que máis paliado, no pazo de Xustiza) non facilitaban o uso con fins de investigación dos documentos. Contados foron os investigadores que explotaron os seus fondos naquelhas circunstancias. Só a partir da instalación no edificio actual os investigadores dispuxeron de salas dignas e confortables: non é casualidade que o uso intensivo dos seus documentos tivese lugar a partir dos anos sesenta.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Palacios para un Archivo Real / Artigos*: Pedro López Gómez, Yago Bonet Correa. Catalogación: María del Pilar Méndez López, Cristina Díaz Vázquez. Fotografía: Luis Gonzalo Pérez. Coordinación editorial, deseño e maquetación: Gabinete de Patrimonio. A Coruña: Xunta de Galicia, D.L. 1995.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “El Archivo del Reino de Galicia en los calabozos (1936-1955)”, en JORNADAS DE CASTILLA-LA MANCHA SOBRE INVESTIGACIÓN EN ARCHIVOS (4º. 2000. Guadalajara). *El Franquismo: el Régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en Archivos.*: Guadalajara, 9-12 de noviembre de 1999 / Archivo Histórico Provincial de Guadalajara. [Toledo]: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha; Guadalajara: Anabad Castilla-La Mancha, 2000, pp. 549-567.

1.4.2. Os horarios. O persoal

Unha dificultade tradicional foi a dos horarios, á súa vez condicionados pola escaseza de persoal, e que nos dez anos anteriores a 1996 se mantiveran igual: de luns a sábados, en xornada de mañá únicamente. A partir dessa data, por transacción entre a dirección e os traballadores, cambiouse a apertura dos sábados pola apertura dunha tarde na semana, en sesión continua, solución non do gusto de todos, pero que ao parecer aumentou notablemente a afluencia de investigadores. O horario era de 8.30 a 15 h e os xoves de 8.30 a 18.30 h. Na actualidade, grazas a un aumento substancial de persoal, existe un horario continuo de luns a venres, de 8.30 a 20.30, que no verán

(16 de xuño a 16 de setembro) se reduce de 8.30 a 19.30 h. Pecha os festivos do martes de Entroido (variable), o Día das Letras Galegas (17 de maio), San Xoán (24 de xullo, festa local) e o Día da Comunidade Autónoma (25 de xullo)⁵² En canto ao persoal, lembremos que raro foi o período en que contou o ARG con máis de dous facultativos superiores, así que era frecuente a presenza exclusiva dun único arquiveiro. A situación actual, con media ducia de facultativos, é substancialmente mellor.

1.4.3. O servizo de copias e reproducións

Quedaron moi atrás as copias manuscritas de documentos, grazas ás técnicas fotográficas. Os documentos poden ser reproducidos para os usuarios de acordo coas normas vixentes (O. 4 de marzo de 1959 e posteriores) e mediante o pagamento das taxas correspondentes, que pasaron a ser reguladas pola Comunidade Autónoma. É potestade da dirección do centro a denegación deste permiso (art. 11, 12, 13 e 14), que debe basearse en razóns de conservación. Queda prohibida a reproducción das copias subministradas polo Arquivo con efectos comerciais ou de investigación sen a debida autorización do centro (art. 15, O. 4 marzo 1959). As normas de reproducción con fins de investigación de documentos con planos e deseños de autor será libre, de acordo co previsto no art. 37 da Lei 22/1987, do 11 de novembro, de propiedade intelectual; toda reproducción está suxeita á Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu art. 12, desenvolvido polo Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica, tít III, art. 9153. O servizo de reprografía, especialmente coidado no ARG, fai as súas entregas praticamente no día, salvo para pedidos moi voluminosos. Unicamente puideron xurdir problemas coas reproduccións fotográficas, por carecer de persoal especializado e ter que recorrer ao externo; pero ao dispor de reproducción fotográfica dunha gran parte do material especial, en negativos e diapositivas, axilízase a expedición de copias. No 2016 xa se conta con persoal especializado e gran parte da Colección fotográfica está dixitalizada e accesible na rede.

⁵² Datos da súa páxina web: <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/el-archivo/index.html?lang=gl> [consulta 17 setembro 2016]

⁵³ Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 241, do 13 de decembro de 1991) e os regulamentos de desenvolvemento, especialmente o Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica (DOG nº 231, do 26 de novembro de 1992). Normativa posterior: O. do 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e reproducción dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG nº 175, 10 de setembro de 2010); e D. 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reproducción prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia (DOG nº 229, 30 de novembro de 2011).

2

AS FONTES E A SÚA EXPLOTACIÓN

A explotación das fontes é o fin último dos arquivos históricos e o obxectivo dos investigadores que os utilizan. O posible usuario debe dar previamente os seguintes pasos: identificarse e acreditar; indicar o obxecto ou materia do seu interese; localizar os documentos soporte da información ou testemuño considerados a través dos instrumentos existentes; acceder a eles a través da consulta; no seu caso, solicitar o seu préstamo (restrinxido a certos usuarios) e/ou copia ou reprodución. Todas estas actividades quedaban reflectidas nun conxunto de documentos que nos permitían obter os datos referentes a investigadores, temas e documentos utilizados polos investigadores cunha base cuantitativa, hoxe de consecución máis difícil⁵⁴:

- Tarxetas de investigador e autorizacións temporais
- Expedientes de investigadores
- Papeletas de pedido
- Consultas escritas; rexistros e bases de datos de consultas
- Relacións de investigadores para as guías de investigadores
- Estatística internacional de arquivos e outros cuestionarios do CIDA
- Cuestionario para o Censo Guía de Arquivos
- Datos para a elaboración da memoria do Goberno Civil
- Partes de estado e de traballo, trimestrais e anuais
- Resumo de actividades, para o INE
- Memorias anuais e globais para períodos determinados.

⁵⁴ Hoxe en día xa non é posible publicar estas informacións, afectadas pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE 14 decembro 1999).

2.1. OS INVESTIGADORES E OUTROS USUARIOS

O investigador académico, procedente do campo da historia, ademais da propia administración propietaria dos fondos, foi o usuario tradicional dos arquivos. Ao longo do século XX, especialmente naqueles arquivos con fondos abertos (é dicir, que reciben transferencias de organismos administrativos vivos), foron aparecendo outros investigadores con múltiples intereses: no campo das ciencias sociais, sociólogos, antropólogos, xornalistas, documentalistas; noutros campos relacionados coa xeografía, a literatura, as belas artes e mesmo as ciencias puras, cuxa delimitación en relación cos investigadores académicos non sempre é dodata nin posible, como ocorre cos xenealoxistas, os estudos de xénero ou outros con intereses de carácter técnico ou utilitario, lonxe da especulación académica. A eles hai que engadir a presenza, cada vez más numerosa, de cidadáns de a pé, que buscan un dato, unha información ou un documento en fondos de época actual, en xeral para as súas necesidades ou obrigas administrativas ou xurídicas. Por iso, substituíuse o concepto de investigador polo de usuario, que é máis amplio e non discriminatorio.

As estatísticas, especialmente as relacóns de investigadores de determinados anos incluídas nas memorias anuais, facilitábannos a súa nacionalidade, idade, sexo, titulación académica e/ou administrativa, profesión, etc., ademais dos temas investigados, datos non todos publicables, como se sinalou, por se estimaren de carácter privado na actualidade.

2.1.1. A evolución do número de usuarios

Xa indicamos que o número de usuarios estivo suxeito ás condicións tanto legais como materiais do acceso: a normativa, o calendario laboral, o horario, os recursos dos centros en relación ao persoal, as instalacións e o equipamento. Tamén influía o volume e carácter dos fondos e o tratamento arquivístico dos documentos en relación ásúa clasificación e descripción, a publicación de instrumentos descriptivos, informatización e dixitalización. O inicio do século non ten nada que ver co seu final. As cifras falan de seu. Ao principio só había investigadores académicos, historiadores (e poucos), ademais dos cidadáns que acudían por razóns utilitarias ou a propia Administración, para apoiar as súas actuacións. Ao final, a complexidade do campo de usuarios é grande; as modalidades dos servizos, variada; e as súas cifras, enormes, acadan os milleiros, debido, sobre todo, á incorporación das novas tecnoloxías, especialmente para a reproducción dos documentos. Será a partir de 1988 cando o termo “usuario” substitúa nas memorias a voz “investigador”.

Podemos extraer información sobre os investigadores e sobre os servizos que se lles prestaron a partir das memorias anuais, ou globais para determinados períodos, e doutros documentos como a estatística internacional de arquivos e o censo guía de arquivos; ou en carencia deles, dos partes trimestrais ou anuais de traballo⁵⁵. Poden confrontarse os datos no cadro de evolución da investigación e do servizo ao público, en anexos.

Xorden problemas coa falta de normalización das memorias anuais ata 1925. Como consecuencia do disposto no Regulamento para o réxime dos arquivos do 22 de novembro de 1925 (art. 17), as memorias sistematizaranse e faranse regulares, aínda que é un feito que non hai máis memorias

55 Memorias anuais 1866-1918 (Para o noso período existen as de 1900, 1901, 1900-1901, 1902, 1903, 1904, 1913, 1914, 1918). ARG. H^a Arquivo. Memorias. Ca 48.195 (1), ant. 63 (1).- Memorias anuais 1927-1985 (1927-1928, 1937, 1938, 1939, 1940, 1942, 1945, 1947, 1949, 1950, 1955, 1957, 1959, 1960, 1961, 1962, 1963, 1939-1964; desde 1965 ata 1969 non hai memorias, pero si partes trimestrais; 1970, 1971, 1972, 1973, 1974, 1975, 1976, 1977, 1978, 1979, 1980, 1981; desde 1982 substitúense —non todos os anos— pola estatística internacional de arquivos: 1982, 1983, 1984, 1985. ARG. H^a Arquivo, Ca 48.195 (2), ant. 63 (2).- Memorias 1986, ou con outro formato, os datos para a memoria do Goberno Civil: 1987, 1988, 1989, que alternan coa estatística internacional de arquivos ou o censo guía de arquivos: 1990, 1991, 1992, 1993, 1994; co Programa de avaliación de rendemento das unidades administrativas da Xunta de Galicia para 1995; ou coa memoria de xestión 1996, 1997. ARG. H^a Arquivo. Memorias. Ca 48.385.

ata 1929, e posteriormente ata 1938, ano a partir do cal serán continuas ata 1964, en que hai unha carencia que chega a 1969.

Desde 1927 aparecen cadros estatísticos que expresan por trimestre os fondos recibidos, os inventariados, os traballos de organización e catalogación e outros datos (como investigadores ou buscas) que nos interesan de forma variable. Xeneralízase o uso da máquina de escribir desde a memoria de 1927-1928, de modo que adoitan existir varias copias, ás veces ata catro exemplares, e non é infrecuente que presenten variacións entre elas. O formato cambia desde 1964 ata 1982. Desde este ano 1982 faise cuantitativo, coa esixencia de utilizar formularios pre establecidos, que non permiten matices, para a estatística internacional de arquivos, que se combinará cos datos para a memoria do Goberno Civil, complementaria da anterior, ou cos denominados censo guía de arquivos. Puntualmente, para 1995, dispoñemos do Programa de avaliación de rendemento das unidades administrativas da Xunta de Galicia; e posteriormente, desde 1996, volverase á memoria de xestión, tamén con ricas informacións cualitativas, ademais das estatísticas.

As memorias de principios de século raras veces mencionan datos que nos permitan inferir a presenza de investigadores no ARG, nalgúns casos os propios arquiveiros, como sucede con Oviedo y Arce. No primeiro terzo de século non hai investigadores praticamente; e nos anos cincuenta e sesenta apenas alcanzan a decena. Hai que agardar ata 1977 para superar o centenar de investigadores, e a 1996 para acadar os 1.512, cun máximo en 1998, en que se alcanzaron os 1.851, baixando no 2000 aos 1.358, pero sempre nos últimos anos por enriba do milleiro. A interpretación dos datos, cando non existen memorias e hai que recorrer aos partes trimestrais, suscita dúbidas. No resumo de actividade, para o INE, de 1961 a 1969, distínguese entre os investigadores que inician a súa investigación, os que continúan e os que investigan por terceira persoa. Pero a súa suma non responde por forza á realidade anual.

Tamén é certo que as cifras non sempre inclúen o total de persoas que usaron outros documentos ademais dos arquivísticos, como os da biblioteca auxiliar ou as coleccións lexislativas, a miúdo censadas á parte.

A contabilización das **asistencias** á sala de consulta, que se indica en determinados anos, desde 1959 a 1964 e de 1972 a 1978, deja de ser significativa, para desaparecer das estatísticas desde 1979, agás puntualmente en 1995.

En canto aos **documentos consultados**, empézanse a computar a partir de 1959, con 196 unidades, para acadar as 1.428 en 1965 e chegar ás 10.990 en 1979, cun descenso drástico por baixo das 5.000 unidades desde 1985, cando afundiu nas 1.314, agás algún ano concreto, como 1990, con 6.209 unidades, e 1993, con 8.534. No 2000 computáronse 2.810 documentos. Esta diminución é sen dúbida froito de varios factores: entre outros, a posibilidade de obter fotocopias ou outro tipo de reproducción dos documentos de interese, o que significa que non é precisa a presenza continua do investigador en sala para a súa consulta.

Doutra banda, as **fotocopias** non aparecen ata o último terzo do s. XX, en que se dotou o centro de máquinas reproductoras propias; coas cámaras aparecerán os microfilmes e as fotografías, en positivo e negativo. En 1969 citáñose as fotocopias por primeira vez, con 110 realizacións; en 1979 alcánzanse as 5.578; en 1986 as 38.720, aínda que este foi un máximo non mantido con posterioridade, e únicamente superado en 1995 con 41.731 fotocopias. No 2000 contabilizáronse 36.934 fotocopias. Hai que indicar que as de uso interno do centro non se inclúen nestas cifras. Cómpre tamén apuntar que o custo das fotocopias constitúe un freo para a súa petición, aínda que habitualmente, para o investigador académico, corre a cargo dos proxectos de investigación.

Nas memorias de principios de século, cando o centro non se usa para a investigación máis que

esporadicamente, é probable que as **buscas** sexan de carácter administrativo. Son substituídas por consultas escritas a partir da instalación do ARG na Casa da Cultura, en condicións para recibir investigadores. Na Memoria global de 1939-1964 indícanse 682 buscas para o período, sen datos de certificacións (superá esta cifra de procuras a suma dos datos parciais das memorias anuais que se conservan, moi de lonxe)⁵⁶. Pero a presenza de ambos os datos, de consultas escritas e buscas simultaneamente, desde 1986, cuxas diferenzas parecen ser de matiz, non nos permite adoptar un criterio definido. En calquera caso, sempre son poucas e alcanzan un máximo en 1986, con 416 buscas e 48 consultas. No ano 2000 foron 64 as buscas e 10 as consultas.

Doutra banda, hai unha utilización ambivalente da palabra “consulta”, que debemos entender como consultas escritas cando non hai investigadores; e como consultas de documentos, cando hai investigadores, non se especifican, e ademais hai indicación do número de documentos servidos en sala.

En canto ás **certificacións e compulsas**, sempre foron escasas: alcanzan un máximo no ano 2000 con 165 realizacións.

Aínda cando responde máis a criterios de difusión que de investigación, é significativa a evolución do número de visitas ao centro, individuais e colectivas. Un primeiro dato aparece na memoria de 1901-1902, que indica que houbo 20 visitas, entre elas as dos ilustres Eduardo de Hinojosa e Fernando Brieva; pero non hai máis datos ata 1959, xa na denominada Casa da Cultura, cando comezan as visitas regulares de grupos, especialmente de escolares, ou de congresistas, cando coincidía algunha reunión científica na cidade. En contados casos, como en 1959 e 1962, apuntábase a presenza de investigadores estranxeiros relevantes, como Jacinto José do Nascimento Moura e Constance Storrs, ou de representantes da Asociación Argentina de Hijos de Españoles; e nalgún máis, 1971 e 1972, establecíase unha distinción entre visitantes nacionais e estranxeiros que non prosperou. Tratábase especialmente de persoas orixinarias da Arxentina, onde a comunidade galega tivo unha notable presenza, interesadas en cuestións xenealóxicas. Nos anos 90 dispúxose dun gabinete educativo cunha responsable bolseira pola Deputación Provincial (ata 1996) que xestionou esta interesante actividade. Hoxe en día, a atención ás visitas é unha das funcións permanentes do arquivo.

2.1.2. Tipos de usuarios.

As estatísticas da Inspección Xeral de Arquivos, cando esta existía, e especialmente as denominadas guías de investigadores, permítennos coñecer, para os anos sesenta e setenta, cal era o perfil tipo dos investigadores nos arquivos públicos españoles⁵⁷, e polo tanto no ARG, que podemos reducir a tres categorías principais:

- Investigadores académicos cuxas actividades se centran na historia e no dereito.
- Estudiantes de diferentes niveis, ocupados en realizar memorias de licenciatura e teses de doutoramento.
- Eruditos e estudiosos locais.

Chegamos nos anos noventa a unha situación que se caracteriza pola súa fluidez e diversidade. Non

56 Archivo Histórico-Rexional de Galicia. Memoria-resumo do seu desenvolvemento no período comprendido entre os anos 1939 e 1964. ARG. Hº Arquivo. Memorias. Ca 48.195 (2), ant. 63(2).

57 Ver unha categorización de usuarios de arquivos en: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Las nuevas tecnologías al servicio del usuario en los Archivos”, en *As novas tecnoloxías ó servizo do usuario. III Xornadas de arquivos, bibliotecas, centros de documentación e museos de Galicia, Ferrol, 23-25 setembro 1999*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999, pp. 19-76. Relatorio.

hai un usuario ou grupos de usuarios tipo. Hai moitos; entre eles, os seguintes, que se suman aos tradicionais xa coñecidos:

- Investigadores operativos: arquitectos, médicos, avogados, procuradores, xornalistas, etc.
- Aficionados á historia, eruditos locais.
- Empresarios.
- Xenealoxistas.
- Usuarios de servizos complementarios do Arquivo: biblioteca, coleccións lexislativas, coleccións fotográficas e cartográficas... por norma xeral tamén moi diversos.
- Público con inquietudes culturais en xeral, especialmente os visitantes de exposicións.
- Alumnos varios, cuxo perfil se foi ampliando par dos centros existentes na cidade e na contorna, tendo en conta, no caso da Coruña, a implantación dunha universidade.

2.2. TEMAS INVESTIGADOS E FONTES UTILIZADAS

O usuario do arquivo, como o propio arquiveiro, debe basear a súa investigación na historia das institucións⁵⁸, calquera que sexa o campo dos seus estudos, desde a historia da arte ata a meteoroloxía. Non ten sentido preguntar nun arquivo “que hai sobre tal tema?” e “que hai sobre tal personaxe?”, como se fai frecuentemente, senón que a cuestión é saber cal era, en cada momento, o organismo ou institución competente para tratar o tema que interesa e os procedementos que usaba: é dicir, como producía e organizaba os seus documentos. No entanto, isto non é así nunha boa parte dos casos.

Por outra banda, o investigador utiliza as fontes seguindo uns criterios non sempre evidentes, mais lóxicos⁵⁹. Sen dúbida, a mellor organización e descripción dun fondo facilita a súa frecuente utilización, e á súa vez a frecuente cita de certos documentos orixina a súa utilización continuada. O interese dos investigadores por determinados asuntos obriga os arquiveiros a elaborar instrumentos dos fondos máis relacionados e mesmo a redactalos con carácter temático, especie de subproduto dos instrumentos xerais. Ao investigador igualmente resúltanlle atractivas as fontes novas e inéditas, áinda as carentes de organización. Tamén é preciso ter en conta as modas historiográficas, as escolas e os usos esporádicos de certas fontes, postas de actualidade por determinadas celebracións, como as pasadas do V centenario do descubrimento de América, as conmemoracións xacobees ou o centenario do desastre do 98. Non hai que esquecer o papel de reforzo informativo que as bibliotecas auxiliares supoñen para a investigación, nalgúns casos con personalidade propia, como ocorre coa do ARG.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Conserva-la Memoria. Novas adquisicións da Consellería de Cultura e Xuventude para o Arquivo do Reino de Galicia.* S.I. (s.I. C.A. Gráfica): Xunta de Galicia, D.L. 1993.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA *Catálogo de nuevas adquisiciones de la Biblioteca Auxiliar del Archivo del Reino de Galicia. Abril-Octubre 1994 / Realización: M^a Mercedes Cerdeiras Uría. Dirección: Pedro López Gómez. A Coruña: 1994. Índices: autor, entrada secundaria, materia, 4 v*

58 LODOLINI, Elio. *Archivística. Principios y Problemas*. Madrid, Anabad, 1993, pp. 207-212.

59 RYSKAMP, George R., J.D., A.G. “Research in the Archives of Galicia”, en *Actas del I Congreso Internacional de Historia y Genealogía Gallega, Buenos Aires, República Argentina, 18 y 19 de noviembre de 1999*. Buenos Aires: Instituto Argentino Gallego de Ciencias Históricas y Genealógicas, 1999, pp.107-116.

2.2.1. Interese dos documentos da Real Audiencia para a investigación

O Arquivo do Reino de Galicia é, sobre todo, o seu núcleo primixenio, máis importante e voluminoso: o da Real Audiencia de Galicia; é dicir, o dun organismo de carácter eminentemente xudicial, aínda que participe tamén de atribucións de goberno.

Esta epígrafe sobre o interese dos documentos da Real Audiencia para a investigación está parcialmente extraída de: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia y la conflictividad social en Galicia en la Edad Moderna (s. XV-XIX)*. Madrid: Universidad Complutense, 1994, 2 vols. Tese doutoral. Publicado: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. Santiago, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Comunicación Social. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, D.L. 1996. Contén: I. *Presentación / Pedro López Gómez ; I^a Parte: Órganos, funciones y actividades de la Real Audiencia de Galicia y su sucesora la Audiencia Territorial de Coruña / Prólogo, José Manuel Pérez-Prendes Muñoz-Arraco. II^a Parte: Documentos y Archivos de la Real Audiencia. El Archivo del Reino de Galicia / Prólogo, Vicenta Cortés Alonso*, 2 vols, pp. 1-729 e 739-1467.

A documentación dos tribunais de xustiza, pola súa significación, volume e antigüidade, foi obxecto de atención en canto á organización e descripción dos seus fondos⁶⁰ e á valoración das súas series documentais⁶¹, de enorme interese para a investigación. Se por algo se caracterizan os seus documentos é pola **variedade** de asuntos ou acontecementos que se amosan no seu interior. Os feitos más nimios da vida cotiá e os avatares políticos, sociais ou económicos más transcedentes para unha nación ou para un grupo humano quedan reflectidos no devir duns organismos cuxo fin primario consiste en arbitrar solucións que equilibren as disputas e controversias de particulares e colectivos, ou nunha pretendida defensa da orde e a paz social.

A Audiencia de Galicia, como institución xudicial superior do ámbito territorial galego, é un instrumento básico para o coñecemento da historia dun pobo, da formación dunha sociedade e das súas transformacións, de tal maneira que a podemos considerar como un espello en que se reflicten os elementos más ou menos distorsionados que edifican as bases da identidade nacional.

A importancia dos seus documentos xa foi manifestada polos diversos arquiveiros do Arquivo do Reino, como **Somoza y Cambero**, en 1866, ao afirmar que a Audiencia fundada polos Reis Católicos en 1480 coñeceu de todos os negocios, non só xudiciais, senón tamén políticos e administrativos do antigo Reino, asumindo en si toda autoridade superior e as facultades dos antigos adiantados e meiríños; e baixo a fórmula xudicial comprendía tanto os asuntos políticos e de goberno como os intereses particulares.

Por conseguinte, custódianse no Arquivo documentos relativos á administración e ao goberno interior local: nomeamentos e eleccións de oficios públicos; aproveitamento, uso ou propiedade de pastos, terreos ou montes comunais; abastos e mantementos; contas de fondos públicos e repartimentos de contribucións; límites, apeos e deslindamentos de termos, e mesmo extracción ou importación de xéneros a través de portos e fronteiras. Nunha palabra, todos os negocios que atanguen á **administración e goberno interior dos pobos**⁶². É neste aspecto tan rico, dicía Torres,

60 ARRIBAS GONZÁLEZ, Soledad. "Los Archivos de la Administración de Justicia en España. Sus fondos, organización y descripción de los mismos". *Bol. Anabad*, XXXVII, 1-2 (1987) 85-98.

61 GRUPO DE TRABAJO DE JUSTICIA. "Metodología para la valoración de series documentales en Archivos de Audiencias y otros Tribunales" / Relator: Ignacio Ruiz Alcaín, en JORNADAS SOBRE METODOLOGÍA PARA LA IDENTIFICACIÓN Y VALORACIÓN DE FONDOS DOCUMENTALES DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. 1^a. 20-22 marzo 1991. Madrid. *Actas*. Madrid: Dirección de los Archivos Estatales, 1992, pp. 93-101.

62 ARG. H^a Arquivo. Memoria. 1866. Ca 63 (1).

que apenas haberá unha localidade que non teña aquí a súa particular historia⁶³.

En canto a papeis **políticos**, consideraba Torres que eran os referentes ao alto governo das mesmas poboacións, como son os preitos entre os pobos e os antigos señores verbo da xurisdición civil e criminal, en primeira instancia ou en apelación, verbo das pretensíons señorais ou de vasalaxe, cobranza de impostos e exercicios doutros dereitos a cuxos preitos viñeran como pezas de xustificaciós antigos privilexios dos reis, sentenzas reais de arbitrios e outros documentos tan curiosos como interesantes, pois manifestan a historia das vilas, dos mosteiros e igrexas, dos ricos homes e cabaleiros, e lévannos ata os primeiros tempos da monarquía. É tal a cantidade de preitos desta clase seguidos nos séculos XVI, XVII e XVIII custodiados no Arquivo, que forman de seu un depósito da maior consideración que merece conservarse con tanto ou más esmero, pois conteñen a historia de Galicia desde os tempos más remotos⁶⁴. Non hai dúbida, salvo a apelación á remota antigüidade dos documentos, do fundamento das súas aseveracións.

En relación aos negocios de interese **particular**, sobre pertenza de bens e rendas, ou de interese de contratación civil, deben existir millóns de preitos, non só civís senón tamén criminais, que tocan algunha vez o interese público, segundo os asuntos sobre os que versan e as persoas e corporacións que neles interveñen⁶⁵.

Para **Martínez Salazar**, “el Archivo de la antigua Audiencia, vasto fondo documental de una abundancia y riqueza inabarcables,... reflejaba como ningún otro la vida gallega del pasado a través del prisma judicial”. Este fondo contén

[...] los testimonios más fehacientes de la historia de Galicia: la Iglesia, la justicia, la hacienda, la nobleza, las clases populares, los municipios, la propiedad, los oficios, las profesiones, los cultivos, la pesca, las instituciones y las relaciones sociales y jurídicas de todas clases, los funcionarios y los particulares que antes que nosotros habitaron este país nuestro, tenían escritos en el Archivo los acontecimientos de su existencia susceptibles de reflejarse en documentos de validez judicial⁶⁶.

Os preitos seguidos entre cidades, bispos, cabidos, mosteiros, magnates, gremios... por cuestiós de privilexios e de preeminencias en festas públicas, sobre xurisdición e señorío, conteñen documentos en que se pode estudar boa parte da historia do feudalismo en Galicia, máis poderoso e senlleiro ca en ningunha outra zona de España, e onde más longa e tenaz resistencia opuxeron os nobres ao poder real, en palabras, tamén, de Martínez Salazar. Atópanse nestes expedientes foros curiosísimos polas súas estrañas condicións, noticia de tributos e prestacións persoais exclusivas deste país, de usos e costumes que se remiten a épocas remotísimas; e por último, a historia de Galicia, desde a das súas cidades más importantes ata a más afastada aldea, e a historia case completa da propiedade rural galega, especialmente desde o século XVI ata mediado o XIX⁶⁷.

Malia todo o que levamos dito, non sempre foron apreciados os documentos xudiciais como fonte para a historia. Podemos traer a colación exemplos concretos, como o de Enrique de Vedia e Goossens,


63 ARG. H^a Arquivo. Memoria. 1882. Ca 63 (1).

64 ARG. H^a Arquivo. Memoria. 1882. Ca 63 (3).

65 ARG. H^a Arquivo. Memoria. 1882. Ca 63 (3).

66 MARTÍNEZ-BARBEITO, Carlos. “Martínez Salazar”. “Prólogo” a: MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. *Algunos temas gallegos. Segundo volumen / Edición de la Real Academia Gallega, costeada por la Excmo. Diputación Provincial de La Coruña y por Doña Elena Martínez Morás, en conmemoración del cincuentenario del fallecimiento del autor. Prólogo de Carlos Martínez-Barbeito*. La Coruña: Academia Gallega (Gráficas do Castro/Moret), 1981, p. 15.

67 ARG. H^a Arquivo. Memorias. 1888. Ca 63 (1).



Andrés Martínez Salazar [visual]: retrato / Avrillón. A Coruña (San Andrés 11): Avrillón, [ca. 191?]. Propiedad de Dª Beatriz Martínez-Barbeito. 11): Avrillón, [ca. 191?]. Propiedad de Dª Beatriz Martínez-Barbeito

historiador da cidade da Coruña⁶⁸, quen en 1845 dicía, falando das fontes que tivo dispoñibles:

[...] escasos han sido los recursos que me ofrecían las obras generales y si hablo de manuscritas especiales, puedo asegurar que tampoco son mucho mayores. El archivo de la Audiencia como creado el año de 1775 y cuando se habían ya perdido y extraviado sus papeles primitivos, apenas presenta documentos dignos de atención, y ademas se contrae especialmente a objetos de interés particular.

É, pese a todo, “historia” o que se acha entre as páxinas dos procesos; pero esta palabra é demasiado ambigua: o seu contido pode estar cheo de diferentes posibilidades, así como de difusas divagacións que nada significan de seu. É imposible parcelar todas as materias que pode outorgarnos un fondo documental tan rico coma este; no entanto, é preciso establecer unha serie de niveis, que por ser subxectivos non son completos, e cuxa importancia, ademais, virá determinada polo propio investigador, quen en definitiva revalorizará ou menosprezará os datos obtidos e dirixirá os seus traballos nun ou noutro sentido.

En primeiro lugar, cómpre indicar que esta documentación é clave para o coñecemento da **historia do derecho**, entendida esta como un conxunto en que se integran o estudio das institucións e da práctica xurídica, así como o coñecemento e aplicación de leis, regulamentos ou ordenanzas.

⁶⁸ VEDIA Y GOOSSENS, Enrique. *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña* por don Enrique de Vedia y Goossens. Coruña: Imp. y librería de D. Domingo Puga, 1845. Coruña: Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses., 1975, p. VII.

Pero o procedemento xudicial comporta de seu a inclusión de diferentes asuntos que son, a un tempo, a propia razón da súa existencia. Así, unha causa poderíanos conceder valiosas pistas para o desenvolvemento da historia política dun pobo: as súas loitas sociais, movementos, motíns, sublevacións, fraudes electorais ou bandoleirismo, encubrindo neste termo a represión dunha tendencia política.

A **historia social** é un apartado de especial interese, que se plasma non soamente no descubrimento das formas e fórmulas de vida das diferentes clases sociais, con especial mención á popular, senón tamén na comprensión das pautas sociais, da proxección e da transformación das grandes liñas que canalizan todos os movementos sociais.

O que no antigo procedemento xudicial chamaban cabeza de proceso —o que hoxe se denominaría xuízo de faltas— serve para pintar de marabilla, “mellor que os sainetes”, os costumes populares, pois áinda que as declaracions das testemuñas están moitas veces amañadas, todas teñen ambiente local e de época, así que para o historiador que pretenda sorprender a vida local da existencia dun pobo nun momento determinado, estes documentos son de especial interese, por achegaren moitos datos de valor⁶⁹.

É verdade que moitas causas se perderon, debido ao diferente criterio mantido durante o s. XIX respecto da documentación de interese para a historia. Lembremos as propostas de expurgación de Torres Martínez en 1882, que comprendían todas as causas comúns, e que por tanto houberon supoñer a eliminación todas agás as que por calquera concepto gozasesen de certa celebridade, como a do lobishome⁷⁰, a dos afogados de 1823, a chamada de *Sopiñas*, a do Xeneral Eguía e outras moitas, por máis dun concepto notables, que se encontran neste arquivo⁷¹. Isto chocaría cos criterios actuais, mais é indubidable que as causas que chegaron ata os nosos días son tamén de indubidable interese para nós.

Tampouco podemos esquecer a **historia económica**, pois non en balde o litixio entre dúas partes polo control da riqueza é unha das bases sobre as que descansan case todos os sistemas sociais creados polo home. Por tanto, dentro da documentación acharemos información non só sobre impostos, rendas ou tributos, senón tamén sobre sistemas económicos, agricultura, industria ou comercio.

Como dicíamos ao principio, os niveis de información son tantos como o número de individuos. Por iso non debemos desbotar os outros modos de facer ou coñecer **historia**, como a **relixiosa**, a **militar** ou a **educativa**, pois calquera parcela que desexemos atopar dentro do campo das actividades humanas poderémola reconstruír, mellor ou peor, de acordo coas nosas propias facultades para a investigación.

2.2.2. O interese do conxunto de fondos e coleccións do ARG para a investigación

Se esta análise, ata agora cinguida ao fondo da Real Audiencia, se aplica sobre o conxunto dos fondos e coleccións do ARG, atopamos que a posibilidade de investigar se amplía notablemente, en relación non soamente coas fontes, moi máis variadas, senón tamén cos temas, como consecuencia das diversas atribucións correspondentes aos distintos organismos produtores dos fondos.

69 HUARTE ECHEIQUE, Amalio. *Archivos. Obra ajustada al cuestionario de temas de 23 de noviembre de 1929 para el ejercicio teórico de las Oposiciones al Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*. 1ª ed. Madrid: Ed. Reus, 1930, pp. 201.

70 Causa criminal contra Manuel Blanco Ramasanta. Xulgado de Allariz. 1852-54. 7 pezas. ARG. Audiencia Territorial. Leg. 1.788. Inspirou a novela *El bosque de Ancines* (1947), de Carlos Martínez-Barbeito, que á súa vez inspirou a película dramática *El bosque del lobo*, dirixida por Pedro Olea e Juan Antonio Porto (1971), sobre o mito do lobishome.

71 ARG H^a Arquivo. Memorias. 1882. Ca 63 (1). Non todas chegaron a nós.




Obras de Don Luis de Gongora / comentadas dedicadas [...] Don García de Salcedo Coronel... ; tomo segundo [primeira parte]... En Madrid: por Diego Diaz de la Carrera: a costa de Pedro Laso..., 1645, [8 f.], 754 pp. [9 fl; 21 cm. ARG. Biblioteca auxiliar. Sig. SCM 102 ARG. Biblioteca auxiliar. SCM-1

= Cultura

Para os aspectos xerais da cultura, en especial os relacionados co pensamento e as letras, o ARG dispón dunha biblioteca auxiliar do maior interese, que é utilizada con froito por profesores e alumnos das facultades de Ciencias Sociais e Humanidades, e en xeral polos investigadores como apoio informativo para as súas pescudas. Isto non implica que determinados fondos —entre os que destacan os “papeis” do polígrafo Cornide— non conteñan datos de relevo para os asuntos xerais do saber e as boas letras, ou das actividades culturais que hoxe se tutelan por parte da administración. No seu conxunto, o acervo documental constitúe parte da memoria da colectividade galega e española e por tanto forma parte tamén do seu patrimonio cultural.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA *Catálogo de nuevas adquisiciones de la Biblioteca Auxiliar del Archivo del Reino de Galicia. Abril-Octubre 1994 / Realización: M^a Mercedes Cerdeiras Uría. Dirección: Pedro López Gómez. A Coruña: 1994. Indices: autor, entrada secundaria, materia, 4 v., 287, 238, 280, 321 p., nec.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (A Coruña). Biblioteca. Catálogo de impresos del fondo José Cornide en el Archivo do Reino de Galicia / dirección Pedro López Gómez ; realización Mercedes Cerdeiras Uría. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996, 112 pp.; il.- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz. “La Delegación Provincial de Cultura de A Coruña” / Beatriz Díaz Vázquez, Luis Martínez García, Cristina Sánchez Quinteiro. Actas de las Primeras Jornadas sobre Metodología para la Identificación*



Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e Iconografía nos Fondos Documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. [S.I.]: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, 210 pp., il.

y Valoración de fondos documentales de las Administraciones Públicas. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de los Archivos Estatales, 1992, pp. 361-369.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Archivos e memoria colectiva”, comunicación encargada para as XORNADAS SOBRE O PATRIMONIO HISTÓRICO E DOCUMENTAL. (5-7 outubro 1990, Viveiro, Lugo).

= Historia do dereito e das institucións

A Historia do dereito e das institucións ten amplio campo de traballo nos fondos arquivísticos, que á fin e ao cabo son o testemuño das actividades de organismos públicos ou privados. Entre eles volvemos salientar o papel fundamental da Real Audiencia e do seu arquivo, que constitúiu a matriz do ARG, do que se afirmou o seu carácter de criatura da Ilustración, e do que se conserva boa parte do seu fondo documental ata a actualidade..

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia y la conflictividad social en Galicia en la Edad Moderna (s. XV-XIX)*. Madrid: Universidad Complutense, 1994, 2 vols. Publicada: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. Santiago, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Comunicación Social. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, D.L. 1996.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “El Archivo del Reino, criatura de la Ilustración”. *La Coruña: Revista del Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses. Conmemoración del Bicentenario de la Reedificación de la Torre de Hércules*. XXVI, 26 (1991) 75-108.- QUIROGA


BARRO, Gabriel. "Fondos Xudiciais do Arquivo do Reino de Galicia". En: *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e Iconografía nos Fondos Documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. S.L. Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 49-67.- SUÁREZ RODRÍGUEZ, María de la O. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del Archivo del Reino de Galicia: la parte histórica de su archivo de gestión". CONGRESSO NACIONAL DE BIBLIOTECARIOS, ARQUIVISTAS E DOCUMENTALISTAS. 2º. 1987. Coimbra *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas*. Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 309-318.

O da Audiencia compleméntase cos fondos doutros tribunais especializados.

GIL MERINO, Antonio. "Los Archivos de la Administración de Justicia en Galicia. Sus fondos. Organización y funciones". *Boletín Anabad*, XXXVII, n. 1-2 (xaneiro-xuño, 1978) 105.- MARTUL ÁLVAREZ DE NEYRA, Jaime. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del ARG: las Magistraturas Provinciales de Trabajo de La Coruña". CONGRESSO NACIONAL DE BIBLIOTECARIOS, ARQUIVISTAS E DOCUMENTALISTAS. 2ª. 1987. Coimbra. *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas*. Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 295-308.- QUIROGA BARRO, Gabriel. "Fondos xudiciais do Arquivo do Reino de Galicia", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos Fondos Documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. Coordinación e textos Gabriel Quiroga Barro; artigos Eva García Amador, Pedro López Gómez, Fernando Pérez Rodríguez, Gabriel Quiroga Barro; revisión catalográfica e índice María del Mar García Miraz. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 49-67.- QUIROGA BARRO, Gabriel. "El fondo del Tribunal Provincial de lo Contencioso Administrativo de La Coruña en el Archivo del Reino de Galicia", en: *La Administración de Justicia en la Historia de España. Actas de las III Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en archivos*. Guadalajara: Junta de Comunidades Castilla-La Mancha; Anabad Castilla-La Mancha, 1999, pp. 1039-1059.

As institucións eclesiásticas, cuxo protagonismo na historia galega do Antigo Régime se adoita salientar, están ampliamente representadas tamén no acervo documental do centro; son susceptibles de ser estudiadas tamén no resto dos fondos documentais non eclesiásticos e contan para orientar os usuarios con guías temáticas específicas, que inclúen ademais orientación sobre ordes monásticas e militares:


DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz. "Las instituciones eclesiásticas y su reflejo documental en el Archivo del Reino de Galicia" / Beatriz Díaz Vázquez, Pedro López Gómez, comunicación presentada ao CONGRESO DE LA ASOCIACIÓN DE ARCHIVEROS DE LA IGLESIA EN ESPAÑA, "Órdenes Monásticas y Archivos de la Iglesia" IX, Oviedo-Valdediós (13-16 de setembro 1993).- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA *Guía de fuentes documentales y bibliográficas sobre instituciones eclesiásticas en el Archivo del Reino de Galicia* / Dirección: Pedro López Gómez. Realización: Pedro López Gómez, Beatriz Díaz Vázquez. [Santiago de Compostela]: A Coruña: Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, D.L. 1995, 53 pp. il.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de fuentes documentales y bibliográficas sobre Ordenes Militares en el Archivo del Reino de Galicia* / Dirección Pedro López Gómez ; realización: María del Mar García Miraz. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, D.P. 1955, 23 pp.- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel. *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1999.



Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *O Camiño como destino. Camiños, camiñantes e peregrinos no Arquivo do Reino de Galicia*. S.I.: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999, 165pp., il.

A existencia de abundantes fondos eclesiásticos non supón por forza que os aspectos relixiosos fosen especialmente investigados, pois moitas veces os documentos corresponden máis aos aspectos de propiedade e administración de bens que aos confesionais e litúrxicos. As celebracións xacobeas impulsaron a elaboración de catálogos relacionados con Santiago e as peregrinacións, para propiciar a súa utilización por un amplio espectro de usuarios. A realización de exposicións foi tamén un medio de difusión.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de Fuentes sobre el Camino de Santiago existentes en el Archivo del Reino de Galicia. I. Catálogo bibliográfico* / Dirección: Pedro López Gómez. Realización: Mº del Carmen Prieto Ramos. Santiago: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago, 1994. Edición dixital: http://arquivoreinodegalicia.xunta.es/archivosGalicia/web/adjuntos/cEnlacesDescargas/11_130_2_guia.pdf (13/12/2011)- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *O Camiño como destino. Camiños, camiñantes e peregrinos no Arquivo do Reino de Galicia*. Coordinación e introdución Gabriel Quiroga Barro ; artigo Ofelia Rey Castelao ; revisión catalográfica e índices María del Mar García Miraz, Gabriel Quiroga Barro. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999.



Fuentes para el estudio del siglo XVIII en Galicia. Historia económica y social. Ciclo de conferencias organizadas por el Archivo del Reino de Galicia (A Coruña, 7-11 marzo 1988). Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1991, 159 pp.

= Economía e sociedade

Sen dúbida, os estudos sobre historia económica e social constitúen o grosor da investigación no ARG: o papel preponderante da agricultura e a pesca no vello reino, poboado basicamente por campesiños e mariñeiros ; o protagonismo do monte que se fai presente de xeito constante no país; as formas retención da propiedade, co uso xeneralizado do foro; os intentos de industrialización de finais do s. XVIII, manifestados na implantación de instalacións como as Reales Fábricas de Sargadelos; os novos usos mercantís e financeiros do s. XX... son asuntos todos que atraeron a atención dos investigadores, que contan para desenvolverse con numerosos instrumentos, algúns deles da súa propia elaboración. O propio ARG contribuíu a espallar a potencialidade destas fontes cun ciclo de conferencias especializado⁷².

CAÍNZOS CORBEIRA, Alejandro. "Organización y descripción de un fondo del Archivo del Reino de Galicia: Libros de las Contadurías de Hipotecas de la provincia de La Coruña". CONGRESSO NACIONAL DE BIBLIOTECARIOS, ARQUIVISTAS E DOCUMENTALISTAS. 2º. 1987. Coimbra. *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas*. Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 275-284.- CARMONA, Xan. "Fuentes para el estudio de la banca en Galicia durante el siglo XIX y primer tercio del XX" / Xan Carmona, Olga Gallego Domínguez

⁷² Ciclo de conferencias organizadas polo Arquivo do Reino de Galicia, 7-11 marzo 1988: *Fuentes para el Estudio del Siglo XVIII en Galicia. Historia económica y social*. Sada (A Coruña, Ediciós do Castro, 1991. Contribucións de Pedro López, Ramón Villares, Xan Carmona, Olga Gallego e Pegerto Saavedra.

e Pedro López Gómez. CONGRESO SOBRE ARCHIVOS ECONÓMICOS DE ENTIDADES PRIVADAS. 2º. 1986. Madrid. *Actas del Segundo Congreso sobre Archivos Económicos de Entidades Privadas. Fuentes para la historia de la Banca y del Comercio en España*. Madrid: Banco de España, 1988, pp.135-140.- GALLEGU DOMÍNGUEZ, Olga. "Fuentes indirectas para la historia de la banca en Galicia" / Olga Gallego Domínguez e Pedro López Gómez. *Bol. de la Anabad*. Madrid. XXXVII, 3 (xullo-setembro 1987) 361-374.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Antecedentes históricos del monte vecinal gallego desde las perspectivas socioeconómica y cultural", en CONGRESO DE MONTES VECIÑAIS. Mondariz-Balneario, 14-16 decembro 1995. *Ponencias e comunicacóns do Congreso de Montes Veciñais. Mondariz-Balneario e Ponteareas, 14, 15 e 16 de decembro, 1995*. Santiago: Xunta de Galicia, 1996, pp. 27-38.- *Las Reales Fábricas de Sargadelos, el Ejército y la Armada*. [Catálogo da Exposición]. Museo do Pobo Galego. Santiago, 1994 / Coordinación: Pedro López Gómez ; coordinación de catalogación: Isabel Bravo Juega, María del Carmen Daviña Facal ; textos: Epifanio Borreguero García, Guillermo Escrigas Rodríguez, Justino Fernández Negral, Pablo González-Pola de la Granja, Pedro López Gómez, Mª del Carmen Mañueco Santurtun, Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto, Roberto Suárez Menéndez, Leoncio Verdera Franco ; fotografías: José Blanco López, Rafael Faura Salvador, Salvador García Guerrero, Gabriel Pasamontes Hernández, Sergio López Macea ; Impresión Gráficas do Castro Moret; síntese, supervisión de textos, deseño, maquetación, execución da exposición e publicacións polo equipo do Instituto Galego de Información. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1994.- MARTINEZ GARCIA, Luis. "Catálogo de Viñas del Archivo del Reino de Galicia" en *Actas de las XI Jornadas de Viticultura y Enología de Tierra de Barros. Almendralejo, 8-12 de mayo de 1989*. Almendralejo: Escuelas Universitarias de Formación del Profesorado de E.G.B. e Ingeniería Técnica Agrícola Santa Ana, D.L. 1989. Separata. p. 349-351.

En canto aos estudos sociais, os grupos e clases, demografía, migracións, estruturas familiares, usos e costumes, son complementarios dos económicos, e adquiriron relevo nos últimos anos. Especial interese dedicouse á información sobre os fondos familiares (entre os que son de sinalar os das diversas ramas fidalgas e nobiliarias dos Ozores) e os seus complementos documentais a través de guías temáticas.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Catálogo de expedientes de veciños*. Dirección Gabriel Quiroga Barro ; proxecto informático Antonio Martínez Cortizas, Pedro López Gómez, Rafael Lorenzo Durán ; realización Cristina Bañobre Fraga, Gregorio Casado González, María del Mar García Miraz, Ana Rosa González Díez, María del Pilar Méndez López, María Josefa Piñón López, María Teresa Piris Peña, Susana Quiroga Barro. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de fuentes documentales sobre familias en el Archivo del Reino de Galicia* / Dirección e realización Pedro López Gómez. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, D.L. 1995, 24 p.- GARCÍA MIRAZ, María del Mar, QUIROGA BARRO, Gabriel. "A descripción normalizada, unha premisa para a cooperación: O Arquivo de María Barbeito ", en *II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia: Cooperación : Realidade e futuro: A Coruña, 24-26 de abril de 1997*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, pp. 433-457.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "As familias e os seus fondos documentais no Arquivo do Reino de Galicia", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Conserva-la Memoria. Novas adquisicións da Consellería de Cultura e Xuventude para o Arquivo do Reino de Galicia*. S.I. (s.l. C.A. Gráfica): Xunta de Galicia, D.L. 1993, pp. 25-34.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Fondos documentales de familias en el Archivo del Reino de

Galicia”, comunicación presentada no *Seminario sobre Bibliotecas, Libros y Documentos en la Edad Moderna*, organizado pola Universidade da Coruña e a UIMP. Ferrol, 10-13 xullo 1995.- MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, Herminio. “Organización y descripción normalizada de un fondo documental del Archivo del Reino de Galicia. El Archivo de la familia Monteagudo ”.CONGRESSO NACIONAL DE BIBLIOTECARIOS, ARQUIVISTAS E DOCUMENTALISTAS. 2º. 1987. Coimbra. *A Integração Europeia: um desafio à informação. Actas*. Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 285-294.- QUIROGABARRO, Gabriel. “Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia. Aproximación ao seu estudio arquivístico”, en FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo ; GONZÁLEZ LOPO, Domingo L.; MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique (ed.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade. Facultade de Xeografía e Historia, 2002, pp. 439-462.



Villacampa / [Antonio Benito Fandiño]. En la cárcel pública de Santiago, [1º terzo s. XIX]. 1 debuxo: ms., tinta; 15 x 10 cm ARG. Colección cartográfica e iconográfica. CC RA 38/4

= Política, guerra e administración

Non foran sinaladas ata agora as posibilidades que o ARG presenta no seu conxunto para o estudo da historia militar. A renovación neste tipo de investigación e a atención ás fontes deste carácter foron propiciadas polas *Jornadas Nacionales de Historia Militar*. Para o período da Guerra Civil cóntase cunha guía que serviu para informar sobre o conflitivo tema dos documentos incautados en Pontevedra e que, depositados pola Delegación do Goberno de Galicia, entregáronse ao AHP daquela cidade mediante un troco. E non hai que esquecer o fondo incautado no seu momento a Casares Quiroga no inicio da guerra.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Las fuentes para la Historia Militar en el Archivo del Reino de Galicia. La Real Audiencia", en JORNADAS NACIONALES DE HISTORIA MILITAR (6º. 1996. Sevilla). *Fuentes para la Historia Militar en los Archivos Españoles. Actas VI Jornadas Nacionales de Historia Militar. Sevilla, 6-10 de mayo de 1996.* Sevilla: Cátedra General Castaños, Madrid: Deimos, D.L. 2000, pp. 313-349.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Documentación de la Guerra Civil en el Archivo del Reino de Galicia" / Pedro López, dir., en CONGRESO CASTELAO. 1986. Santiago de Compostela. *Actas Congreso Castelao, 24-29 novembro 1986 / Justo G. Beramendi e Ramón Villares, eds.* Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1989, v. 2, pp. 381-439. Hai separata.- "Parque y Maestranza de Artillería de La Coruña: ensayo de descripción normalizada de un fondo" / Carmen González Alonso, Marta Monterroso, Gabriel Quiroga Barro, Mercedes Pato Calleja, en JORNADAS NACIONALES DE HISTORIA MILITAR (6º. 1996. Sevilla). *Fuentes para la Historia Militar en los Archivos Españoles. Actas VI Jornadas Nacionales de Historia Militar. Sevilla, 6-10 de mayo de 1996.* Sevilla: Cátedra General Castaños, Madrid: Deimos, D.L. 2000, pp. 173-186.

O fondo do Goberno Civil, incorporado en 1986, supón un manancial de información sobre orde pública, asociacionismo e administración local, entre outras cuestións. A análise da súa estrutura documental e a súa descripción realizáronse no marco do traballo do Grupo dos Gobernos Civís da Dirección de Archivos Estatais (DAE) con resultados notables para o acceso e a consulta. Neste proceso sinalouse tamén a relación entre Goberno Civil e as xuntas provinciais desde o punto de vista documental. Non podemos esquecer a existencia de fondos das delegacións provinciais, tanto dos ministerios da Administración central como das consellerías autonómicas.

BERNAL DÍAZ, Violeta. "Consideraciones sobre el acceso a un fondo documental contemporáneo a través del inventario. Un ejemplo: el inventario del Gobierno Civil de A Coruña en el Archivo del Reino de Galicia" / Violeta Bernal Díaz, Amelia Cibeira Badía, en *V Congreso: Asociación Española de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas: Zaragoza 25-28 septiembre 1991.* Zaragoza: Anabad, 1991, pp. 228-243. E tamén en: *Bol. de la Anabad*, XLI, 3-4 (xullo-decembro 1991) 211-222.- BERNAL DÍAZ, Violeta, CIBEIRA BADÍA, Mª Amelia, MÉNDEZ FERNÁNDEZ, José Luis. "Juntas, Comisiones, Jefaturas... Provinciales: su relación con Gobierno Civil", en *Actas de las I Jornadas sobre metodología para la identificación y valoración de fondos documentales para las Administraciones Públicas, Madrid, 20 - 22 marzo 1991.* Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992. p. 299-344.- CAÍNZOS CORBEIRA, Alejandro. "Organización y descripción de un fondo del Archivo del Reino de Galicia: Libros de las Contadurías de Hipotecas de la provincia de La Coruña", en *A Integragão Europeia: um desafio à informação. Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas, Coimbra, 1987.* Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 275-284.- COMISIÓN DE GOBIERNOS CIVILES. Subdirección General de Archivos. *Normas para el tratamiento de la documentación administrativa: sobre la documentación de los Gobiernos Civiles / Ana Laviña Rodríguez, Pedro López Gómez, Manuel Ravina Martín, Alberto Sanz Trelles, Isabel Simó Rodríguez e Rufino Casares Durán.* Madrid: Ministerio de Educación y Cultura. Secretaría General Técnica, 1997.- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz, MARTINEZ GARCIA, Luis, SÁNCHEZ QUINTEIRO, Cristina. "La Delegación Provincial de Cultura de A Coruña". en *Actas de las I Jornadas sobre metodología para la identificación y valoración de fondos documentales para las Administraciones Públicas. Madrid, 20 - 22 marzo 1991.* Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992, pp. 361-369.- GRUPO DE TRABAJO DE GOBIERNOS CIVILES. [Dirección de Archivos Estatales]. "El estudio de




Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *Sanatorio Marítimo de Oza: instrumentos descriptivos*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1996, 318 pp.; il.

fondos acumulados y en fase de producción: el ejemplo de la documentación de los Gobiernos Civiles". Ana Laviña Rodríguez, Pedro López Gómez, Manuel Ravina Martín, Isabel Simó Rodríguez. Relator: Pedro López Gómez, en *Actas de las I Jornadas sobre metodología para la identificación y valoración de fondos documentales para las Administraciones Públicas. Madrid, 20 22 marzo 1991*. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección de Archivos Estatales, 1992. pp. 153-202.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *El capitán Francisco Iglesias Brage en Leticia. Un gallego properuano en la Comisión de Administración del territorio (1933-1934)*. Sevilla: Escuela de Estudios Hispanoamericanos, 2001. Separata do tomo LVIII (xullo-decembro) do *Anuario de Estudios Americanos* pp. 573-609.

= Ciencia e técnica.

Non foron estes aspectos habitualmente traballados polos usuarios, sobre todo tendo en conta que a investigación tradicional estivo ligada ás universidades "literarias". A incorporación de fondos procedentes de institucións científicas, como sanatorios e hospitais, abriu novas canles de investigación que axiña foron utilizadas, aínda que non masivamente.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Sanatorio Marítimo de Oza: instrumentos descriptivos* /Dirección Luis Martínez García, Pedro López Gómez ; realización, textos introductorios e inventario: Beatriz Díaz Vázquez, Luis Martínez García, Cristina Sánchez Quinteiro ; textos descriptivos, catálogos, índices, revisión xeral e adaptación á norma ISAD (G): Gregorio Casado González, Pilar Méndez López. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio



Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *Colección de postais. Galicia a principios do século XX* / Xunta de Galicia, s.a., 220 pp., il.

Cultural, 1996, 318 p. Publicado parcialmente tamén en: *Boletín Anabad*, tomo 41, nº 1 (1991) 7-20.- DÍAZ VAZQUEZ, Beatriz ; MARTÍNEZ GARCÍA, Luis, SANCHEZ QUINTERO, Cristina. "El Sanatorio Marítimo Nacional de Oza. Un estudio de siete fondos documentales". *Boletín Anabad*, xaneiro-marzo, 1991, vol. XLI, nº 1, p.7-19.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La expedición de Iglesias al Amazonas*. [Madrid]: Organismo Autónomo de Parques Nacionales, D.L. 2002, XXII, 615 pp.

= Belas artes

As belas artes foron un tema de frecuente investigación nos arquivos para a obtención de datos sobre obras e artistas, e o ARG non foi unha excepción. Con todo, debemos sinalar unha nova atención por parte das cátedras de Arte en relación co control sistemático das fontes tradicionais — fundamentalmente o fondo da Real Audiencia — relacionadas cun determinado tema, que se afasta da perspectiva usual.

GÓMEZ GARCÍA, Laura María. *Valoración del fondo documental del Archivo del Reino de Galicia relativos a la actividad artística de los monasterios cistercienses 1498-1836*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, s.a. (inédita)- GONZÁLEZ LÓPEZ, Pablo. *Valoración del Fondo Documental del Archivo del Reino de Galicia relativo a la actividad artística de los Monasterios Cistercienses, 1498-1836*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Historia da Arte. Santiago, 1987, 2 tomos, 742 pp. (Obra inédita). Publicou posteriormente o artigo “La actividad artística de

los monasterios cistercienses gallegos entre 1498 y 1836". *CEG*, Tomo 38, nº 103, Santiago (1989) 213-233.- PÉREZ RODRÍGUEZ, Fernando. "A documentación xudicial como fonte para o estudio da Historia da Arte", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. Coordinación e textos: Gabriel Quiroga Barro ; artigos: Eva García Amador, Pedro López Gómez, Fernando Pérez Rodríguez, Gabriel Quiroga Barro; revisión catalográfica e índice: María del Mar García Miraz [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 45-48.

Outro campo distinto de investigación abriuse coa incorporación de novos fondos e coa creación da Cátedra de Historia do Cinema, preocupada tamén polas fontes documentais, en cuxa divulgación tivo o que subscribe unha implicación persoal.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Cine y Arquitectura". Serie de planos de cine conservados no fondo do Goberno Civil, con recensión informativa, publicados en: *Vértigo. Revista de Cine*. A Coruña: 1: "La Terraza", 2 (marzo 1992) 53.- 2: "Cine-Teatro Colón", 4 (xuño-setembro 1992) 80-81.- 3: "Cine Goya", 5-6 (diciembre 1992-marzo 1993) 81.- 4: "Cine Santa Margarita, luego llamado Rex," 7 (xuño 1993) 57.- 5: "Cine Finisterre" 8-9 (diciembre 1993) 78.- 5. "Cine Lux", 10 (xuño 1994) 80.- 6. "Cine Pereiro", 11 (marzo 1995) 80.- VÁZQUEZ ANEIROS, Ángel (dir.). *Catálogo dos fondos cinematográficos nos Arquivos Públicos Galegos / Director Ángel Vázquez Aneiros, Xosé Luis Castro de Paz. S.I.: Consello da Cultura Galega. Comisión do Patrimonio Histórico, D.L. 1990, 211 pp.* - Recensión de Pedro López en: *Bol. Anabad*, XLI, 1 (xaneiro-marzo 1991) 150-151.

Non podía escapar o ARG nin á custodia dos novos soportes documentais, como os fotográficos, nin ao interese das representacións iconográficas e figurativas en xeral para unha gran variedade de usuarios, non forzosamente investigadores académicos. A formación dunha selecta colección fotográfica no ARG puxo esta cuestión en relación coas súas especificidades en canto a conservación, descripción e uso, que é continuado aínda que non masivo. Sinalemos tamén o valor dos catálogos de exposicións como elementos divulgadores destes documentos.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección de postais. Galicia a principios do século XX* / Artigo: Pedro López Gómez. Catalogación e selección das postais: Alicia Lago González e Cristina Sánchez Quinteiro. Deseño e maquetación: Gabinete de Patrimonio, S.L. Fotografía: Rosa Domínguez Barral e Emilia Priegue Iglesias. Montaxe fotográfica: Mongraf. S.I.: Xunta de Galicia, s.a.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Galicia a principios do século XX: Colección de postais*. Coordinadores da edición: Gabinete de Patrimonio; artigo: Pedro López Gómez ; catalogación e selección das postais: Alicia Lago González e Cristina Sánchez Quinteiro ; deseño e maquetación: Gabinete de Patrimonio; fotografía: Rosa Domínguez Barral e Emilia Priegue Iglesias. [s.l.]: Xunta de Galicia, 1993.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. Coordinación e textos: Gabriel Quiroga ; artigos: Eva García Amador, Pedro López Gómez, Fernando Pérez Rodríguez, Gabriel Quiroga ; revisión catalográfica e índice María del Mar García Miraz . [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *A Saudade do Progreso. A Coruña 1890-1936*. Coordinación e textos: Gabriel Quiroga Barro ; artigos Xosé Ramón Barreiro Fernández, Gabriel Quiroga Barro ; catálogo documental e índices: Pilar Méndez López, Gregorio Casado González. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, D.L. 1997.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Documentos iconográficos e cartográficos nos fondos da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña", en *Imaxes*

da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña. Arquivo do Reino de Galicia. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 15-34.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “La Fotografía en el Archivo del Reino de Galicia”, en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección de postais. A Coruña: 1900-1940 /* Coordinadores: Olimpia López Rodríguez e Luis Martínez García. Fichas de catálogo: Olimpia López Rodríguez e Beatriz Díaz Vázquez. Deseño: Adela Morán. Fotografía: Rosa Domínguez Barral e Emilia Prieque Iglesias. S.I. (Madrid: Torreangulo): Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude, 1992, pp. 11-23.



Fot. Iglesias Brage con Jiménez. ARG. Arquivo Iglesias Brage. Doc. fot.-111

= Biografías

É obvio que son os arquivos persoais os más indicados para o estudo das biografías correspondentes. Os pertencentes a Cornide, Iglesias Brage e Casares Quiroga foron difundidos e consultánsen de forma continuada. Tanto o contido destes coma o doutros fondos de nova incorporación (Barbeito, Monteagudo) difundíronse aproveitando xuntanzas científicas con temática relacionada, ou a través de exposicións. Outras veces, as biografías son realizadas a partir do conxunto de datos repartidos entre os fondos das institucións que tiveron que ver coa súa traxectoria vital, como é o caso de Murguía, director que foi do ARG e creador da escola histórica galega.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Iglesias Brage e América: A recuperación dun personaxe para a historia de Galicia.* Santiago: Xunta de Galicia, 1992. [Catálogo de exposición].- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Murguía e o Arquivo do Reino de Galicia.* Coordinación: Xosé Alfeirán Rodríguez, María del Mar García Miraz, Gabriel Quiroga Barro ; Artigos: Xosé Alfeirán Rodríguez, Pedro López Gómez, Ramón Máiz Suárez, Gabriel Quiroga Barro, Ramón Villares Paz. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2000, 174 pp.- GARCÍA MIRAZ, María del Mar, QUIROGA BARRO, Gabriel. “A descripción normalizada, unha premisa para a cooperación: O Arquivo de María Barbeito”, en *II Xornadas de Arquivos,*

Bibliotecas e Museos de Galicia: Cooperación: Realidade e futuro: A Coruña, 24-26 de abril de 1997. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, p. 433-457.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Cornide y las instituciones culturales gallegas". *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña / Catálogo da exposición conmemorativa do bicentenario da reconstrucción da Torre de Hércules / A Coruña:* Concello, 1991, pp. 243-251.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *José Cornide, el coruñés ilustrado.* Oleiros (A Coruña): Vía Láctea Editorial; Concello da Coruña, D.P. 1997, 155 pp. Texto revisado, con notas: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *José Andrés Cornide Saavedra y Folgueira: Vida y obra (A Coruña, 25 abril 1734 - Madrid, 22 febrero 1803).* Publicado no RUC. Colección DH-HI - Libros, capítulos, etc. Dspace, identificador: <http://hdl.handle.net/2183/15582>.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "O Arquivo do Coronel Don Francisco Iglesias Brage", en *Iglesias Brage e América. A recuperación dun personaxe para a Historia de Galicia, [S.I.:]* Coruña: Arquivo do Reino de Galicia. Xunta de Galicia, D.L. 1992, pp. 11-20.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *El capitán Francisco Iglesias Brage en Leticia. Un gallego properuano en la Comisión de Administración del territorio (1933-1934).* Sevilla: Escuela de Estudios Hispanoamericanos, 2001. Separata do tomo LVIII (xullo-decembro) do *Anuario de Estudios Americanos* pp. 573-609.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Casares y el Archivo del Reino de Galicia" / Pedro L. Gómez. La Voz de Galicia. CXIII, nº 36.843. Especial [Casares Quiroga]. (Venres, 30 xuño 1995) 7. (Publicado con recortes). E tamén en: *Bol. Anabad*, XLV, 4 (1995) 51-56; il. (Publicado íntegro).- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Martínez de Murguía, archivero ". En: *HOMENAXE a Daría Vilariño* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, 1993, pp. 443-478.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Murguía no Arquivo do Reino de Galicia". En: *Murguía e o Arquivo do Reino de Galicia / Coordinación: Xosé Alfeirán Rodríguez, Mª de Mar García Miraz, Gabriel Quiroga Barro ; artigos: Xosé Alfeirán Rodríguez, Pedro López Gómez, Ramón Máiz Suárez, Gabriel Quiroga Barro, Ramón Villares Paz.* [A Coruña]: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, D.L. 2000, 174 pp. - LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Expedición Iglesias al Amazonas.* Madrid: Ministerio de Medio Ambiente. Secretaría General de Medio Ambiente, Organismo Autónomo Parques Nacionales, D.L. 2002, XXII, 615 pp.- MARTINEZ FERNANDEZ, Herminio. "Organización y descripción normalizada de un fondo documental del Archivo del Reino de Galicia: El Archivo de la Familia Monteagudo ", en *Actas do II Congresso Nacional de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas. Coimbra, 1987. A Integração Europeia: um desafio à informação.* Coimbra: Livraria Minerva, 1987, pp. 285-29.

= Xeografía. Cartografía

As representacións tanto de porcións da superficie terrestre como de obxectos non soamente serven para investigacións de carácter xeográfico, senón tamén para aclarar aspectos relacionados con moitas outras áreas de investigación: técnicos, arquitectónicos e artísticos fundamentalmente. A construción dunha colección cartográfica por adquisición dalgunhas de orixe particular —entre as que destacan a de Martínez-Barbeito ou a de Martínez Longueira —, engadida ás series facticias cartográficas de orixe orgánica, permitiu sinalar a riqueza destes documentos no ARG, que foron utilizados con frecuencia por investigadores de diverso carácter, entre os que destacan os enxeñeiros, arquitectos e xeógrafos.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección cartográfica do Arquivo do Reino de Galicia.* [Artigos Pedro López Gómez, Luis Martínez García ; fotografías Luis Carré ; documentalistas Beatriz Díaz Vázquez, Olimpia López Rodríguez, Gonzalo Méndez Martínez, María del



Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña). *Colección cartográfica Martínez-Barbeito. Arquivo do Reino de Galicia [exposición]* S.I. A Coruña: Xunta de Galicia, 1991, 139 pp.; il.; índice p. 129.

Carmen Prieto Ramos]; restauración Eva García Amador; coordinación da edición Gabinete Patrimonio S.L. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, D. L. 1994. Acompaña carpeta con reproducións fotográficas. - ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de documentos cartográficos (mapas, planos y dibujos) en el Archivo del Reino de Galicia* / Dirección: Pedro López Gómez; realización: Pedro López Gómez, Olimpia López Rodríguez, María del Carmen Prieto Ramos. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, D.L. 1995, 25 p.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña*. Coordinación e textos: Gabriel Quiroga Barro; artigos: Eva García amador, Pedro López Gómez, Fernando Pérez Rodríguez, Gabriel Quiroga Barro; revisión catalográfica e índice: María del Mar García Miraz. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro, et. al. "Cartografía de origen orgánico en el Archivo del Reino de Galicia: su difusión y promoción" / Pedro López Gómez, Olimpia López Rodríguez, María del Carmen Prieto Ramos. Comunicación presentada á 8^a Conferencia de LIBER, Grupo de Cartotecarios. Barcelona, 1992.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "La Cartografía en el Archivo del Reino de Galicia", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (A Coruña). *Colección cartográfica Martínez-Barbeito. Arquivo do Reino de Galicia* / Coordinador: D. Gonzalo Méndez Martínez. Textos: D. Pedro López Gómez e D. Carlos Martínez-Barbeito y Morás. Fichas do catálogo: Dna. Beatriz Díaz Vázquez, Dna. Olimpia López Rodríguez, D. Gonzalo Méndez Martínez, Dna. María del Carmen Prieto Ramos. Fotografía: Rosa

Domínguez Barral. S.I.: A Coruña: Xunta de Galicia, 1991, pp. 9-14.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "La Cartografía en el Archivo del Reino de Galicia: procedencia orgánica procedencia facticia". En: ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Colección cartográfica do Arquivo do Reino de Galicia / [Artigos: Pedro López Gómez e Luis Martínez García ; fotografías: Luis Carré ; documentalistas : Beatriz Díaz Vázquez, Olimpia López Rodríguez, Gonzalo Méndez Martínez, María del Carmen Prieto Ramos] ; restauración: Eva García Amador ; coordinación da edición: Gabinete de Patrimonio, S.L. [Santiago]: Xunta de Galicia, s.a., D.L. 1994, pp. 11-15. Acompaña carpeta con 10 reproducións fotográficas de mapas).- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Documentos Iconográficos e Cartográficos nos fondos da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña", en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e Iconografía nos Fondos Documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña.* [S.I.]: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 15-34.*



Iglesias Brage e América. [exposición]: *A recuperación dun personaxe para a Historia de Galicia / Arquivo do Reino de Galicia.*- S.I.: [A Coruña]: Xunta de Galicia, D.L. 1992, 123 p., il. col.

= América

Non se coñecía ata o momento o potencial informativo do ARG sobre os temas americanos, xa que, desaparecidos os documentos do Real Acordo, centrábase nos papeis de Cornide, o Xulgado de Correos e Camiños e algúns preito da Real Audiencia. Sempre nos pareceu estranxo que unha comunidade tan vinculada con aquel continente tivese aparentemente tan poucos documentos relacionados con el. De certo, o fenómeno migratorio corresponde aos séculos XIX e XX principalmente; e fondos con esta cronoloxía (tal é o caso de Iglesias Brage, con riquísima cartografía) incorporáronse en datas máis recentes; por tanto, a súa explotación tamén o é. Con motivo do V Centenario abordouse a elaboración dunha guía xeral, textual, cartográfica e bibliográfica⁷³, publicada parcialmente, que permitiu darles un pulo notabilísimo aos estudos americanistas no centro.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de fuentes para la historia de América en el Archivo del Reino de Galicia*. Tomo I / dirección Pedro López Gómez. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, D.L. 1995, 320 p. Contén: I Generalidades. II Fuentes documentales textuales / Beatriz Díaz Vázquez, Pedro López Gómez. III. Documentos cartográficos / Olimpia López Rodríguez.- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Iglesias Brage e América: A recuperación dun personaxe para a historia de Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia, 1992. [Catálogo de exposición].- GARCÍA MIRAZ, María del Mar. “El Imperio Insular en el Archivo del Reino de Galicia. Documentos sobre las Antillas Españolas y Filipinas en el período 1762-1914” / María del Mar García Miraz, Pedro López Gómez, en: JORNADAS NACIONALES DE HISTORIA MILITAR. 7º. Sevilla. 1997. “El Lejano Oriente Español: Filipinas (s. XIX)”. *Actas*. Sevilla: Cátedra “General Castaños”. Región Militar Sur, 1997, pp. 71-94.- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Juan Miguel. “Documentación judicial y emigración americana: Una aproximación a la élite colonial y sus relaciones con la Península”. *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, 6 (1989) 11-30.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “O Arquivo do Coronel Don Francisco Iglesias Brage”, en *IGLESIAS Brage e América. A recuperación dun personaxe para a Historia de Galicia*. [S.I.:] Coruña: Arquivo do Reino de Galicia. Xunta de Galicia, D.L. 1992, pp. 11-20. - LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “América en el Archivo del Reino de Galicia”. *Bol. Anabad*. Madrid, XLIV, 4 (outubro-decembro 1994) 55-73. - LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Fuentes archivísticas para la historia del Brasil en España (siglos XVI-XVII)” / Pedro López Gómez, Mª del Mar García Miraz. *Revista de Indias*. CSIC. Departamento de Historia de América “Fernández de Oviedo”. Instituto de Historia. Madrid, nº 218, vol. LX (xaneiro abril 2000) 135-179. Monográfico: Dossier-1500, el horizonte brasileño, Salvador Bernabéu Albert (coordinador). Texto completo: <http://revistadeindias.revistas.csic.es/index.php/revistadeindias/article/view/586/653> (04/11/2010)

2.2.3. O control dos temas investigados

Alexislación actual non obriga a que os usuarios dos arquivos declaren o obxecto da súa investigación; con todo, é conveniente manifestala se desexan unha orientación nas súas procuras, e resulta de grande axuda para os estudos estatísticos que efectúan os arquivos para orientar a súa política.

En calquera caso, pídese que se detalle nos formularios, así como a data de inicio e a súa posible

⁷³ ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Guía de Fuentes para la Historia de América en el Archivo del Reino de Galicia*. I. Fuentes Documentales. II. Documentos Cartográficos. III. Catálogo Bibliográfico / Dirección Pedro López Gómez. T. I. I. Fuentes Documentales / Beatriz Díaz Vázquez. Pedro López Gómez. II. Documentos Cartográficos. Olimpia López Rodríguez. Santiago: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Cultural, 1994, nec. (Publicáronse os tomos I e II).

publicación. É obligatorio entregar un exemplar do traballo en que se publiquen documentos consultados, o que constitúe unha deferencia para o arquivo e publicidade para o autor.

O obxecto da investigación deberá concretarse na materia, o tempo e o espazo, se se desea que a orientación ou a resposta á pregunta realizada responda ás condicións de exacta, suficiente e oportuna⁷⁴: exacta, con indicación dos documentos requiridos coa información e o testemuño solicitados; suficiente, sen ofrecer máis do solicitado en cada caso; e oportuna, graduando a información requirida en relación ao quen, ao como e ao cando.

Na *Guía de investigadores* do ano 1957 non aparecía ningunha referencia ao ARG⁷⁵. Si aparecían na correspondente aos anos 1958-59 e na de 1960. Desde 1962 remítense os datos de investigadores á Inspección Xeral de Arquivos para a súa inclusión na dita Guía de investigadores⁷⁶. É preciso chegar a 1974 para atopar, entre esta data e 1977, estatísticas publicadas sobre a cuestión⁷⁷. Nas relaciónanse os investigadores cos títulos dos seus traballos e os arquivos coas materias sobre as que se investiga, suxeitas a unha clasificación codificada⁷⁸. A interpretación dos temas non sempre é doada, pois cada traballo pode tocar diversos aspectos, non sempre transmitidos polo investigador nin recollidos polos funcionarios encargados de procesar os datos nas diversas etapas da súa redacción.

Reconstruímos, a partir destes datos, as materias consultadas entre 1974 e 1977. Na actualidade só é posible deducir as materias de interese para os investigadores a partir das súas publicacións.

2.3. A UTILIZACIÓN DOS DOCUMENTOS: A CONSULTA

Identificado e localizado o documento que interesa ao usuario, este pódese utilizar nalgúnha das formas usuais do servizo: consulta, préstamo, copia ou reprodución. De acordo coa Lei do patrimonio histórico español, certa documentación ten o seu acceso restrinxido por diversos motivos, como o estado de conservación dos documentos ou as características funcionais da institución que a consulta, como indica o art. 62:

La Administración del Estado garantizará el acceso de todos los ciudadanos a los Archivos, Bibliotecas y Museos de titularidad estatal, sin perjuicio de las restricciones que, por razón de la conservación de los bienes en ellos custodiados, o de la función de la propia institución, puedan establecerse.

Ademais, e como se indica no art. 57, hai outras restricións para o libre acceso, aínda que se marcan tamén as vías para superar estas limitacións en determinados casos:

a.- Con carácter general, tales documentos, concluida su tramitación y depositados en los archivos centrales de las correspondientes entidades de Derecho Público, serán de libre consulta a no ser que afecten a materias clasificadas de acuerdo con la Ley de Secretos Oficiales o no deban ser públicamente conocidos por disposición expresa de la Ley, o

74 CORTÉS ALONSO, Vicenta. "La formación para la información de archivos", *Boletín Anabad*, Madrid, XXXVI, 1-2, 1986, pp. 31-44.

75 SERVICIO NACIONAL DE INFORMACIÓN DOCUMENTAL. *Guía de investigadores. Año 1957*. Madrid: Dirección General de Archivos y Bibliotecas, 1959. (Separata do núm. L do BDGAB).

76 Sig. HºArquivo. Memoria 1962. Ca 63/2

77 *Guía de investigadores en los Archivos Españoles. Rama de Humanidades. Año 1974*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976, offset.- *Idem. 1975*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1975, 2 vol.- *Idem. 1976*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. Comisión Nacional de Archivos, 1976, offset.- *Idem. 1977*. Madrid: Imprenta Ministerio de Cultura, 1978, 2 vol.

78 CORTÉS ALONSO, Vicenta. "Codificación de los trabajos de investigación en humanidades: guía de investigadores en los archivos españoles". *ADPA*, 1 (1979) 11-16.

que la difusión de su contenido pueda entrañar riesgos para la seguridad y la defensa del Estado o la averiguación de los delitos.

b.- No obstante lo dispuesto, cabrá solicitar autorización administrativa para tener acceso a los documentos excluidos de consulta pública.

c.- Los documentos que contengan datos personales de carácter político, procesal, clínico o de cualquier otra índole que puedan afectar a la seguridad de las personas, a su honor, a la intimidad de su vida privada y familiar y a su propia imagen, no podrán ser públicamente consultados sin que medie consentimiento expreso de los afectados o hasta que haya transcurrido un plazo de veinticinco años de su muerte, si su fecha es conocida o, en otro caso, de cincuenta años, a partir de la fecha de los documentos.

En resumo: por segredos oficiais, riscos para a seguridade e defensa do Estado, investigación dos delitos, ou por tutela dos dereitos inherentes á honra e á intimidade das persoas. Para a consulta será necesaria a concesión dun permiso por parte do órgano propietario da documentación (art. 57 da Lei do patrimonio histórico español 16/85, do 25 xuño; e art. 82 da Lei 8/95, do 30 de outubro).

As disposicións posteriores non alteraron substancialmente estas condicións: así ocorre co Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso.

A consulta (utilización sen desprazamento dos documentos fóra do Arquivo) realizaase na sala destinada para ese efecto e baixo determinadas condicións que non sempre son abondo coñecidas. Por motivos de seguridade, está prohibida a entrada en sala con libros, cartafoles, carteiras, bolsos ou obxectos que impidan observar o seu contido; as pezas de abrigo deberán depositarse nos armarios ou roupeiros habilitados para ese fin. Esíxese silencio e orde para permanecer na sala.

O investigador deberá entregar á persoa responsable da sala os pedidos de documentos cubrindo os formularios habilitados para o efecto de forma clara e flexible e con todos os datos solicitados. Neles identificarase el mesmo e identificará o documento que solicita coa súa signatura ou localizador, cubrindo un formulario para cada peza; os formularios van en xogo triplicado para o control do documento en sala e nos depósitos. O responsable de sala ou os vixilantes faránlle chegar á súa mesa o pedido solicitado (art. 112, D. 22 novembro 1901).

Non se pode utilizar máis dunha unidade de instalación cada vez, para evitar mesturas e confusións. Deberá respectarse a orde dos documentos nos atados e caixas, incluídas as agrupacións menores que puidesen atoparse, procurando non danar a documentación. Calquera situación que a puider poñer en perigo deberá ser comunicada ao persoal da sala (art. 122, D. 22 novembro 1901).

O uso dos documentos está suxeito a unhas normas estritas: non se pode escribir neles nin sobre eles, nin dobralos, calcalos, nin por suposto mutilalos en forma ningunha. Está prohibida a utilización de pluma e tinteiro ou rotulador na sala. (art. 114 e 115, D. 22 novembro 1901).

O usuario pode atopar nas súas buscas materiais especiais (selos de placa ou colgantes, mapas, planos, debuxos, pergamiños, etc.) non sempre apuntados nos catálogos; a súa indicación, de existiren, sempre é de agradecer, así coma calquera anomalía que se observe nos documentos.

O número de peticións por parte do usuario nun día poderá ser limitado pola dirección do centro cando estime que existen razóns suficientes que impidan o desenvolvemento do traballo do arquivo (art. 62, Lei do patrimonio histórico español, 16/85, do 25 de xuño).

As peticións serviránse de maneira sucesiva e non se pode consultar máis dunha unidade documental

á vez (art. 112, D. 22 de novembro de 1901). Esta disposición busca evitar mesturas e consecuentes perdas de documentos.

Unha vez rematada a consulta, o usuario avisará o persoal para a retirada dos documentos. Está prohibido que os usuarios saquen documentacións da sala (art. 120, D. 22 de novembro de 1901).

Existe un sistema de reserva á disposición dos usuarios. Os documentos reservaranse durante tres días; ao rematar o prazo, se non se usan, reintegraranse aos depósitos (art. 121, D. 22 novembro 1901).

3

O RESULTADO DA EXPLOTACIÓN DAS FONTES. A SÚA VALORACIÓN

A valoración das consultas nos arquivos é difícil de realizar no seu conxunto. Non todos os traballos acadan unha elaboración final e outra gran parte das investigacións quedan inéditas. Finalmente, non todas as que chegan a imprimirse aparecen en publicacións facilmente controlables, polo seu ámbito ou pola súa especialización, nin todas se publican de maneira inmediata á súa elaboración, como ocorre coa primeira redacción deste traballo. O seu control é sempre relativo. Con todo, constitúen os únicos datos fiables á hora de valorar o resultado final da consulta histórica.

3.1. A PUBLICACIÓN DAS INVESTIGACIÓNNS

Cómpre traer a colación as grandes empresas de publicación das investigacións sobre historia de Galicia, entre elas a Biblioteca Gallega, impulsada polo arquiveiro e erudito Martínez Salazar ; as revistas especializadas en Historia, como *Galicia Diplomática*, *Galicia Histórica* e os boletíns da Real Academia Galega⁷⁹ e das comisións provinciais de monumentos, onde saíron á luz numerosos documentos relativos á Real Audiencia de Galicia e outros fondos históricos do ARG. Pero non hai nada comparable ás edicións de grandes coleccións documentais europeas, como as inglesas, francesas e alemás sobre todo.

Algunhas destas publicacións periódicas desapareceron, ou a súa publicación retárdase no tempo. As más estables liganse ao CSIC, ás reais academias, ás deputacións provinciais ou ás dioceses galegas: *Abrente* (1969), *Anuario Brigantino* (1978), *Arte Galicia* (1979), *Bol. Avriense* (1971),

⁷⁹ Colección diplomática de Galicia Histórica. Santiago: Tipografía de Galicia, 1901.- *Galicia Histórica. Revista bimestral publicada bajo la dirección del M.I. Antonio López Ferreiro*. Santiago, Tip. Galaica, 1901-1903.- *Galicia histórica y diplomática. Colección diplomática*. Santiago, Tip. Galaica, 1901-1903. Real Academia Gallega. Colección de documentos históricos. Coruña: Litografía e Imprenta Roel, 1915-1973, 4 v. Inclúe numerosos documentos do ARG.

Brigantium (1980), *Bol. Museo Provincial de Lugo* (1983), *Compostellanum. Revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela* (1956), *Concepción Arenal, Ciencias y Humanidades* (1981), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944), *El Museo de Pontevedra* (1942), *Estudios Mindonienses* (1985), *Rev. da Comisión Galega do Quinto Centenario* (1989), *Rev. Galega de Estudos Agrarios* (1979), *Tuy. Museo y Archivo Histórico Diocesano* (1975)⁸⁰.

Nos últimos vinte anos produciuse un notable aumento de publicacións de historia relacionadas coa historia galega en xeral. Sen dúbida, isto viuse favorecido desde o ámbito docente pola aparición de novas universidades (A Coruña, con campus en Ferrol; a antiga de Santiago, con campus en Lugo; e Vigo, con campus en Ourense) con cadanxeus servizos de publicacións; desde a Administración, polo fomento de investigacións que apoian e consolidan ideoloxicamente a identidade e o nacionalismo galego, como se fai desde as consellerías, especialmente a de Cultura, con motivo dos fastos do V centenario e das celebracións santiaguesas, ou desde a Escola Galega de Administración Pública, sen que poidamos obviar o papel de deputacións e concellos, moito máis irregular; e desde determinadas institucións, e mesmo empresas privadas, como O Castro, que moito contribuíron á difusión da historia galega.

3.2. A LOCALIZACIÓN E REFERENCIA DAS PUBLICACIÓNS

A normativa dispón que os investigadores deben entregar ao Arquivo un exemplar dos traballos que fosen realizados utilizando os seus fondos (art. 126, D. 22 novembro 1901). O Arquivo posúe unha biblioteca auxiliar como apoio da documentación e a ela incorpóranse as devanditas entregas; para todos os efectos, os libros quedan suxeitos á mesma normativa que os documentos en materia de conservación. Os libros de consulta son de libre acceso. Atópase á disposición dos usuarios un catálogo (cap. 7, D. 22 novembro 1901). A realización e publicación dalgúns catálogos especializados —novas adquisicións, camiño de Santiago, América e Cornide—, son, sen dúbida, de axuda importante para o control da investigación. Con todo, a norma antes mencionada non é cumprida polos investigadores sistematicamente e constitúe unha das razóns polas que non se pode realizar un control absoluto dos resultados das investigacións.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. *Catálogo de nuevas adquisiciones de la Biblioteca Auxiliar del Archivo del Reino de Galicia. Abril-Octubre 1994 / Realización: M^a Mercedes Cerdeiras Uría. Dirección: Pedro López Gómez. A Coruña: 1994; Guía de Fuentes para la Historia de América en el Archivo del Reino de Galicia. I. Fuentes Documentales. II. Documentos Cartográficos. III. Catálogo bibliográfico / Dirección Pedro López Gómez. Realización: Beatriz Díaz Vázquez, Olimpia López Rodríguez, María Consuelo Tacón, Mercedes Cerdeiras. A Coruña, 1994, 4 vols., mec.; Guía de Fuentes sobre el Camino de Santiago existentes en el Archivo del Reino de Galicia. I. Catálogo bibliográfico / Dirección: Pedro López Gómez. Realización: M. del Carmen Prieto Ramos. Santiago: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago, 1994; Biblioteca. Catálogo de impresos del fondo José Cornide en el Archivo do Reino de Galicia / dirección Pedro López Gómez ; realización Mercedes Cerdeiras Uría. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.*

Faise precisa, por tanto, a revisión daquelas publicacións de carácter bibliográfico, especializadas en

⁸⁰ Directorio de Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales / Unesco. Comisión Nacional de España. Grupo de Trabajo de Información y Documentación. Madrid: Centro de Información y Documentación Científica. Cindoc, 1992.

materia histórica ou en ciencias sociais⁸¹, que nos permitan rastrexar as materias do noso interese: tal o Índice Histórico Español, ou as bases de datos dos centros especializados como o CSIC, o CINDOC, o CIDA, etc. Así mesmo, os catálogos doutras bibliotecas como as públicas da Coruña, as provinciais e docentes universitarias galegas, en especial a Xeral de Santiago e a da Facultade de Historia; as do Museo de Pontevedra, da Academia Galega, do Instituto Padre Sarmiento e da Fundación Penzol, entre as más relevantes, constitúen mananciais para o control das publicacións sobre o noso tema⁸².

3.3. A INVESTIGACIÓN NO ARG NO CONTEXTO DA HISTORIOGRAFÍA GALEGA DO S. XX

3.3.1. A historiografía ata a Guerra Civil

Velaquí algúns datos que explican a evolución da historiografía galega no século XX: Segundo a Alfonso Mato Domínguez, a historiografía galega do s. XIX⁸³ e do primeiro terzo do XX caracterízase pola abundancia de traballos, pola súa baixa calidade e por unha progresiva toma de conciencia da especificidade galega que tratarán de argumentar por medio da historia, que torna instrumento pragmático ao servizo dun ideal, como se manifesta nas obras de Murguía e do Seminario de Estudos Galegos⁸⁴.

A súa escasa calidade relaciónase coa inexistencia de institucións especializadas no estudo científico da historia, públicas ou privadas, ata a creación do dito Seminario de Estudios Galegos en 1923; ao mesmo tempo, coa carencia de profesionais da historia, salvo os arquiveiros (López Ferreiro), especialmente facultativos (o propio Murguía), e os profesores (Risco, Otero Pedrayo); a isto engadíase o subdesenvolvimento sociocultural galego, dentro dun réxime liberal-burgués cunhas clases cidadás demasiado febles para producir a súa xustificación ideolóxica pola historia.

Esta historia vai ser cultivada por individuos illados destas clases urbanas, galeguistas e adscritas ao pensamento liberal, agás casos excepcionais. Configurarán varias **correntes**⁸⁵:

- 1º- a romántica, encabezada por Murguía, que evolucionará desde o galeguismo progresista ao rexionalismo, moi vencellada ao documento.
- 2º- a erudita e local, divulgadora do saber histórico a través da prensa e de revistas como *Galicia Diplomática* (Santiago, 1882-89) ou da Biblioteca Gallega, fundada polo facultativo Martínez Salazar. Pero o autor máis relevante será o cóengo López Ferreiro, historiador da Igrexa de Santiago, ligado ao providencialismo e egresado da Escola Superior

81 *ENCICLOPEDIA de orientación bibliográfica* / Tomás Zamarriego, S.J. Dir. Barcelona: Juan Flors, 1964.- GONZÁLEZ NAVARRO, Francisco. *Derecho Administrativo y Ciencia de la Administración: repertorio bibliográfico de autores españoles*. Madrid: Secretaría General Técnica. Presidencia del Gobierno, 1976.- GONZÁLEZ OLLÉ. *Manual Bibliográfico de Estudios Españoles*. Pamplona: Ediciones de la Universidad de Navarra, 1976.

82 GONZÁLEZ GUITIÁN, Carlos. *Directorio de Archivos, Bibliotecas y Museos de Galicia* / Carlos González Gutián. Pedro López Gómez. A Coruña, Anabadi, 1991. V Congreso Nacional de la Asociación Española de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas (5º, 1991, Zaragoza) 1991 m multigráf., s.p. E tamén: *Directorio dos Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia* / Coordinación e dirección: Carlos González Gutián, Pedro López Gómez. S.I.: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude, 1993.

83 A. M. D. [Alfonso Mato Domínguez]. "Historiografía", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, t. XVII (Gerra-Imprenta), pp. 132-144. Para a historiografía do s. XIX Conf. BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "La Historia de la Historia. Aproximación a una Historiografía Gallega (siglos XVI-XIX)", en Xornadas de Historia de Galicia (IV, 1986, Ourense). *Historiografía Gallega*. Ourense, Deputación Provincial, 1988, pp. 17-80

84 SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS. *A Terra de Melide*. Santiago, 1933.

85 A. M. D. [Alfonso Mato Domínguez]. "Historiografía", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, t. XVII (Gerra-Imprenta). Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, (XVII), pp. 132-144.

Diplomática. Esta, creada en 1856, proporcionará os únicos profesionais da historia, xunto cos individuos pertencentes ao corpo de arquiveiros -bibliotecarios, desde 1858: Martínez Salazar, Oviedo y Arce, Villaamil e Castro, que son os colaboradores fundamentais da *Revista Galicia Histórica*, dentro do positivismo histórico. López Ferreiro será o punto de converxencia da historia coa erudición, da historia xeral coa monografía exhaustiva, baseada no documento⁸⁶.

3º- Coa desaparición das figuras históricas (Murguía, fundamentalmente) no cambio de século producirase a aglutinación de individuos e esforzos no Seminario de Estudos Galegos, creado en 1923, que imporá a metodoloxía científica e o traballo en grupo, pero que enfocará o seu labor máis cara á arqueoloxía, que considera “as raíces” de Galicia, e cara ao afondamento teórico do concepto de nación galega, sobre todo por parte de ensaístas e escritores —o que queda á marxe, pois, do noso interese.

A historiografía galega posterior quedará reducida a “unha erudición chea de friaxe”, continuadora do labor do cóengo compostelán, nos círculos eclesiásticos e nos locais ligados aos boletíns das comisións provinciais de monumentos, á Real Academia Galega e aos cronistas coruñeses (Martínez Salazar, Vaamonde Lores), cuxas coleccións documentais, correspondencia e manuscritos entraron recentemente no ARG.

A ruptura do intento de creación da posible escola histórica a partir do Seminario, por mor da Guerra Civil, tivo consecuencias difíciles de valorar, pero en calquera caso, negativas.

3.3.2. A historiografía galega desde 1936

Tras a guerra, a historiografía galega praticamente desaparece ata a creación, en 1944, do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, substituto edulcorado do Seminario e tamén moi ligado á arqueoloxía e á arte. En certo modo, as inquietudes do Seminario perpetuáronse alén do Atlántico, na Galicia emigrada, baixo a figura senlleira de Castelao, baixo cuxo signo e beizón iniciarase a *Historia de Galiza* (Madrid: Akal, 1979, 3v.) dirixida por Ramón Otero Pedrayo, “grande Historia da Nosa Terra”, intento frustrado que había quedar restrinxido aos primeiros tomos relativos a xeografía, xeoloxía, etnografía, prehistoria e cultura castrexa.

= Os sesenta

Só a partir da década dos sesenta, coincidindo coa instalación do ARG na súa nova sede da Casa da Cultura, comezarán os traballos de carácter económico e social de Mejide Pardo (*La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid, 1960) e unha infinidade de monografías e artigos seus sobre agricultura, comercio e industria de Galicia no XVIII e XIX.

En 1965-66 crearase na Universidade de Santiago de Compostela o Departamento de Historia Moderna, dirixido por Eiras Roel, quen introducirá os métodos de investigación aplicados en Francia por E. Labrousse, P. Goubert e E. Le Roy Ladurie, e seguirá o pulso da evolución historiográfica francesa.

A finais dos 60, a universidade verase envolta nunha conflitividade reflexo da arela de mudanzas e transformacións tanto políticas como estruturais, que conducirán a renovacións no xeito de facer e ensinar historia.

86 VILLARES PAZ, Ramón. “López Ferreiro e a Historiografía Galega”. *Grial*, 1979, pp. 425-441, conf. p. 433.

= Os setenta

A partir dos anos setenta prodúcese unha renovación da historiografía motivada polo crecemento económico, a masificación da Universidade en alumnos e profesores e a multiplicación de teses, memorias de licenciatura e estudos varios, en cantidade e en calidade. Sinalemos como feitos positivos a creación da Cátedra de Historia Contemporánea en 1976 e o considerable número de publicacións das cátedras de Historia Moderna e Contemporánea da USC, en 1979, froito dos traballos anteriores. Unamos certos intentos de restaurar o Seminario, que non chegaron a callar⁸⁷.

Destaquemos a existencia de dous colectivos de historiadores arredor de García de Cortázar e de Eiras Roel, en medieval e moderna, inspirándose na escola dos *Annales*, que se dedicarán ao estudo das comarcas galegas, con logros en historia rural, demografía, asentamentos, etc. Un terceiro grupo desenvolverase arredor de García Lombardero, inspirador dun estudo máis globalizador de Galicia e ligado aos métodos estatísticos e próximos á orientación historiográfica española de Nadal, Fontana, Anes, etc.

Sinalemos que as Xornadas e Coloquios de Metodoloxía da Historia (1973, 1982 e 1984)⁸⁸ organizadas polo Departamento de Historia Moderna contribuíron a renovar a investigación sobre a Idade Moderna en toda España. E digna de mención foi a campaña para a concentración e catalogación de arquivos e os traballos metodolóxicos para o aproveitamento das fontes, especialmente as eclesiásticas e notariais, que se pode ver nas actas das primeiras das devanditas xornadas, en 1973⁸⁹.

En 1979, corenta e un autores presentaban unha análise sobre a situación galega. Ocupábbase da historia Xosé Barreiro Somoza⁹⁰. Dicía, referíndose a este tema, que nos atopabamos diante dunha realidade que comezaba a ser comercializable e tamén utilizada con intencionalidade propagandística desde os campos do partidismo político. Isto, que non tería por que ser negativo, xa que indicaba o espertar do interese polo coñecemento da propia historia, prestábase á edición de libros de escaso rigor científico. Presentaba tres propostas: 1) que a producción historiográfica comezase a ir da man da crítica e que deixase de ser sistematicamente laudatoria; 2) que os profesionais adquirisen conciencia da necesidade dunha certa sensibilidade que non pode ter unha persoa que viva illada da realidade; e 3) que se favorecese o funcionamento de equipos de investigación e non se dispersasen iniciativas.

87 Xuntanza en col da necesidade de restaurar o Seminario de Estudios Galegos (Santiago, 28 xullo 1978) convocada pola Comisión Xestora, en San Domingos de Bonaval.

88 *II Coloquio de Metodología Histórica Aplicada* (Santiago de Compostela, 28 septiembre-1 octubre 1982) organizado polo Departamento de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela, co tema monográfico “La documentación notarial y la Historia (s.s. XIV-XIX)”. Publicado: Santiago de Compostela: Universidad, Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico, 1984. Ver o artigo de ÁLVARO PANTOJA, María José. “II Coloquio de Metodología Histórica Aplicada. Santiago, 27-IX al 1-X-1982”. *Revista de Historia Contemporánea*, n. 1 (1992) 246-254.

89 *Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas*. Santiago, Universidad, 1975, vol. 5. Artigos de Eiras Roel e de Pérez García sobre o uso dos arquivos eclesiásticos e dos protocolos notariais.

90 BARREIRO SOMOZA, Xosé. “A Historia de Galicia, hoxe”, en *Galicia no ano 79 / por 41 autores*. Vigo, J. A. Vicente, 1980, p.117.

= Os oitenta-noventa

Son anos frutíferos en encontros científicos da máis variada natureza, con achegas considerables no campo da historia, produto dos devanditos Coloquios de Metodoloxía, das Xornadas de Historia de Galicia, das reunións especializadas e das conmemoracións centenarias:

- As Xornadas de Historia de Galicia, dirixidas polos profesores do Campus de Ourense, Jesús de Juana e Xavier Castro:

1^a Xornadas, 1982: Xornadas de Historia de Galicia.

2^a Xornadas, 1984: Aspectos da realidade galega (sec. XVI ou XX).

3^a Xornadas, 1986: Sociedade e movemento obreiro en Galicia.

4^a Xornadas, 1986: Historiografía galega.

5^a Xornadas, 1987: Galicia e América, o papel da emigración.

6^a Xornadas, 1988: Mentalidades colectivas e ideoloxías.

7^a Xornadas, 1993: Novas fontes, renovadas historias.

8^a Xornadas, 1995: Cuestións de historia galega.

9^a Xornadas, 1995: A muller na historia de Galicia.

10^a Xornadas, 1998: Grandes transformacións na historia contemporánea de Galicia.

11^a Xornadas, 2000: Historia da cultura en Galicia.

12^a Xornadas, 2000: Perspectivas plurais sobre a historia de Galicia

Estas son as súas referencias bibliográficas: Xornadas de Historia de Galicia. (1º, Ourense, 1982). *Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, 26-30 Nadal 1982* / edición a cargo de Jesús de Juana, Xavier de Castro. Ourense: Servicio de publicacións da Diputación provincial, D.L. 1983.- Xornadas de Historia de Galicia (2^a, 1984, Ourense). *Aspectos da realidade galega (sec. XVI ó XX) / II Xornadas de Historia de Galicia*; [edición a cargo de Xavier Castro, Jesús de Juana]. Ourense: Diputación Provincial, 1986.- Xornadas de Historia de Galicia (3^a, 1986, Ourense). *Sociedade e movemento obreiro en Galicia* / [edición a cargo de Jesús de Juana e Xavier Castro]. Ourense: Diputación Provincial, 1986.- Xornadas de Historia de Galicia (4^a, 1988, Ourense). *Historiografía gallega / IV Xornadas de Historia de Galicia*; dirección de la edición, Xavier de Castro, Jesús de Juana. Ourense: Diputación Provincial, 1988.- Xornadas de Historia de Galicia (5^a, 1987, Ourense). *Galicia y América, el papel de la emigración / V Xornadas de Historia de Galicia*; dirección de la edición, Jesús de Juana y Xavier Castro. Ourense: Deputación, 1990.- Xornadas de Historia de Galicia (6^a, 1988, Ourense). *Mentalidades colectivas e ideoloxías / VI Xornadas de Historia de Galicia*; dirección de edición, Xavier Castro e Jesús de Juana. Ourense: Deputación Provincial, 1992.- Xornadas de Historia de Galicia (7^a, 1993, Ourense). *Novas festas renovadas históricas / VII Xornadas de Historia de Galicia*. Dirección de edición, Jesús de Juana, Xavier Castro. Ourense: Deputación Provincial, 1993.- Xornadas de Historia de Galicia (8^a, 1995, Ourense). *Cuestións de historia galega: VIII Xornadas de Historia de Galicia* / edición dirixida por Jesús de Juana, Xavier Castro. Ourense: Deputación Provincial, 1995. Cun anexo: Aspectos históricos de Ourense.- Xornadas de Historia de Galicia (9^a, 1995. Ourense). A muller na historia de Galicia: *IX Jornadas de Historia de Galicia* / edición dirixida por Xavier Castro, Jesús de Juana. Ourense: Deputación Provincial, 1995.- Xornadas de Historia de Galicia (10es, 1998.) Orense). *Grandes transformacións na historia contemporánea de Galicia: X Xornadas de Historia de Galicia* / dirección da edición: Jesús de Juana, Xavier

Castro . Ourense: Deputación Provincial, 2002.- Xornadas de Historia de Galicia (11^a. 2000. Ourense). *Historia da cultura en Galicia* / dirección da edición, Xavier Castro, Jesús de Juana. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2002.- Xornadas de Historia de Galicia (12. 2000. Ourense). *Perspectivas plurais sobre a Historia de Galicia : XII xornadas de Historia de Galicia* / dirección da edición: Jesús de Juana, Xavier Castro . Ourense: Deputación Provincial de Ourense, D.L 2003

- Os congresos especializados sobre as materias más diversas significaron achegas puntuais na área respectiva: o seminario de arquivos de 1980, que significou a apertura da Cátedra de Paleografía a temas arquivísticos, superadores do simple documento; o coloquio sobre o monacato galego en 1981; os coloquios galaico-minhotos, cunha certa periodicidade bianual a partir de 1981; as xornadas agrarias galegas de 1983 e 1984; o congresso de novos investigadores en historia de 1986; as xornadas de Anabad (arqueiros, bibliotecarios, museólogos e documentalistas) de Galicia de 1987; os congresos de montes e as xornadas de arquitectura militar de 1987; as conferencias do ARG de 1988 dedicadas ás fontes documentais do s. XVIII; as xornadas sobre o patrimonio histórico e documental de 1990; o simposio hispano-portugués de humanidades de 1995, entre os más significativos.

- 1- Baixo a epígrafe "Fontes para a historia social e urbana", e baixo a dirección de Carmen Casanova, profesora titular da Universidade de Santiago, hoxe catedrática na da Coruña, englobase a compilación de informacions procedentes de protocolos notariais, censos e padróns para a configuración dunha base de datos. En diversa medida, o ARG proporciona documentos para esta finalidade. Con todo, os seus estudos sobre as sociedades urbanas, a pesca, o traballo, a demografía e a figura de Pablo Iglesias utilizaron fontes santiaguesas e ferrolás primordialmente.
- 2- "Dinámica sociopolítica da Galicia do século XX" (en realidade ata a segunda república soamente) é outra liña de investigación baixo a dirección de Justo G. Beramendi, profesor titular de Santiago e estudo do nacionalismo galego. Coa participación doutros profesores

como Emilio Grandío (A CEDA na segunda República), Xosé Manuel Seixas e Posse Antelo, cun grupo de bolseiros, estudan o nacionalismo, os grupos políticos e a configuración sociopolítica do país. Nestas obras citase o Rregistro de socios do Partido Galeguista que, con outros documentos incautados, estivo depositado no ARG ata a súa entrega ao AHP de Pontevedra.

BERAMENDI, Justo G. *De provincia a nación. O galeguismo político 1840-1936*. Vigo: Ed. Xerais, 1997 (en prensa); *O nazionalismo Galego / en col. con José Manuel Núñez Seixas*. Vigo: A Nosa Terra, 1995 (é un resumo da anterior).- POSE ANTELO, José Manuel. *La ciudad de Santiago en la primera etapa de la Restauracion, 1875-1902: sociedad, economía y cultura*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1990. Tese doutoral.

- 3- “Historia agraria”: a terceira liña principal, que toma como base documental protocolos (inventarios *post mortem*), preitos, etc. Nela interveñen a profesora titular Aurora Artiaga —cuxa tese doutoral citabamos entre os estudos sobre a desamortización— e os daquela asociados Lorenzo Fernández Prieto e Balboa, que traballaron sobre granxas e escolas agrícolas como a de Montero Ríos en Lourizán, montes comunais, etc.

ARTIAGA REGO, Aurora. *A desamortización de Madoz na provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial, 1991 (tese doutoral dirixida por Villares, 1991); “La agricultura del siglo XIX” / Aurora Artiaga Rego e Xesús L. Balboa López, en *Historia de Galicia*, dirixida por Ramón Villares. Vigo: Faro de Vigo, 1991, pp. 749-750; *La propiedad de la tierra en las comarcas de Santiago y Tui: redenciones y ventas de rentas en el último tercio del siglo XIX*. Memoria de licenciatura dirixida por Villares (1983), resumida en *Agricultura y Sociedad*.- “La renta foral en Galicia a finales del siglo XIX”. *Agricultura y sociedad*, n. 30 (1984) 207-237. Texto completo en Dialnet.- BALBOA, Xesús L. *O monte en Galicia, 1855/1925: intervencionismo administrativo e individualización campesiña*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990.- CORDERO TORRÓN, Xosé. “La redención foral en la provincia de La Coruña ante el proceso desamortizador”. *Desamortización y Hacienda Pública*, Vol. 1, 1986, pp. 191-206.- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo. *A renovación tecnolóxica da agricultura galega, 1850/1939. Estado, sociedade e innovación nunha economía campesiña*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992; *A renovación tecnolóxica da agricultura galega. A Granxa Agrícola Experimental de A Coruña, 1887/1928*. Santiago: Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia, 1988.

Dentro deste período é particularmente importante o desenvolvemento da historia política do nacionalismo galego; no entanto, debido á escaseza de fontes, a utilización de documentos do ARG ata o momento foi rarísima. O *Congreso Castelao* significou unha primeira presenza do Arquivo neste apartado.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Documentación de la Guerra Civil en el Archivo del Reino de Galicia” / Pedro López e colaboradores, en: CONGRESO CASTELAO. 1986. Santiago de Compostela. *Actas Congreso Castelao (novembro 1986)* / Justo G. Beramendi e Ramón Villares, eds. Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1989, 2 vols. (IV, 634, 485 p.; il). Vol. 2, pp. 381-439. Hai separata.

3.4.5. Outras liñas de investigación.

1º. Os historiadores da cultura, a arte e o pensamento.

A investigación sobre **a imprenta e a historia do libro** é rara nos arquivos; adoitou realizarse a partir de impresos intercalados na documentación e de restos usados en encadernacións de protocolos e preitos. O malogrado Antonio Odriozola, a partir dos seus numerosos achados, comezou unha historia da imprenta galega que ía completar a obra do P. Atanasio López e doutros interesados por esta temática, como Cabano, Martínez-Barbeito, Rey Soto ou Villamil. Ao falecer Odriozola, continuou a súa obra José Ramón Barreiro. Como complemento das súas fontes bibliográficas, Concha Varela utilizou determinados materiais do ARG, concretamente da Real Audiencia, nos seus eruditos traballos sobre as bibliotecas universitarias de Santiago, a Ilustración e a figura poliédrica do padre Sarmiento, que apareceron maiormente a comezos do século XXI.

CABANO VÁZQUEZ, Ignacio. *As orixes da imprenta en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991. - LÓPEZ MARTÍNEZ, Atanasio. *La imprenta en Galicia. Siglos XV-XVIII*. Madrid: Patronato de la Biblioteca Naciomal, 1953 (reedición Xunta de Galicia, 1987).- MARTÍNEZ-BARBEITO, Carlos. *Impresos Gallegos de los siglos XVI, XVII y XVIII*. Santiago de Compostela: CSIC, 1970. Anexo XVIII.- MEIJIDE PARDO, Antonio. "Algunos expedientes relativos a la impresión de obras de autores de la Galicia de la Ilustración". *II Simposio sobre el padre Feijóo y su siglo. Ponencias y comunicaciones*. V. 1, Oviedo: Universidad. Centro de Estudios del s. XVIII, 1981, pp. 3-56. - ODRIOZOLA PIETAS, Antonio. "Imprenta", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, t. XVII (Guerra-Imprenta), pp. 240-256; "La iniciación de la imprenta en Europa y en España y principalmente en Galicia". *Bol. Avriense*, II (1972) 113-150; "Las Bulas impresas del Hospital Real de Santiago de Compostela". CEG. Santiago, III (1945) 411-434; *Historia de la imprenta en Galicia* / Antonio Odriozola e X. Ramón Barreiro. La Coruña: Galicia Editorial, 1992.- REY SOTO, Antonio. *La imprenta en Galicia. El libro gótico / Discurso leído por Antonio Rey Soto*. Madrid: Estanislao Mestre, 1934 [edic. facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1988].- VARELA OROL, Concepción. "As bibliotecas da Biblioteca Universitaria de Santiago no século XVIII ". *As novas tecnoloxías ó servicio do usuario : Ferrol, 23-25 setembro 1999*, Ferrol: Anabad Galicia, 1999, pp. 513-520; *A Biblioteca pública da Real Universidade de Santiago*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 2007.- VILLAAMIL Y CASTRO, J. *Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de algunos libros, folletos y papeles, así impresos como manuscritos, que tratan en particular de Galicia*. Madrid: Imp. de T. Fortanet, 1875.

Así mesmo, son escasos os **estudos iconográficos**; mais as famosas bulas impresas do Hospital de Santiago con imaxes da Virxe dos Ollos Grandes foron obxecto de polémica no seu día entre Vázquez Saco, Bouza-Brey e Filgueira.

VÁZQUEZ SACO, Francisco. "Grabados de la Virgen de los Ojos Grandes en el siglo XVI". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, t. LVII, n. 53-56 (1960-61) 16-23.- BOUZA-BREY, F. "Las Bulas del Gran Hospital Real de Santiago impresas en los siglos XVII y XVIII". *Compostellanum*, I (1956) 93-153; "De nuevo sobre el grabador de la imagen de la patrona de Lugo en la obra de Pallares y Gayoso ". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, n. 67-70 (1967-1968) 136-143.- EXPOSICIÓN *El Grabado en España. Cinco siglos de imagen impresa* (Madrid, decembro de 1981 a febreiro de 1982).

Aspectos determinados, como a **historia do papel e as filigranas**, inéditos na bibliografía galega, foron abordados por José Luis Basanta, Carmen Hidalgo e Oriol Valls. Os temas de degradación documental e conservación do papel preocuparon ás restauradoras do Arquivo, García Amador e Guardia Peragón.

“El Archivo del Reino de Galicia. Marcas de Agua. Siglos XV y XVI” / Casado González, Gregorio, comp.; López Gómez, Pedro, en: *Marcas de agua en documentos de los Archivos de Galicia hasta 1600* / Coordinador José Luis Basanta Campos.- S.I. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa, 1996, 2 vol., I, pp. 21-27, con texto en castelán e inglés, rep. filigranas e rel. documentos.- BASANTA CAMPOS, José Luis. “Algunas adiciones a la historia de la fabricación del papel en Galicia del siglo XVIII a nuestros días”. *Bol. de Técnica e Investigación del Papel*, 7, III (1966); “Filigranas de documentos gallegos. Archivo Histórico Provincial de Pontevedra”. *ITP*, 14, 4 (1967) 1967; “Las marcas de agua en los incunables gallegos”. *ITP*, 18, V (1968).- GARCÍA AMADOR, Eva. “A Conservación da Colección Cartográfica do Fondo da Real Audiencia de Galicia”, en *Imaxes da Xustiza en Galicia. Cartografía e iconografía nos fondos documentais da Real Audiencia de Galicia e da Audiencia Territorial da Coruña. Arquivo do Reino de Galicia*. [Santiago de Compostela]: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998, pp. 35-48; “Factores de degradación documental. A conservación no Arquivo do Reino de Galicia”, en *Actas do I Salón Internacional do Patrimonio Cultural, Santiago de Compostela, 22-25 de setembro, 1999. Simposio Conservalo futuro. Talleres de materiais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999, pp. 229-236.- GARCÍA AMADOR, Eva; GUARDIA PERAGÓN, Águeda. “Conservación Documental en el Archivo del Reino de Galicia”, en *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de documentacion e Museos de Galicia. 16-18 outubro 1987*. A Coruña: Anabad, 1987, pp. 97-108.- HIDALGO BRINQUIS, María del Carmen. *La fabricación del papel en España durante los siglos XVIII y XIX: las filigranas papeleras* / Tese doutoral. Curso 1985-86: Madrid: UCM. Facultad de Filología.- VALLS I SUBIRÁ, Oriol. “A modo de apéndice al trabajo del Sr. Basanta ‘Filigranas en documentos gallegos’”. *ITP*, 15, V (1968) 1-5. Hai separata; *La Historia del papel de España: siglos XV-XVI*. Madrid: Empresa Nacional de Celulosas, 1980.

A **cultura** tivo pasado cultivo e recente renovación a través da historia das mentalidades: a Ilustración, a crise e as reformas ilustradas e a crise deste movemento; os afrancesados, o liberalismo e o pensamento conservador; o feminismo e outras correntes... desde Carlos Martínez-Barbeito ata Gil Merino, Fausto Dopico, López Gómez, os Meijide e Rosa Saurín, entre outros. O omnipresente Meijide estudou os escritores ilustrados no período que nos ocupa en *Escritos e autores na Galicia da Ilustración*. Dos economistas ilustrados ocupáronse Fausto Dopico e Carlos Martínez-Barbeito, mentres que Antonio e María Luisa Meijide Pardo e Barreiro Fernández tamén trataron temas relacionados co pensamento e as mentalidades liberais, reformadoras e conservadoras.

Lembremos a figura de José Ramón Barreiro Fernández, de quen apuntamos algunas contribucións, entre as que reiteramos BARREIRO FERNÁNDEZ, José Ramón. “Aproximación metodológica al estudio del federalismo republicano de Galicia (1869-1874)”. *Actas. I Jornadas de Metodología aplicada a las Ciencias Históricas. Santiago, abril 1973*. Santiago, 1975, T. III, s.p; *El campesinado gallego en el siglo XIX* / Tese doutoral. Director Juan José Carreras Ares. Curso 1978-79: USC. Facultade de Xeografía e Historia; *El Carlismo gallego*. Santiago de Compostela: Pico Sacro, 1976; *Historia de la ciudad de La Coruña*. La Coruña:

La Voz de Galicia, D.L. 1986; "A Ilustración Galega. Bases para unha interpretación histórica", *Grial*, 202 (1989) 167-182; *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982; *La Memoria perdida de los afrancesados (Aproximación al afrancesamiento coruñés) / Discurso leído [...] al ser recibido como Miembro de Número [...] el día 8 de Mayo de 1995*. La Coruña: Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses, 1995; "Pronunciamento do 1846 e rexionalismo galego". *Grial*, 50 (outubro, novembro, decembro, 1975) 413-428.- De Carlos Martínez-Barbeito e de Fausto Dopico xa mencionamos a súa achega ao estudo do pensamento económico ilustrado na epígrafe dedicada á historia económica, áinda que podemos engadir: DOPICO, Fausto. "Ilustración", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, t. XVII (Guerra-Imprenta), pp. 233-237.- MEJIDE PARDO, Antonio. "Brigantinos ilustres: Antonio María de Parga y Puga (1780-1825)". *Anuario brigantino*, n. 17 (1994) 149-158; *El ilustrado, político y economista gallego Jacobo María de Parga y Puga (1774-1850)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1992. *Escritores e autores na Galicia da Ilustración*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982; *Eusebio da Guarda y el Instituto de 2ª enseñanza de La Coruña*. La Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 1991; *Modesto Fernández y González : economista, escritor y periodista*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998; *Pioneros de liberalismo en Galicia: Sinforiano López Alía (1780-1815)*. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995.- MEJIDE PARDO, María Luisa. *Vicente do Seixo (1747-1802). Reforma agrícola y emancipación de la mujer*. La Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1989; *Vicente Seixo y la Lotería en Cuenca y Galicia en el s. XVIII*. Madrid: Fábrica Nacional de Moneda, 1981; *Contribución al estudio del liberalismo*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1983; *Sacerdotes franceses emigrados durante la Revolución a Galicia*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1991.

Rosa Saurín de la Iglesia, profesora de orixe galega radicada en Italia, outra individualidade como Mejide, é utilizadora habitual dos fondos do ARG, como se manifesta nos seus estudos sobre os ilustrados do s. XVIII: *Reforma y reacción en la Galicia del s. XVIII (1764-1789)* (La Coruña: La Voz de Galicia, 1983); sobre o liberalismo no s. XIX: *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante. Estudios de Historia de Galicia* (A Coruña: Edicións do Castro, 1993); e en especial sobre o periodista ilustrado Pardo de Andrade, coa edición do seu *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña* (A Coruña: Gaesa, 1996), que se conserva case íntegro no ARG. Non por iso deixaron de interesarlle outros movementos como o romanticismo ou o naturalismo da Pardo Bazán: *Naturalismo e storia regionale in Emilia Pardo Bazán* (Urbino: Montefeltro, 1985).

Sobre Pardo de Andrade: PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Poesías, edición e introducción de M.R. Saurín de la Iglesia*. Urbino: Università degli Studi de Urbino, 1988, 2 v.; *Los artículos del 'Diario de Madrid' (1794-1800) / selección e introducción de M.R. Saurin de la Iglesia*. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989; *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña / Edición facsimil e introducción por M.R. Saurín de la Iglesia*.- [A Coruña]: Gaesa, 1996.

Sobre ilustración e liberalismo: SAURÍN DE LA IGLESIA, María Rosa. *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*. A Coruña: Deputación da Coruña = Diputación de A Coruña, 1977; "La emigración a Indias entre Ilustración y Liberalismo", en *Estudios dieciochistas en homenaje al profesor José Miguel Caso González*. Oviedo: Universidad de Oviedo, Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII, 1995, v. 2, 1995, 307-318. *Manuel Pardo de Andrade y la crisis de la Ilustración*. A Coruña: Gaesa, 1991; "Manuel Pardo de Andrade

y su *Seminario Político*". *CEG*, t. 42, n. 107 (1995). 95-124; *Ideali civili nei poeti spagnoli dell'Illuminismo*. Urbino: Montefeltro, 1991; "Marcelino Calero y Portocarrero", "Pablo de Jérica y Corta", "Manuel Pardo de Andrade", en *Diccionario biográfico del Trienio liberal*, dirixido por Gil Novales. Madrid: El Museo Universal, 1991, pp. 113-115, 342-342 e 505-508; "De la panoplia del innovador: ironía, burla e imitación popular en Manuel Pardo de Andrade", en *Trienio. Ilustración y Liberalismo*. Madrid, 20 (novembro 1992) 67-82; "Don Valentín de Foronda en La Coruña. Dos cartas inéditas y otros documentos", en *Trienio. Ilustración y Liberalismo*. Madrid, 7 (maio 1986) 43-72. Reeditado en: *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante: Estudios de historia de Galicia*. Sada: Ediciós do Castro, 1993; "Un impugnador del 'Filósofo rancio': José de Rivera y Gil", en *Trienio. Ilustración y Liberalismo*. Madrid, 21 (maio 1993) 71-97; "La imagen de la colectividad en La Ilustración gallega". *Dieciocho*. Charlottesville. VA, 18 (Spring 1995) 49-75; *Semanario político, histórico y literario de La Coruña (1809-1810)*. Manuel Pardo de Andrade ; María Rosa Saurín de la Iglesia (ed. lit.). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1996.

Sobre naturalismo: SAURÍN DE LA IGLESIA, María Rosa. *Naturalismo e storia regionale in Emilia Pardo Bazán*. Urbino: Montefeltro, 1985; *El joven romántico. Un modelo de comportamiento*. Urbino: Montefeltro, 1994; "Una storia naturalistica? La Galizia della Pardo Bazán". *Studi Urbinati*. Urbino, 1-2 (1978) 367-418, reeditado en: *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante: estudios de historia de Galicia*. Sada: Ediciós do Castro, 1993.

O mencionado Pardo de Andrade, polifacético, autor atrevido, erudito e cosmopolita, chamou a atención doutros autores que periodicamente se ocuparon del, ánda que está pendente a súa gran monografía.

CARRÉ ALDAO, Eugenio. "El precursor de los periodistas coruñeses. Don Manuel Pardo de Andrade". *BRAG*, n. 103 (1916) 153-154.- DOBARRO PAZ, Xosé María. "Pardo de Andrade, Manuel", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, Gijón: Silverio Cañada, D.L. 1974, t. XXIV (Pao-Pintos), pp. 24-26.- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio. "Un clérigo coruñés ilustrado: Manuel Pardo de Andrade, poeta, ensayista y periodista", en GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio. *La Coruña, puerto y puerta de la Ilustración*. La Coruña: Diputación Provincial, 1987, pp. 179-180.- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. "Don Manuel Pardo de Andrade", en *Los guerrilleros gallegos de 1809. Cartas y relaciones escritas por testigos oculares. Publicadas en los años de 1809 y 1810 por Manuel Pardo de Andrade y reimpressas por A.M.S.* La Coruña: A. Martínez, 1892 (La Coruña: Tipografía Casa de la Misericordia.- MAURE, X. "Limiar", en *Máscara fóra / M.* Pardo de Andrade. Vigo: Edicións Castrelos, 1971.- MEIJIDE PARDO, Antonio. "Pardo de Andrade, devanceiro do xornalismo galego". *Grial*, n. 80 (1983) 155-193.- ODRIOZOLA PIETAS, Antonio "Nuevas y rigurosas aportaciones acerca de Manuel Pardo de Andrade, iniciador del periodismo en Galicia". *La Voz de Galicia* (14 agosto 1983) 15; "Pardo de Andrade, un autor atrevido". *La Voz de Galicia* (15 agosto 1983) 32; "Prohibiciones eclesiás y difusión popular de Os rogos d'un gallego". *La Voz de Galicia* (16 agosto 1983) 17 e 37.- VÁZQUEZ GÓMEZ, José. "Venturas y desventuras de Manuel Pardo de Andrade : primer periodista coruñés". Suplemento do centenario de *La Voz de Galicia*, n. 2 (29 abril 1982) 222-223.

Carlos Martínez-Barbeito foi o estudososo por antonomasia de Cornide e da súa época; tamén Gil Merino tratou a súa figura, que sería retomada coas celebracións do bicentenario da reconstrucción da Torre de Hércules; ademais, as súas relacións coas institucións e os homes da Ilustración foron salientadas, entre outros, por Pedro López.

GIL MERINO, Antonio. *La vida y obra de don José Cornide Saavedra (Breve biografía)*. La Coruña: Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses, 1992.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. “Cornide y las instituciones culturales gallegas”, en *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña. Estación Marítima, 27 septiembre-10 noviembre 1991, La Coruña*. [catálogo] A Coruña: Concello, 1991, pp. 243-251; “Las Instituciones Culturales”, en *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración...*, pp. 311-315; “Los hombres de la Ilustración” / Pedro López Gómez, Luis Alonso Álvarez, Carlos González Gutián, en *Ciudad y Torre...* pp. 316-326. MARTÍNEZ-BARBEITO, Carlos. *Evocación de José Cornide*. La Coruña: Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses, 1965; “Introducción” en *Exposición Cornide y su época*. La Coruña: Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses, 1967, pp. 11-12.

Outra senlleira figura da Ilustración galega, o doutor Juan Francisco de Castro, cuxa correspondencia con Mayáns e Siscar se conserva no ARG, atraeu a atención de gran parte dos autores mencionados con anterioridade: a súa obra foi o tema do discurso de ingreso de Gil Merino na Real Academia Galega. Gil Merino tratou do tamén xornalista e liberal Fandiño¹¹⁹.

DOPICO, Fausto. “Juan Francisco de Castro : un ilustrado galego entre a reforma e a superación da sociedade feudal”. *Grial*, t. 14, n. 53 (xullo, agosto, setembro, 1976) 356-360.- GIL MERINO, Antonio. *La obra del doctor don Juan Francisco de CastroFernández en la cultura gallega del siglo XVIII*. (Discurso de Ingreso na Real Academia Galega, 1975). Texto en: <<http://academia.gal/documents/10157/27090/Antonio+Gil+Merino.pdf>> [Consulta 20 agosto 2016]; “Un epistolario entre Mayans y Siscar y el Deán de Santiago, D. Manuel Francisco Rodríguez de Castro”. *BRAG*, t. XXVIII, n. 321-326 (1957) 127-151.- MEIJIDE PARDO, Antonio. “Castro Fernández, Xoán Francisco”, en *Escritos e autores na Galicia da Ilustración. Colección de documentos históricos preparada por la Real Academia Gallega*. Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. “El doctor don Juan Francisco de Castro”. *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. II, n. 14-15 (1945) 656-74.

Finalmente, mencionemos un estudio xeral: *La vida Cultural en la Coruña. El Teatro 1882-1915* (La Coruña: La Voz de Galicia, 1992), realizado por José Ricardo Díaz Pardeiro.

A investigación literaria e filolóxica, moi esporádica pero de antiga tradición nos arquivos, encontrou un valioso foco na Facultade de Humanidades da Coruña, en colaboración moi activa co ARG, con repercusións notables no uso dos seus fondos documentais e bibliográficos. Isto manifestouse na participación de Pedro López no terceiro ciclo de Filoloxía Hispánica co curso *Las fuentes documentales y la investigación* (bienio 1994-95) e no ciclo de conferencias organizado polo departamento no curso 1992-93 baixo o título *Fuentes para la investigación*. Maniféstase asemade, como xa se comentou, na asidua utilización dos seus documentos e libros por parte das profesoras Carmen Parrilla e Sagrario López, cos seus alumnos da materia de Metodoloxía da Investigación Literaria, do 2º ciclo de Filoloxía Hispánica. A primeira preparou os seus cursos de doutoramento coas coleccións bibliográficas do ARG, especialmente coa biblioteca de Santa Catalina de Montefaro; tamén empregou fondos documentais, especialmente familiares, ademais dos bibliográficos, para os seus traballos sobre literatura renacentista e medieval, cronistas e anotacións de textos. A segunda, Sagrario López Poza, especialista en emblemática e moi interesada polas

¹¹⁹ GIL MERINO, Antonio. “El periodista D. Antonio Benito Fandiño, preso en la cárcel de Santiago”. *La Voz de Galicia*. Suplemento con motivo do centenario, n. 1 (4 xaneiro 1982) 26-27



Proyecto de edificio destinado a Escuela Normal de Maestras y su agregada la Práctica Superior, Archivo General e Histórico de Galicia y Biblioteca Pública que habrá de construirse en La Coruña: Sección / Luis Bellido.- Escala 1: 100.- Oviedo: [s.n.], 1898. 1 plano: repro.; B; ARG. Colección cartográfica e iconográfica. CC. HA. 25

humanidades dixitais, é responsable da materia de Metodoloxía da Investigación Literaria. Dirixiu a tese de doutoramento, lamentablemente non finalizada, de Francisco Javier Brage sobre *La biblioteca del convento de Santa Catalina de Montefaro*; a memoria de licenciatura de Nieves Pena Sueiro, *Catálogo de relaciones de sucesos (1500-1750) en las bibliotecas de la provincia de La Coruña*, 1995, publicada pola Xunta de Galicia en 1997; e tamén a tese de Andrea Maceiras, *Empresas o divisas (invenciones y letras) de reyes, caballeros y eclesiásticos españoles : un catálogo basado en fuentes de 1511 a 1629*, lida no ano 2016. Pola súa banda, José Ignacio Pérez Pascual transcribiu para o estudo lingüístico o *Libro dos cambeadores*, da Colección Vaamonde Lores, e os pergamiños afonsinos do s. XIV de carácter lexislativo. Tamén foi usuario do centro o equipo de investigación BITAP (Bibliografía de Textos Antigos Portugueses), formado por Harvey Sharrer e Arthur Askins, da Universidade de Santa Bárbara (California) e Aida Fernández Díez (Univ. de Lisboa), en relación coa Facultade de Humanidades, na procura, frutuosa, de fragmentos das *Partidas de Afonso X o Sabio* e doutros códices galegos medievais custodiados na colección de pergamiños.

PARRILLA GARCÍA, Carmen. Utilizou os fondos bibliográficos e documentais do ARG en: *Curso de Doctorado: Introducción a la investigación de la literatura española medieval. Programa de Filología Hispánica, bienio 1994-1996.- Publicacións e edicións críticas* : "De copias decimonónicas de cancionero", en *Homenaje al Profesor Brian Dutton*. Madison: The

Hispanic Seminary of Medieval Studies, 1995; *Juan de Flores : Grimalte y Gradisa / edición crítica, introducción y notas de Carmen Parrilla*. Santiago: Universidade, 1988; *Diego de San Pedro. Cárcel de amor con la continuación de Nicolás Núñez / edición, prólogo y notas Carmen Parrilla*. Barcelona: Crítica, 1995; *De amor y mecenazgo en el Siglo XV español. El Tractado de amistad de Ferrán Núñez*. A Coruña: Universidade. Servicio de Publicacións, 1996; "Un cronista olvidado: Juan de Flores, autor de la Crónica incompleta de los Reyes Católicos ", en: *The Age of the Catholic Monarchs 1474-1516. Literary Studies in Memory of Keith Whinnom* (A Special Issue of Bulletin of Hispanic Studies. Ed. A. Deyermond & I. Macpherson, Liverpool University Press, 1989, pp. 123-133); "Carta de desafío". *Atalaya. Revue Française d'Études Médiévales Hispaniques*, 3 (1992) 155-163; "La 'Derrota de Amor' de Juan de Flores ", no colectivo: *The Spanish Sentimental Romance, 1440-1550: Redefining a gender*, coordinado por Michael Gerli e Joseph J. Gwara. London: Tamesis Books, 1997; "La 'Exclamación de España' dirigida al arzobispo Carrillo : Un ejemplo de la 'fictio personae' al servicio del alegato político". *Scriptura*, n. 13 (1977) 67-100. Exemplar dedicado a estudios de literatura medieval; "Una traducción anónima de cuatro oraciones a la República de Florencia en la Biblioteca Colombina". *Revista de Literatura Medieval*, 7 (1995) 9-38; "La literatura apologética en el siglo XV: el 'Declarante de judíos'". *Actas del III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval: (Salamanca, 3 al 6 de octubre de 1989)*, coord. por María Isabel Toro Pascua. Salamanca: Biblioteca Española del siglo XV, 1994, v. 2, pp. 757-766; *Las cinco figuratas paradojas, de Alfonso Fernández de Madrigal, el Tostado / edición, prólogo y notas*. Alcalá: Universidad de Alcalá, 1998; edición do *Tratado de bienaventurança, de Ferrán Núñez* (cuxa anunciada publicación na colección de textos medievais da Universidade de Londres e Westfield College non puidemos comprobar). Probablemente non utilizase os fondos do ARG para todos estes traballos.

LÓPEZ POZA, Sagrario. *Estudios sobre literatura emblemática española / coord. por Sagrario López Poza. Literatura emblemática hispánica: actas del I Simposio Internacional*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións, 1996; "Una base de datos en internet con información bibliográfica y archivo digital de imágenes de 'Relaciones de sucesos' españolas". *Encuentro de civilizaciones (1500-1750 : informar, narrar, celebrar : actas del tercer Coloquio Internacional sobre relaciones de sucesos, Cagliari, 5-8 de septiembre de 2001 / coord. por Antonia Paba , Gabriel Andrés , 2003, pp. 21-32; "La proyección emblemática en la Literatura ". Actas del I Congreso Internacional de Emblemática General / coord. por Guillermo Redondo Veintemilla, Alberto Montaner Frutos , María Cruz García López , Vol. 3, 2004, pp-1875-1910; "El emblema : al aviso moral por el deleite visual". *Insula: revista de letras y ciencias humanas*, n. 603-604 (1997) (Exemplar dedicado a: Ver la poesía: la imagen gráfica del verso), pp. 7-9.*

A pedagogía: O fondo da Delegación de Educación da Coruña, que incorpora as actas da Xunta Provincial de Instrucción Pública, foi utilizado por Méndez Romeu, moi interesado en cuestións pedagógicas, como demostrou á fronte da área de cultura no Concello da Coruña. Non podo deixar de mencionar a utilización do ARG con fins pedagógicos por parte dos alumnos dos institutos da cidade da Coruña, tutelados polas profesoras Amparo Hernández e Ana Pose Romero; algúns deles foron seleccionados para a participación na *Ruta Quetzal*, dirixida por Miguel de la Quadra, ou no concurso da Asociación Cultural 10 de marzo (Comisións Obreiras) en 1995. A relación do ensino coas festas populares ou os programas educativos de institucións como o Real Consulado da Coruña foron obxecto de senllas teses de doutoramento.

MÉNDEZ ROMEU, José Luis. "Implantación de la enseñanza graduada en la ciudad de La Coruña". *RICJEC*. La Coruña, 23 (1987) 121-140.- POSE, Ana. "O mundo do traballo na Coruña de comenzaos do século XX". Escola dos premios escolares. [A Coruña]: Fundación 10 de Marzo, L.L. 1999, pp. 137-171.- RUTA QUETZAL. Traballois realizados con documentos do ARG: *Leticia, el triángulo del conflicto*, por Vanessa García Lozano ; *¡Malditas Guerras!*, por Cristina Bocija Sánchez ; *Jorge Juan en Ferrol: la ciencia y la tecnología al servicio de unha nueva ciudad*, por Noele Iglesias Eirín ; *A Coruña, puerto de embarque de jesuitas expulsados de las reducciones americanas*, por Ana Pose Romero ; *Cómo la fantástica historia de Nicolás I, rey del Paraguay y emperador de los mamelucos, nos permite hablar de los problemas derivados del Tratado de Tordesillas*, por Sabela Lorenzo Tarrío.- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ DE CASTRO, María del Carmen. *Programas educativos del Real Consulado de La Coruña*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1990. Tese doutoral.- TARRÍO FERNÁNDEZ, *Educación y tradiciones festivas en la provincia de Orense*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1988. Tese doutoral.

Non adoitan ser moi utilizados os arquivos para a **investigación arqueolóxica**, pero sobre as súas posibilidades valla o artigo de Martínez Salazar sobre as mámoas profanadas no s. XVII na procura de tesouros. Engadamos ao anterior a presenza no ARG de fondos documentais de arqueólogos, como Monteagudo e Cornide, e entenderase a recorrenza do tema do faro denominado Torre de Hércules e da súa reconstrución baixo o asesoramento de Cornide, cuxas *Investigaciones* foron reeditadas, cunha erudita introdución de Bello Diéguez, con motivo do bicentenario. Bello, que escavou a Torre, dispuxo do material arqueolóxico da campaña anterior realizada por D. Luís Monteagudo, que se custodiaba temporalmente no ARG xunto co seu arquivo familiar. O mesmo cabe dicir da numismática, con Vaamonde Lores e a súa "De monetaria gallega", en que xogou un papel importante a fábrica de Xubia.

BELLO DIÉGUEZ, Xosé María. "Introducción". *La Torre de Hércules / Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la Torre llamada de Hércules situada á la entrada del Puerto de La Coruña, por don Joseph Cornide... Madrid... Benito Cano*, 1972. A Coruña: Concello. *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración*, 1991.- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. "Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII, 1606". *BRAG*, 26 (1909-1910) 25-27; 27 (1909-1910) 49-52 e 52-57; 28 (1909-1910) 73-74; 29 (1909-1910) 97-100; 30 (1909-1910) 121-126; 31 (1909-1910) 145-147; 32 (1909-1910) 169-170; 33 (1909-1910) 193-196; 34 (1909-1910) 217-221; 35 (1909-1910) 258-261; 36 (1909-1910) 265-267.- VAAMONDE LORES, César. "De monetaria gallega. Fundación de la fábrica de moneda de Jubia y noticia de sus acuñaciones, precedido de un breve recuento de otras zecas de Galicia". *BRAG*, n. 1957 (1934-1936) 113-118; n. 258 (1934-1936) 141-150; n. 253 (1934-1936) 10-19; n. 255 (1934-1936) 62-68; n. 256 (1934-1936) 98-107; n. 259 (1934-1936) 182-189; n. 260 (1934-1936) 207-216; n. 262 (1934-1936) 249-264; n. 263 (1934-1936) 284-291.- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel. "La fábrica de moneda de Jubia". *BRAG*, n. 309-320 (1956) 538-564.

Desde a cátedra de **Historia da Arte** de Santiago, en especial por parte do profesor Nuñez, dirixíronse teses —relevantes para o ARG por seren instrumentos descriptivos— sobre a documentación relacionada cos mosteiros cistercienses, como a de Pablo González López, *Valoración del Fondo Documental del ARG relativo a la actividad artística de los Monasterios Cistercienses, 1498-1836* (1987). Do profesor Vigo Trasancos, mencionemos *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII* (Santiago: COAG, 1984) e as súas achegas ao estudo do urbanismo coruñés; do arquitecto Soraluce, os seus estudos sobre fortificacións militares

en Galicia, tema do que tamén se ocupou Rodríguez-Villasante Prieto, gran coñecedor das tipoloxías defensivas da costa galega; mentres que García-Alcañiz Yuste realizou a súa tese sobre arquitectura clásica en Galicia, dentro da cal ocupan un lugar relevante edificios tan vencellados ao ARG como o pazo da Audiencia e do Capitán Xeneral e o pazo de Xustiza, con abundante documentación do ARG. A existencia dunha **facultade de Arquitectura na Coruña** propiciou a aparición de estudos e a elaboración de teses sobre arquitectura e historia da arquitectura como as de Martínez Suárez, dirixida por Bar Boo, e de Ínsua Cabana, dirixida por Soraluce ; e sobre determinados edificios emblemáticos como San Xulián de Samos, da man de López Salas e tamén dirixida por Soraluce.

GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, Julia. *Arquitectura neoclásica en Galicia* / Tese doutoral. Director Antonio Bonet Correa. Madrid: UCM, Facultad de Geografía e Historia, Curso 1983-84. (En realidade trata sobre arquitectura clásica fundamentalmente. Publicado: *Arquitectura del neoclásico en Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989; "Una obra del siglo XVIII en La Coruña". *Bellas Artes*, n. 45 (agosto-setembro 1975) 18-21.- CASABELLA LÓPEZ, Xosé Manuel. *A Coruña, ciudad y arquitectura: 1700-1868*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1987. Tese doutoral.- ÍNSUA CABANA, Mercedes. *Arquitectura hospitalaria*. Tese doutoral dirixida por José Ramón Soraluce Blond (dir. tes.). Universidade da Coruña, 2000.- LÓPEZ SALAS, E. *San Julián de Samos-Lugo, estudio e interpretación del diseño monástico y su evolución*. Tese doutoral dirixida por José Ramón Soraluce Blond (dir. tes.). Universidade da Coruña, 2015.- MARTÍNEZ SUÁREZ, Xosé Lois. *A Coruña : a construcción da cidade liberal*. Tese doutoral dirixida por José Bar Boo (dir. tes.). Universidade da Coruña, 1991.- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, Juan Antonio. *Historia y tipología arquitectónica de las defensas de Galicia. Funcionalidad, forma y ejecución del diseño clasicista*. Sada (A Coruña): Edicíos do Castro, 1984.- SORALUCE BLOND, José Ramón. *La arquitectura militar de Galicia en la Edad Moderna. Siglos XVI-XVIII* / Tese doutoral. Santiago: USC, ETS Arquitectura, curso 1981-82. Publicado co título: *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI/XVIII*. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.- VIGO TRASANCOS, Alfredo. "La nueva imagen edilicia del Estado Borbónico: dos ejemplos de La Coruña dieciochesca", en *El Arte de las Cortes Europeas del siglo XVIII*. Madrid, 1989, pp. 812-819; "La Coruña, una capital para la Galicia Borbónica". *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña*. [Exposición]. Estación Marítima. 27 setiembre-10 noviembre 1991. La Coruña. A Coruña: Concello, 1991, pp. 233-241; *Fontes escritas para a historia da arquitectura e do urbanismo en Galicia : séculos XI-XX*. S.I.: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2000.

A **música** ten no ARG un lugar pequeno pero abondo significativo, como depositario que é da colección persoal do matrimonio noutrora formado polo crítico Xosé Manuel Carreira e a profesora de música Margarita Soto Viso. A colección inclúe entre os seus papeis numerosas partituras e documentos de músicos e musicólogos galegos que Carreira e Soto estudaron e que son base parcial das súas publicacións, aínda que non se consultaron no propio ARG, senón con anterioridade á súa cesión. Carreira ten unha avultada producción como crítico e estudos sobre a ópera e a vida musical na Coruña, o comerciante e musicólogo Sebastián Canuto Berea Ximeno e o compositor Alberto Garaízabal ; mentres que Soto tratou das cancións de Marcial del Adalid.

CARREIRA, Xosé Manuel. "Los orígenes de la ópera en La Coruña, II", *La Voz de Galicia* (9-VIII-1983); *Apuntes para la historia de la ópera en Galicia*, X Festival de Música e Danza de

Asturias. Oviedo: Universidad, 1984; *150 años de música galega* / X.M. Carreira, e Balboa. Pontevedra: Xunta de Galicia, D.L., 1979, SOTO VISO, Margarita. "Aportación á música galega de Marcial del Adalid coas súas cancions". *Grial* (1977) 153-173. URL: <<http://www.jstor.org/stable/29749704>> [consulta 18/8/2016]

A **historia do cinema** atopou tamén un manancial sorprendente no ARG. Ao equipo do catedrático Ángel Luis Hueso débese a redacción dun *Catálogo dos fondos cinematográficos nos Arquivos Públicos Galegos* (1990), ao que sumamos contribucións posteriores e colaboracións sobre arquitectura cinematográfica incluídas na revista *Vértigo*, dirixida polo profesor José Luis de Castro.

HUESO MARTÍN, Ángel Luis (dir.). *Catálogo dos fondos cinematográficos nos Arquivos públicos galegos* / colaboradores: Rita Martín Sánchez, Aurora Vázquez Aneiros, José Luis Castro de Paz. [A Coruña]: Consello da Cultura Galega. Comisión do Patrimonio Histórico, D.L. 1990. Recensionado por LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *Bol. de Anabad*, Madrid, XLI, 1 (xaneiro-marzo 1991) 150-151. LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. "Cine y Arquitectura, 1: La Terraza". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 2 (marzo 1992) 53; "Cine y Arquitectura, 2: Cine-Teatro Colón". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 3-4 (xuño - setembro 1992) 80-81; "Cine y Arquitectura, 3: Cine Goya". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 5-6 (decembro 1992 - marzo 1993) 81; "Cine y Arquitectura, 4: Cine Santa Margarita, luego llamado Rex". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 7 (xuño 1993) 57; "Cine y Arquitectura, 5: Cine Finisterre". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 8-9 (decembro 1993) 78; "Cine y Arquitectura, 5 (sic): Cine Lux". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 10 (xuño 1994) 80; "Cine y Arquitectura. 6: Cine Pereiro". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 11 (marzo 1995) 80; "Cine y Arquitectura, 7: Pantalla para proyección en la Calle Real (Hotel Ferrocarrilana, A Coruña)". *Vértigo. Revista de Cine*, A Coruña, 12 (decembro 1995), 80.



Madrid [Vista dun laboratorio. Frascos, tubaxes e billas] Data: 06/1906
Estereos, 1 negat. fotográfico: vidro, b/n ARG. Colección fotográfica.
Familia Pedrosa. Sig. 0074

2º. Os historiadores da ciencia e da tecnoloxía

Ao falar de ciencia cómpre referirse á **Ilustración**; e no caso de Galicia, a Cornide, cuxos “papeis” xa indicamos que se custodian no ARG, e cuxa *Historia de los peces* foi estudiada por Chao Espina¹²⁰.

Non é allea a presenza do ARG na **historia da medicina**: prodúcese a través dos numerosos artigos de Parrilla, Bouza-Brey, García Oro ou Rey Escariz sobre os hospitais galegos, en especial os da Coruña, e xeralmente sobre a súa evolución histórica; con todo, non se chegou a xerar un traballo da importancia da tese de Delfín García Guerra sobre o Hospital Real de Santiago. A incorporación de novas fontes contemporáneas ampliou significativamente as posibilidades de investigación, como sinalabamos antes. Fausto Galdo e González Guitián traballaron sobre os hospitais da Coruña, en especial sobre o Sanatorio Marítimo Nacional de Oza e sobre o lazareto do mesmo nome, mentres que Luciano Vidán realiza a súa tese *Epidemiología de la tuberculosis osteoarticular* coas mesmas fontes. As historias clínicas do dito sanatorio estaban a servir para a elaboración da tese da médica Susana Rabanal, dirixida por Avelino Franco Grande, da que non nos consta lectura.

BARREIRO BARREIRO Piedad. “Relación de peregrinos que recibieron asistencia en el Hospital del Buen Suceso de La Coruña desde 1696 a 1800”. *Compostellanum*, vol. XI, n. 4 (1966) 561-590.- BÓO PITA, Pedro. “Fundación del hospital Sancti Spiritus de Monforte”. *Bol. Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. IV, n. 36 (1951) 268-273.- BOUZA-BREY, Fermín. “Las Bulas del Gran Hospital de Santiago impresas en los ss. XVII y XVIII”. *Compostellanum*. Santiago, 1 (1956) 449-68; “Viejos Hospitalillos de Villagarcía, El Carril y Cortegada”. *El Museo de Pontevedra*, II (1943) 68-80.- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz “El Sanatorio Marítimo de Oza. Estudio de siete fondos documentales” / Beatriz Díaz Vázquez, Luis Martínez García, Cristina Sánchez Quinteiro. *Bol. de la Anabad*, XLI, 1 (1991) 7-19.- GARCÍA GUERRA, Delfín. *El Hospital Real de Santiago de Compostela en el siglo XVIII* / Tese doutoral. Director Delfín Laín Entralgo. Curso 1976-77: UCM. Facultade de Medicina. Publicado: A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1983.- GARCÍA ORO, José. “Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI”. *Anuario Brigantino*. Betanzos, n. 8 (1988) 17-20; “Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI (II): provisiones reales”. *Anuario Brigantino*, 12 (1989) 11-16.- GONZÁLEZ GUITIÁN, Carlos. “El pabellón quirúrgico del Sanatorio Marítimo de Oza” / Carlos González Guitián, Fausto Galdo Fernández. *Simposio de Historia e Ensino das Ciencias* (Vigo, 13-16 septiembre 1995). Actas / Xosé Fraga, ed. Sada: Edic. do Castro, 1997, pp. 259-264.- “El título de enfermera del Sanatorio Marítimo de Oza (La Coruña) en 1915” / Carlos González Guitián, Mª José Pichel Guerrero, Amelia Prieto Díaz. Comunicación ás II Jornadas de Documentación Científica y Cuidados de Salud. Granada, 2-4 novembro 1995. Resumo publicado na revista *Index de Enfermería*, vol. 4, 12-13 (1995) p. 99.- GONZÁLEZ GUITIÁN, Carlos. “Historia de los Hospitales de la ciudad de La Coruña. Antecedentes [1]”. *As Xubias*, 3 (1993a) 13; “Historia de los Hospitales de la ciudad de La Coruña. [2]. Hospital de la Caridad”. *As Xubias*, 4 (1993b) 11; “La vacuna de la Viruela: Vicente Antonio Posse Roibanes y Xavier Balmis y Berenguer”. *As Xubias*, 5 (1993c) 11; “Historia de los Hospitales de la ciudad de La Coruña: [IV]. El lazareto de La Coruña”. *As Xubias*, 6 (1994) 13; “Desenvolvemento e evolución do Lazareto Marítimo de A Coruña”. *Ingenium: Caderno de Historia das Ciencias e das Técnicas do Grupo Interdisciplinar de Trabajo R.M. Aller*. Sada, 5 (1996), 81-93; *A Coruña en la Historia de la Viruela* / Carlos

120 CHAO ESPINA, Enrique. “Introducción a la Historia de los peces de Cornide”. RIJCEC. A Coruña, 5-6 (1969-1970) 5-23.

González Gutián, Fausto Galdo Fernández. A Coruña: Vía Láctea, 1996; “Los hospitales en la ciudad de A Coruña”. *Chorima*, n.º 10 (maio 1995) 9-11.- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. *La beneficencia en Betanzos en los siglos XVI, XVII y XVIII*. La Coruña: Imp. José Miguez, 1888.- PARRILLA HERMIDA, Miguel. “Apuntes para la historia de la medicina gallega. Médicos titulares de La Coruña en el siglo XVII”. *Rev. Médica*, IV, 5 (mayo 1974) 9-15; “Apuntes históricos sobre la hospitalización castrense en La Coruña. Historia de su Hospital militar”. *Archivo Iberoamericano de la Medicina y Antropología Médica* (agora Asclepio), vol. XVI (1973) 179-252; “Apuntes históricos sobre la sanidad de La Coruña. La epidemia de cólera de 1710”. *Galicia Clínica*, nº 9, 1 (xaneiro 1974) 32-45; “Apuntes históricos sobre la sanidad de La Coruña. La epidemia de cólera en 1854”. *Galicia Clínica*, nº 9, 5 (maio 1974) 481-493; “Historia del Hospital Militar de La Coruña (un documento y un plano)”. *CEG*, t. 9, 37 (1954) 91-124; “Un caso de intrusismo en el siglo XVIII. Ribadavia y sus médicos”. *CEG*, 39 (1958) 43-57; “Un hospital militar en 1716”. *Medicina e Historia. Revista de estudios histórico-informativos de la Medicina*, 2ª época, 15 (xullo 1972) 7-26.- REY ESCARIZ, Antonio. “Situación del Hospital de los Ángeles de La Coruña”. *BRAG*, n.º 243 (1932) 49-51; “Hospitales de la gente de mar en La Coruña”. *BRAG*, n.º 20 (1908) 170-174.

Enxeñeiros, arquitectos, urbanistas e xeógrafos utilizaron tamén o ARG con proveito. A evolución das cidades, as comunicacóns terrestres, marítimas e aéreas, especialmente camiños e pontes, mais o estudo do territorio, poden e deben ter apoio documental, especialmente cartográfico, como demostraron Urgorri, “Puentes y Caminos en la provincia de La Coruña” (1969-1970); González Cebrián, *La ciudad a través de sus planos* (1984); García-Fuentes, *El camino de acceso a Galicia en el siglo XVIII* (1987); Nardiz Ortiz, *El territorio y los caminos en Galicia* (1992); Lorenzo Martínez, coa súa *Cartografía de Galicia* (1989) nas conmemoracións dedicadas a Fontán; e Méndez Martínez, *Cartografía antigua de Galicia* (1994). A explotación da magnífica colección de mapas, planos e debuxos de arquitectura do ARG, integrada pola de orixe orgánica e as adquiridas a Carlos Martínez-Barbeito e a Ricardo Martínez Longueira, está a ser notabilísima en resultados.

ESCRIGAS, Guillermo. *Ferrol en la aviación*. Ferrol: Club de Prensa de Ferrol, 1998.- GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, Manuel. *La red viaria gallega: 1750-1850*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1990. Tese doutoral; *El Camino de acceso a Galicia en el siglo XVIII*. La Coruña: Diputación Provincial, 1987.- GONZÁLEZ CEBRIÁN, J. *La ciudad a través de su plano: La Coruña*. A Coruña: Concello, 1984.- LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *Cartografía de Galicia. 1522-1900* / Ramón Lorenzo Martínez y Rosalía González Sáez. Madrid: Instituto Geográfico Nacional, 1989.- MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo. *Cartografía antigua de Galicia*. Pontevedra: Diputación de Pontevedra, Servicio de Publicaciones, 1994; *La documentación cartográfica sobre Galicia existente en sus archivos. Catalogación y análisis geográfico hasta 1900*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1993. Tese doutoral dirixida por María Pilar de Torres Luna .- NÁRDIZ ORTIZ, Carlos. *El territorio y los caminos en Galicia. Planos históricos de la red viaria* / Prólogo de José Antonio Fernández Ordóñez. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. Xunta de Galicia, 1992; *Cartografía histórica de los Caminos de Santiago en la provincia de A Coruña* / Carlos Nárdiz Ortiz, Francisco Alberto Varela García , Juan Creus Andrade . A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1999; *El abastecimiento de agua a La Coruña : el papel del servicio de aguas en la construcción de la ciudad* / Carlos Nárdiz Ortiz, Carlos Valeiro Solsona . Universidade da Coruña, 2001.- URGORRI CASADO, Fernando. “Puentes y caminos en la provincia de La Coruña”. *RIJCEC*. La Coruña, 5-6 (1969-1970) 199-246.

3º. Os historiadores do dereito e da Administración

Xa indicamos anteriormente algúns dos estudos sobre dereito e sobre xuristas galegos dunha certa antigüidade: entre os autores citabamos a Carlos Martínez-Barbeito, a quen debemos un traballo sobre o auto galego que constitúe unha análise pormenorizada do tratado de Herbella de Puga e dos usos xurídicos da Real Audiencia de Galicia¹²¹, en 1984. Creada a Facultade de Dereito no Campus da Coruña, algúns dos seus profesores tamén utilizaron fondos do ARG con profusión. Lembramos a Emma Montanos¹²² e a Pedro Ortego¹²³ en relación cos fondos da Real Audiencia, de cuxas investigacións comezan a agrumar froitos.

BOUZADA GIL, María Teresa. *La Vía de la fuerza, la práctica en la Real Audiencia del Reino de Galicia (siglos XVII-XVIII)*. Tese doutoral dirixida por Pedro Ortego Gil . Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 2000.- CEBREIROS-ÁLVAREZ, Eduardo. *El municipio de Santiago de Compostela a finales del antiguo régimen (1759-1812)*. Tese doutoral dirixida por Emma Montanos Ferrín (dir. tes.). Universidade da Coruña, 1997.- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Faustino. *Vías jurídicas para el aprovechamiento de los patrimonios señoriales, de la enfiteusis al foro, los foros urbanos en la ciudad de Santiago de Compostela (siglos XVI-XVIII)*. Tese doutoral dirixida por Pedro Ortego Gil. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 2001.- MONTANOS FERRIN, Emma. “El ius comune en los albores de la ‘codificación’ en el Reino de Galicia: fundamento de su literatura jurídico-doctrinal: su mantenimiento en los Planes de estudio de la Facultad de Leyes Compostelana y su aplicación en la Real Audiencia”. *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, n. 1 (1997) 387-400.- ORTEGO GIL, Pedro. “El parricidio en la práctica de la Audiencia de Galicia”. *Dereito*, vol. 5, 1 (1996) 245-273; “Apercibimientos penales en la práctica criminal de la Real Audiencia de Galicia”. *Cuadernos de Historia del Derecho*, 3 (1996) 11-42, e sobre “Hurtos sacrílegos y práctica judicial gallega: siglos XVI a XVIII”. *Estudios penales y criminológicos*, 21 (1998) 239-304; “La aplicación de la pena de muerte en el Reino de Galicia durante la Edad Moderna ”. *Obradoiro de historia moderna*, n. 9 (2000) 143-170.

